

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**14803** REAL DECRETO 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación. («BOE» 210, do 2-9-2005.)

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, introduciu o concepto de «aplicación dos tributos» na regulación do sistema tributario, concepto amplo que engloba todas as actividades administrativas dirixidas á información e asistencia aos obrigados tributarios, a xestión, inspección e recadación e as actuacións dos obrigados no exercicio dos seus dereitos ou no cumprimento das súas obrigas. O título III da lei, dedicado á aplicación dos tributos, regula os procedementos de xestión, inspección e recadación. Por iso, contén unha parte común que inclúe os principios xerais e as normas comúns aplicables a todos os procedementos tributarios e unha parte especial onde se regulan as especialidades dos procedementos de xestión, inspección e recadación. O artigo 97 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ao establecer o sistema de prelación de normas que se debe aplicar nas actuacións e procedementos tributarios, sinala a prelación da norma especial, tanto legal como regulamentaria, respecto da xeral e a supletoriedade das disposicións xerais sobre os procedementos administrativos.

De acordo coas anteditas premisas, o Regulamento xeral de recadación aprobado por este real decreto vai regular a materia específica do procedemento de recadación, sen prexuízo da aplicación directa ao devandito procedemento dos preceptos regulamentarios ditados en desenvolvemento das normas comúns sobre procedementos tributarios contidas no título III da lei, polo seu carácter especial respecto das normas xerais de dereito administrativo.

Por outro lado, o Regulamento xeral de recadación ten, desde o punto de vista material, un ámbito de aplicación máis amplo ca o contido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, posto que non se circunscribe ao cobramento das débedas e sancións tributarias, senón tamén ao dos demais recursos de natureza pública, tal e como ocorría co regulamento ata o de agora vixente.

Desde un punto de vista subxectivo, o Regulamento xeral de recadación non afecta só o ámbito do Estado, senón que tamén o aplicarán outras administracións tributarias en virtude do establecido no artigo 1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### II

A nova Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, inclúe unha nova sistemática das normas reguladoras da xestión recadatoria, incorporando algúns preceptos de especial relevancia contidos no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro. Esta nova sistemática fixo necesario que a

revisión do citado regulamento cumpra o obxectivo de conseguir un texto que conteña os cambios introducidos no ámbito da recadación, omita os preceptos que foron incluídos no texto legal e regule as cuestións necesarias para levar a cabo unha adecuada xestión recadatoria dos recursos e ingresos de natureza pública, adaptándoa á novas tecnoloxías.

No novo regulamento efectuáronse algúns cambios na estrutura respecto ao regulamento derogado con vistas a mellorar a sistemática dos seus preceptos e a adaptalo á nova Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### III

No título I, «Disposicións xerais», inclúense dous capítulos, un dedicado á xestión recadatoria e outro dedicado aos ingresos derivados da xestión recadatoria.

O capítulo I inclúe pola súa vez catro seccións. Na sección 1.<sup>a</sup> defínese o ámbito de aplicación do regulamento e o concepto de xestión recadatoria, cuestións de especial importancia desde un punto de vista material e subxectivo como se sinalou anteriormente.

A sección 2.<sup>a</sup> establece regras para a recadación dos recursos de natureza pública polas distintas administracións e nelaponse de manifesto o primeiro dos cambios de estrutura no novo regulamento, xa que na devandita sección se inclúe non só a regulación da Facenda pública estatal, autonómica e local, senón tamén as normas relativas aos organismos autónomos do Estado e as normas sobre recadación de recursos doutras administracións públicas estranxeiras e entidades supranacionais que no anterior regulamento se recollían na parte final do texto. Respecto aos órganos de recadación, o texto do regulamento evitou nesta sección, e no resto do articulado, a mención a órganos concretos, para poñer o acento na función e non no órgano que a realiza e conseguir, desta forma, unha maior flexibilidade fronte a futuros cambios de organización. Débese ter en conta, ademais, que o regulamento se aplica a distintas administracións tributarias, e que estas teñen facultades de organización autónomas que desenvolven en normas de diferente rango.

A sección 3.<sup>a</sup> está dedicada ás entidades que prestan o servizo de caixa e ás entidades colaboradoras na xestión recadatoria, e a sección 4.<sup>a</sup> inclúe un único artigo dedicado ás facultades, á obtención de información e á adopción de medidas cautelares realizadas polos funcionarios que desenvolvan funcións de recadación. Este artigo limítase a efectuar unha remisión aos artigos da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que atribúen as devanditas facultades e funcións, e á súa normativa de desenvolvemento, precisamente por se tratar de normas comúns a outras funcións e procedementos de aplicación dos tributos.

O capítulo II, dedicado aos ingresos da xestión recadatoria, pon de manifesto o segundo dos cambios importantes na estrutura do novo regulamento respecto do anterior, xa que se incluíu neste título I todo o relativo aos ingresos nos distintos órganos de recadación de forma directa ou a través de entidades colaboradoras ou que presten o servizo de caixa, regulación que antes se incluíu nas normas reguladoras do procedemento de recadación

en período voluntario, mentres que nas normas relativas á recadación en período executivo se efectuaba unha mera remisión ás primeiras citadas. Ao se tratar de normas xerais e comúns aplicables á recadación en ambos os períodos, considerouse oportuno incluílas conxuntamente no título I do regulamento. Polas mesmas razóns, incluíuse unha sección 3.<sup>a</sup> dedicada a regular os ingresos nas contas do Tesouro xa que se trata de normas que teñen tamén alcance xeral e supoñen o peche de toda a xestión recadatoria, na medida en que regulan o ingreso definitivo de todas as cantidades recadadas a través de distintos suxeitos e derivadas dos distintos procedementos no Tesouro público.

#### IV

O título II do regulamento dedícase á débeda e divídese pola súa vez en dous capítulos, un dedicado á extinción da débeda e outro dedicado ás garantías da débeda. No relativo á extinción da débeda regúlase de forma detallada o pagamento en efectivo, mediante efectos timbrados e en especie. Na regulación do pagamento das débedas en efectivo incorpórase a regulación prevista en diferentes ordes ministeriais para evitar a dispersión normativa nesta materia. En canto ao pagamento mediante efectos timbrados, revísase a lista de efectos e establécese unha cláusula de peche para atribuír a condición de efectos timbrados a aqueles que poidan ser aprobados por orde do ministro de Economía e Facenda. No que se refire ao pagamento en especie establécense os efectos da presentación da solicitude en función de que esta se presente en período voluntario ou en período executivo de ingreso, a emenda dos defectos da solicitude e os efectos da aceptación, da denegación e da falta de posta á disposición dos bens. Por outra parte describíense as actuacións que se realizarán no suposto de tributos incompatibles, nas cales se pon o acento na protección da persoa ou entidade que se poida ver prexudicada pola dobre liquidación administrativa, á vez que se regula a canle de coordinación entre as administracións públicas implicadas.

No que se refire á posibilidade de aprazar ou fraccionar o pagamento das débedas, desenvólvese o previsto nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Inclúense regras de inadmisión das solicitudes e, para o caso de admisión, regúlase de forma detallada os efectos da falta de emenda dos requisitos da garantía e da inatención do requirimento, da denegación do aprazamento ou fraccionamento e, en caso de que se concedese, da falta de formalización da garantía e da falta de pagamento nos prazos outorgados. Finalmente, desenvólvese o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de garantías en aprazamentos e fraccionamentos, en particular, o referente á adopción de medidas cautelares en substitución de garantías. Tamén se regula o reembolso do custo das garantías prestadas para o aprazamento ou fraccionamento dunha débeda declarada improcedente.

En materia de compensacións, sinálanse os efectos da inatención aos requirimentos de emenda e da denegación de forma similar ao establecido para os aprazamentos e fraccionamentos. Tamén se matiza que o acordo de compensación é declarativo como así o establece o artigo 72.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Na sección dedicada a outras formas de extinción da débeda, inclúese, igual ca na lei, a extinción de débedas das entidades de dereito público mediante deducións sobre transferencias, que non é unha forma de compensación senón un suposto específico de extinción de débedas.

A última sección deste capítulo regula a baixa provisional por insolvencia onde se definen os conceptos de debedor falido e de crédito incobrable.

O capítulo II inclúe as normas relativas ás garantías da débeda que, tamén con vistas á súa adaptación á estrutura da lei, se incluíron no capítulo de peche deste título en vez de incluílas entre as normas sobre o pagamento da débeda como no anterior regulamento. A principal novidade radica en que se establece expresamente que o exercicio do dereito de afección se realizará de acordo coas normas do procedemento para declarar a responsabilidade subsidiaria ao ter configurado a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o adquirente do ben afecto como responsable subsidiario.

#### V

O título III, «Recadación en período voluntario e en período executivo», divídese en dous capítulos. O capítulo I recolle as disposicións xerais e nel sinálase a iniciación e terminación dos períodos voluntario e executivo de pagamento. Así mesmo, recóllese con finalidade didáctica a diferenza entre período executivo e procedemento de constrinximento, ao se establecer que, unha vez comezado o período executivo, se iniciará o procedemento de constrinximento mediante a notificación da providencia de constrinximento.

O capítulo II regula o antedito procedemento de constrinximento e divídese, pola súa vez, en cinco seccións dedicadas, respectivamente, ao inicio, desenvolvemento, terminación do procedemento de constrinximento, ás terzarias e á comparecencia da Facenda pública noutros procedementos de execución.

A sección 1.<sup>a</sup>, relativa ao inicio do procedemento de constrinximento, distingue entre a providencia de constrinximento e a súa notificación. Respecto á providencia de constrinximento, acto da Administración que ordena a execución contra o patrimonio do obrigado ao pagamento, enúncianse as mencións que necesariamente debe conter e indícase quen é o órgano competente para ditala.

A sección 2.<sup>a</sup>, dedicada ao desenvolvemento do procedemento de constrinximento, inclúe un artigo relativo á suspensión do procedemento, ben que se limita a facer unha remisión á regulación prevista na normativa dos recursos e reclamacións económico-administrativas. Tamén se conteñen nesta sección as regras xerais para a práctica dos embargos e os artigos que regulan cada un dos seus tipos, coa inclusión de normas especiais e a regulación do depósito de bens embargados.

A subsección 5.<sup>a</sup> refírese ao alleamento dos bens embargados. Introducíronse unha serie de novidades co obxecto de axilizar o procedemento, adaptalo ás novas tecnoloxías electrónicas, informáticas e telemáticas e mellorar a concorrenza na venda dos bens embargados. O tipo inicial de poxa mantense no importe da valoración, salvo que existan cargas, e, tras aclarar o concepto de acordo de alleamento, establécense algunhas regras novas en materia de notificación do devandito acordo, elimínase o límite temporal para o exame dos bens obxecto de poxa e introdúcense novidades en canto á constitución do depósito e o pagamento do prezo, xa que, aínda que se segue establecendo nun 20 por cento, existe a posibilidade de reduci-lo a un 10 por cento. A norma prevé a posibilidade de efectuar poxas en sobre cerrado, de forma automática, persoais e de forma telemática, establecendo as regras de preferencia entre elas. Ademais, prevese que, cando a participación na poxa se leve a cabo en virtude da colaboración social, se poida ceder o remate a un terceiro.

A sección 3.<sup>a</sup> completa o establecido na lei respecto á terminación do procedemento de constrinximento. A sección 4.<sup>a</sup> regula todo o relativo á reclamación previa de terzaría en vía administrativa que permite o exercicio da acción de terzaría ante os xulgados e tribunais de xustiza. Por último, a sección 5.<sup>a</sup> regula as actuacións da Adminis-

tración tributaria en caso de concorrencia de procedementos de execución.

## VI

O título IV, «Procedemento fronte a responsables e sucesores», contén dous capítulos. Dentro do capítulo I, «Responsables», desenvólvense en primeiro lugar determinadas cuestións en relación coa declaración de responsabilidade; en segundo lugar, desenvólvense os artigos 42 e 175 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no que se refire á certificación por adquisición de actividades ou explotacións económicas, onde se detallan os efectos que derivan do contido da devandita certificación e da omisión da súa solicitude; en terceiro e último lugar, regúlase o certificado específico de exención de responsabilidade previsto no artigo 43.1.f) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, expedido por instancia dos contratistas ou subcontratistas de obras e servizos.

O capítulo II, relativo aos sucesores, detalla as actuacións que se deben realizar para lle exixir a débeda ao sucesor en función do momento en que se producise o falecemento da persoa física ou a extinción da personalidade ou a disolución da entidade ou persoa xurídica.

## VII

Finalmente, no título V, «Disposicións especiais», inclúese un único artigo para regular a exacción da responsabilidade civil por delito contra a Facenda pública.

O regulamento inclúe, ademais, catro disposicións adicionais: a primeira, para facer referencia aos órganos das comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e das entidades locais; a segunda, para regular as relacións entre a Administración tributaria e a Seguridade Social en procesos concursais; a terceira, en materia de asistencia mutua e a cuarta, para fixar o prazo de aprobación da norma de organización específica no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria; contén, ademais, tres disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

## VIII

Pola súa parte, o real decreto que se aproba inclúe, ademais do artigo único polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira pola que se establece a súa entrada en vigor.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

## DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento xeral de recadación.*

Apróbase o Regulamento xeral de recadación, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados:

- O Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.
- As disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

## REGULAMENTO XERAL DE RECADACIÓN

### ÍNDICE

Título I. Disposicións xerais.

Capítulo I. A xestión recadatoria.

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

Artigo 2. Concepto de xestión recadatoria.

Sección 2.<sup>a</sup> Recadación de recursos de natureza pública polas distintas administracións.

Subsección 1.<sup>a</sup> Recadación pola Facenda pública estatal e polas entidades de dereito público estatais.

Artigo 3. Recadación da Facenda pública estatal e das entidades de dereito público estatais.

Artigo 4. Especialidades da recadación dos organismos autónomos do Estado.

Artigo 5. Recadación de recursos doutras administracións públicas nacionais, estranxeiras ou entidades internacionais ou supranacionais.

Artigo 6. Órganos de recadación do Estado.

Subsección 2.<sup>a</sup> Recadación da Facenda pública das comunidades autónomas e dos seus organismos autónomos.

Artigo 7. Recadación da Facenda pública das comunidades autónomas e dos seus organismos autónomos.

Subsección 3.<sup>a</sup> Recadación da Facenda pública das entidades locais e dos seus organismos autónomos.

Artigo 8. Recadación da Facenda pública das entidades locais e dos seus organismos autónomos.

Sección 3.<sup>a</sup> Entidades que presten o servizo de caixa e entidades colaboradoras na xestión recadatoria.

Artigo 9. Entidades que presten o servizo de caixa e entidades colaboradoras na xestión recadatoria.

Sección 4.<sup>a</sup> Obtención de información, facultades e adopción de medidas cautelares na xestión recadatoria.

Artigo 10. Facultades dos órganos de recadación.

Capítulo II. Ingresos da xestión recadatoria.

Artigo 11. Ingresos da xestión recadatoria.

Sección 1.<sup>a</sup> Ingresos da xestión recadatoria en período voluntario e período executivo.

Artigo 12. Lugar de realización dos ingresos.

Subsección 1.<sup>a</sup> Ingresos na Tesouraría da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Artigo 13. Ingresos na Tesouraría da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Subsección 2.<sup>a</sup> Ingresos a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa.

Artigo 14. Entidades de crédito que presten o servizo de caixa.

Artigo 15. Ingresos a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa.

Artigo 16. Procedemento de ingreso a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa.

Subsección 3.<sup>a</sup> Ingresos a través de entidades colaboradoras na recadación.

Artigo 17. Entidades colaboradoras na recadación.

Artigo 18. Ingresos a través de entidades colaboradoras na recadación.

Artigo 19. Procedemento de ingreso a través de entidades colaboradoras na recadación.

Subsección 4.<sup>a</sup> Ingresos nas aduanas.

Artigo 20. Ingresos nas aduanas.

Subsección 5.<sup>a</sup> Ingresos en contas restrinxidas abertas en entidades de crédito e en caixas de órganos xestores.

Artigo 21. Ingresos en contas restrinxidas e en caixas de órganos xestores.

Subsección 6.<sup>a</sup> Especialidades do ingreso de débedas recadadas por organismos autónomos.

Artigo 22. Ingresos en organismos autónomos.

Sección 2.<sup>a</sup> Recadación de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva.

Artigo 23. Modalidades de cobramento.

Artigo 24. Anuncios de cobranza.

Artigo 25. Ingresos de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva.

Sección 3.<sup>a</sup> Ingresos no Tesouro das cantidades obtidas na xestión recadatoria.

Artigo 26. Disposicións xerais sobre ingresos nas contas do Tesouro.

Artigo 27. Ingresos da Caixa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Artigo 28. Ingresos das entidades que presten o servizo de caixa.

Artigo 29. Ingresos das entidades colaboradoras.

Artigo 30. Ingresos das aduanas.

Artigo 31. Outros ingresos nas contas do Tesouro no Banco de España.

Título II. A débeda.

Capítulo I. Extinción da débeda.

Artigo 32. Formas de extinción da débeda.

Sección 1.<sup>a</sup> Pagamento.

Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais.

Artigo 33. Lexitimación, lugar de pagamento e forma de pagamento.

Artigo 34. Medios e momento do pagamento en efectivo.

Artigo 35. Pagamento mediante cheque.

Artigo 36. Pagamento mediante tarxeta de crédito e débito.

Artigo 37. Pagamento mediante transferencia bancaria.

Artigo 38. Pagamento mediante domiciliación bancaria.

Artigo 39. Pagamento mediante efectos timbrados.

Artigo 40. Pagamento en especie.

Artigo 41. Xustificantes e certificacións do pagamento.

Artigo 42. Actuacións que se realizarán no suposto de tributos incompatibles.

Artigo 43. Consignación.

Subsección 2.<sup>a</sup> Aprazamento e fraccionamento.

Artigo 44. Aprazamento e fraccionamento do pagamento.

Artigo 45. Competencia en materia de aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 46. Solicitudes de aprazamento e fraccionamento.

Artigo 47. Inadmisión de solicitudes de aprazamento e fraccionamento.

Artigo 48. Garantías en aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 49. Adopción de medidas cautelares no ámbito dos aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 50. Dispensa de garantías en aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 51. Tramitación de solicitudes de aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 52. Resolución de solicitudes de aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 53. Cálculo de xuros en aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 54. Actuacións en caso de falta de pagamento en aprazamentos e fraccionamentos.

Sección 2.<sup>a</sup> Outras formas de extinción.

Artigo 55. Débedas compensables.

Artigo 56. Compensación por instancia do obrigado ao pagamento.

Artigo 57. Compensación de oficio de débedas de entidades públicas.

Artigo 58. Compensación de oficio de débedas doutros acredores á Facenda pública.

Artigo 59. Efectos da compensación.

Artigo 60. Extinción de débedas das entidades de dereito público mediante deducións sobre transferencias.

Sección 3.<sup>a</sup> Baixa provisional por insolvencia.

Artigo 61. Concepto de debedor falido e de crédito incobrable.

Artigo 62. Efectos da baixa provisional por insolvencia.

Artigo 63. Revisión de falidos e rehabilitación de créditos incobrables.

Capítulo II. Garantías da débeda.

Artigo 64. Dereito de prelación.

Artigo 65. Hipoteca legal tácita.

Artigo 66. Outras hipotecas e dereitos reais en garantía dos créditos da Facenda pública.

Artigo 67. Afección e retención de bens.

Título III. Recadación en período voluntario e en período executivo

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 68. Iniciación e terminación da recadación en período voluntario.

Artigo 69. Recadación en período executivo.

Capítulo II. Procedemento de constrinximento.

Sección 1.<sup>a</sup> Inicio do procedemento de constrinximento.

Artigo 70. Providencia de constrinximento.

Artigo 71. Notificación da providencia de constrinximento.

Sección 2.<sup>a</sup> Desenvolvemento do procedemento de constrinximento.

Subsección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.

Artigo 72. Xuro de demora do período executivo.

Artigo 73. Suspensión do procedemento de constrinximento.

Subsección 2.<sup>a</sup> Execución de garantías.

Artigo 74. Execución de garantías.

Subsección 3.<sup>a</sup> Normas sobre embargos.

Artigo 75. Dilixencias de embargo.

Artigo 76. Práctica dos embargos.

Artigo 77. Concorrenza de embargos.

Artigo 78. Embargo de diñeiro en efectivo.

Artigo 79. Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito.

Artigo 80. Embargo de valores.

Artigo 81. Embargo doutros créditos, efectos e dereitos realizables no acto ou a curto prazo.

Artigo 82. Embargo de soldos, salarios e pensións.

Artigo 83. Embargos de bens inmoables e de dereitos sobre estes.

Artigo 84. Anotación preventiva no Rexistro da Propiedade dos embargos de bens inmoables e de dereitos sobre estes.

Artigo 85. Requisitos dos mandamentos para a anotación preventiva dos embargos de bens inmoables e de dereitos sobre estes.

Artigo 86. Presentación dos mandamentos no Rexistro da Propiedade.

Artigo 87. Incidencias nas anotacións preventivas de embargo no Rexistro da Propiedade.

Artigo 88. Contestacións dos rexistradores.

Artigo 89. Embargo de xuros, rendas e froitos de toda especie.

Artigo 90. Embargo de establecementos mercantís e industriais.

Artigo 91. Embargo de metais preciosos, pedras finas, xoiería, ourivaría, antigüidades e outros obxectos de valor histórico ou artístico.

Artigo 92. Embargo dos restantes bens mobles e semoventes.

Artigo 93. Embargo de créditos, efectos, valores e dereitos realizables a longo prazo.

Subsección 4.<sup>a</sup> Normas sobre depósito dos bens embargados.

Artigo 94. Depósito de bens embargados.

Artigo 95. Funcións do depositario.

Artigo 96. Dereitos, deberes e responsabilidade do depositario de bens embargados.

Subsección 5.<sup>a</sup> Alleamento dos bens embargados.

Artigo 97. Valoración e fixación do tipo.

Artigo 98. Títulos de propiedade.

Artigo 99. Formación de lotes e orde para o seu alleamento.

Artigo 100. Formas de alleamento.

Artigo 101. Acordo de alleamento e anuncio da poxa.

Artigo 102. Poxas de bens agrupados e simultáneas.

Artigo 103. Licitadores.

Artigo 104. Desenvolvemento da poxa.

Artigo 105. Poxas a través de empresas ou profesionais especializados.

Artigo 106. Alleamento por concurso.

Artigo 107. Alleamento mediante adxudicación directa.

Subsección 6.<sup>a</sup> Adxudicación de bens e dereitos á Facenda pública.

Artigo 108. Competencia.

Artigo 109. Adxudicación de bens e dereitos.

Artigo 110. Inscrición e cancelación de cargas.

Subsección 7.<sup>a</sup> Actuacións posteriores ao alleamento.

Artigo 111. Escritura pública de venda e cancelación de cargas.

Artigo 112. Levantamento do embargo.

Subsección 8.<sup>a</sup> Custas do procedemento de constrinximento.

Artigo 113. Custas do procedemento de constrinximento.

Artigo 114. Honorarios e gastos de depósito e administración.

Artigo 115. Liquidación das custas.

Sección 3.<sup>a</sup> Terminación do procedemento de constrinximento.

Artigo 116. Terminación do procedemento de constrinximento.

Sección 4.<sup>a</sup> Terzarías.

Artigo 117. Carácter da terzaría.

Artigo 118. Competencias en materia de terzarías.

Artigo 119. Forma, prazos e efectos da interposición da terzaría.

Artigo 120. Tramitación e resolución da terzaría.

Artigo 121. Efectos da estimación da reclamación de terzaría.

Artigo 122. Terzarías a favor da Facenda pública.

Sección 5.<sup>a</sup> Actuacións da Facenda pública en procedementos concursais e noutros procedementos de execución.

Artigo 123. Actuacións da Facenda pública en procedementos concursais e noutros procedementos de execución.

Título IV. Procedemento fronte a responsables e sucesores.

Capítulo I. Responsables.

Artigo 124. Declaración de responsabilidade.

Artigo 125. Certificación por adquisición de explotacións ou actividades económicas.

Artigo 126. Certificado expedido por instancia dos contratistas ou subcontratistas de obras e servizos.

Capítulo II. Sucesores.

Artigo 127. Procedemento de recadación fronte aos sucesores.

Título V. Disposicións especiais.

Artigo 128. Exacción da responsabilidade civil por delito contra a Facenda pública.

Disposición adicional primeira. Órganos equivalentes das comunidades autónomas, cidades con Estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.

Disposición adicional segunda. Criterios de coordinación da Axencia Estatal de Administración Tributaria coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social en procesos concursais.

Disposición adicional terceira. Asistencia mutua en materia de recadación.

Disposición adicional cuarta. Norma de organización específica.

Disposición transitoria primeira. Dereitos de traspaso.

Disposición transitoria segunda. Obtención de información, facultades e adopción de medidas cautelares na xestión recadatoria.

Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio do Regulamento xeral de recadación.

Disposición derradeira única. Habilitación normativa.

## TÍTULO I

## Disposicións xerais

## CAPÍTULO I

## A xestión recadatoria

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓN XERAISArtigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento regula a xestión recadatoria dos recursos de natureza pública en desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e das demais leis que establezan aqueles.

2. Este regulamento será de aplicación nos termos previstos no artigo 1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 2. *Concepto de xestión recadatoria.*

A xestión recadatoria da Facenda pública consiste no exercicio da función administrativa conducente ao cobramento das débedas e sancións tributarias e demais recursos de natureza pública que deban satisfacer os obrigados ao pagamento.

Para os efectos deste regulamento, todos os créditos de natureza pública a que se refire este artigo se denominarán débedas. Consideraranse obrigadas ao pagamento aquelas persoas ou entidades ás cales a Facenda pública lles exige o ingreso da totalidade ou parte dunha débeda.

A xestión recadatoria poderase realizar en período voluntario ou en período executivo. O cobramento en período executivo dos recursos a que se refire o parágrafo anterior efectuarase polo procedemento de constrinximento regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e neste regulamento.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> RECADACIÓN DE RECURSOS DE NATUREZA PÚBLICA  
POLAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS*Subsección 1.<sup>a</sup> Recadación pola Facenda pública estatal e polas entidades de dereito público estatais*Artigo 3. *Recadación da Facenda pública estatal e das entidades de dereito público estatais.*

1. A xestión recadatoria do Estado e dos seus organismos autónomos levaraa a cabo:

a) Cando se trate dos recursos do sistema tributario estatal e aduaneiro, tanto en período voluntario como executivo, a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Non obstante, tratándose de taxas, a recadación en período voluntario levaraa a cabo o órgano da Administración xeral do Estado ou organismo autónomo que teña atribuída a súa xestión.

b) Cando se trate dos demais recursos de natureza pública:

1.º En período voluntario, as delegacións de Economía e Facenda, salvo que a xestión dos anteditos recursos estea atribuída a outros órganos da Administración xeral do Estado ou aos seus organismos autónomos.

2.º En período executivo, a Axencia Estatal de Administración Tributaria logo da remisión, se é o caso, das correspondentes relacións certificadas de débedas impagadas en período voluntario.

2. Os recursos de natureza pública cuxa xestión estea atribuída a unha entidade de dereito público distinta das sinaladas no punto anterior recadaranos en período voluntario os servizos da devandita entidade.

A recadación en período executivo corresponderá á Axencia Estatal de Administración Tributaria cando así o estableza unha lei ou cando así se establecese no correspondente convenio.

3. As cantidades recadadas por conta das entidades citadas no punto anterior por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando a recadación se efectúe en virtude dunha lei, serán transferidas ás contas oficiais das devanditas entidades, coa excepción das recargas do período executivo e das custas. En caso de convenio transferiranse as cantidades recadadas minoradas nos termos establecidos no devandito convenio.

Artigo 4. *Especialidades da recadación dos organismos autónomos do Estado.*

1. A xestión recadatoria en período executivo dos créditos dos organismos autónomos do Estado réxese polo disposto neste regulamento, coas seguintes particularidades:

a) As relacións certificadas de débedas impagadas en período voluntario serán expedidas polos órganos competentes dos organismos autónomos. Cando as débedas dun mesmo debedor sexan inferiores á cantidade que se fixe por resolución do director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria como custo mínimo de recadación estimado, as devanditas débedas só se incluírán nas relacións mencionadas cando o importe acumulado, incluídas todas as que estivesen en xestión de cobramento, supere o devandito custo mínimo estimado.

b) A providencia de constrinximento ditarana os órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

c) As cantidades recadadas, con excepción das recargas do período executivo e as custas, transferiraas ás contas oficiais do organismo autónomo a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. Os xuros de demora liquidaranse de acordo co disposto no artigo 72. Nos supostos previstos na alínea 4 do devandito artigo, a liquidación corresponderá aos organismos autónomos no caso da alínea a) e aos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria nos supostos das alíneas b), c) e d).

3. A declaración de falido dos obrigados ao pagamento efectuarana os órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria. A declaración de crédito incobrable efectuarana os órganos de recadación do organismo autónomo correspondente de conformidade coa súa normativa específica, logo da comunicación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da insolvencia do debedor.

En caso de rehabilitación do crédito por parte do organismo autónomo, este poderao incluír na relación certificada de débedas rehabilitadas que remita á Axencia Estatal de Administración Tributaria para o seu cobramento.

4. Correspóndelle ao organismo autónomo a declaración de responsabilidade, nos supostos previstos na lei, cando se refiran a débedas da súa titularidade.

5. Será aplicable o disposto neste regulamento sobre adxudicación de bens á Facenda pública, coas seguintes particularidades:

a) A proposta e resolución sobre a adxudicación de bens de que se trate corresponderalles aos órganos competentes do organismo autónomo.

b) Os bens cuxa adxudicación se acordase, así como os documentos precisos para a súa inscrición nos rexis-

tros públicos, entregaranse ou, se é o caso, poranse á disposición do organismo autónomo.

**Artigo 5. Recadación de recursos doutras administracións públicas nacionais, estranxeiras ou entidades internacionais ou supranacionais.**

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria encargarase da recadación dos recursos de natureza pública doutras administracións públicas nacionais distintas das previstas nos artigos 7 e 8 cando a devandita xestión se lle encomende en virtude de lei ou convenio.

As cantidades recadadas por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria cando a recadación se efectúe en virtude dunha lei serán transferidas ás contas oficiais das devanditas administracións, coa excepción das recargas do período executivo e das custas. En caso de convenio transferiranse as cantidades recadadas minoradas nos termos establecidos no devandito convenio.

2. A xestión recadatoria dos recursos propios da Unión Europea e outras entidades internacionais ou supranacionais que deba realizar o Estado español levarana a cabo:

a) En período voluntario, os órganos da Administración xeral do Estado, organismos autónomos ou entidades de dereito público estatais que a teñan atribuída e, no seu defecto, a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) En período executivo, a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3. A xestión recadatoria que deba realizar o Estado español a favor doutros Estados ou doutras entidades internacionais ou supranacionais, en virtude de normas sobre asistencia mutua entre os Estados membros da Unión Europea ou no marco dos convenios para evitar a dobre imposición ou doutros convenios internacionais, levaraa a cabo a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. A Axencia Estatal de Administración Tributaria realizará as actuacións de colaboración na recadación que establezan as leis.

**Artigo 6. Órganos de recadación do Estado.**

Son órganos de recadación do Estado:

a) As unidades administrativas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, centrais ou periféricas, ás cales as normas de organización específica lles atribúan competencias en materia de recadación.

b) As unidades administrativas dos órganos da Administración xeral do Estado, organismos autónomos estatais e entidades de dereito público estatais que teñan atribuída a xestión recadatoria dos correspondentes recursos de dereito público.

c) A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e as unidades administrativas das delegacións de Economía e Facenda nos demais casos non comprendidos nos parágrafos anteriores.

*Subsección 2.<sup>a</sup> Recadación da Facenda pública das comunidades autónomas e dos seus organismos autónomos*

**Artigo 7. Recadación da Facenda pública das comunidades autónomas e dos seus organismos autónomos.**

Correspóndelles ás comunidades autónomas a recadación das débedas cuxa xestión teñan atribuída, e levarana a cabo:

a) Directamente as comunidades autónomas e os seus organismos autónomos, de acordo co establecido nas súas normas de atribución de competencias.

b) Outras entidades de dereito público con que se formalizase o correspondente convenio ou en que se delegase esta facultade.

c) A Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando así se acorde mediante a subscripción dun convenio para a recadación.

*Subsección 3.<sup>a</sup> Recadación da Facenda pública das entidades locais e dos seus organismos autónomos*

**Artigo 8. Recadación da Facenda pública das entidades locais e dos seus organismos autónomos.**

Correspóndelles ás entidades locais e aos seus organismos autónomos a recadación das débedas cuxa xestión teñan atribuída e levarana a cabo:

a) Directamente as entidades locais e os seus organismos autónomos, de acordo co establecido nas súas normas de atribución de competencias.

b) Outros entes territoriais a cuxo ámbito pertencen cando así se establecese legalmente, cando con eles se formalizase o correspondente convenio ou cando se delegase esta facultade neles, coa distribución de competencias que, de ser o caso, se establecese entre a entidade local titular do crédito e o ente territorial que desenvolva a xestión recadatoria.

c) A Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando así se acorde mediante a subscripción dun convenio para a recadación.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> ENTIDADES QUE PRESTEN O SERVIZO DE CAIXA E ENTIDADES COLABORADORAS NA XESTIÓN RECADATORIA**

**Artigo 9. Entidades que presten o servizo de caixa e entidades colaboradoras na xestión recadatoria.**

1. Poderán prestar o servizo de caixa as entidades de crédito con que cada Administración así o conveña.

Poderán actuar como entidades colaboradoras na recadación as entidades de crédito autorizadas por cada Administración, cos requisitos e co contido a que se refire o artigo 17.

Para os efectos deste regulamento, só poderán actuar como entidades que presten o servizo de caixa ou como entidades colaboradoras as seguintes entidades de crédito:

- a) Os bancos.
- b) As caixas de aforro.
- c) As cooperativas de crédito.

2. En ningún caso a autorización que se conceda ou o convenio que se formalice atribuirá o carácter de órganos de recadación ás entidades de crédito que presten o servizo de caixa ou que sexan colaboradoras na recadación.

3. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá convir a prestación do servizo de caixa ou autorizar as entidades de crédito a actuaren como entidades colaboradoras na xestión daqueles ingresos da Administración xeral do Estado non encomendados á Axencia Estatal de Administración Tributaria nos termos previstos neste regulamento.

**SECCIÓN 4.<sup>a</sup> OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN, FACULTADES E ADOPCIÓN DE MEDIDAS CAUTELARES NA XESTIÓN RECADATORIA**

**Artigo 10. Facultades dos órganos de recadación.**

1. Os funcionarios que desempeñen funcións de recadación serán considerados axentes da autoridade e

terán as facultades previstas no artigo 142 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Así mesmo, poderán adoptar as medidas cautelares recollidas no artigo 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, previstas para o procedemento de inspección.

2. Os funcionarios que desempeñen funcións de recadación poderán realizar actuacións de obtención de información previstas nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

## CAPÍTULO II

### Ingresos da xestión recadatoria

Artigo 11. *Ingresos da xestión recadatoria.*

1. Os ingresos da xestión recadatoria, tanto en período voluntario como en período executivo, efectuaranse conforme o disposto neste capítulo.

2. Se o vencemento de calquera prazo coincide cun sábado ou un día inhábil, quedará trasladado ao primeiro día hábil seguinte.

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> INGRESOS DA XESTIÓN RECADATORIA EN PERÍODO VOLUNTARIO E PERÍODO EXECUTIVO

Artigo 12. *Lugar de realización dos ingresos.*

Os ingresos poderanse realizar:

- Na Tesouraría da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.
- Nas entidades de crédito que presten o servizo de caixa a que se refire o artigo 9.1.
- Nas entidades colaboradoras a que se refire o artigo 9.1.
- Nas aduanas.
- Nas contas restrinxidas abertas en entidades de crédito.
- Nas caixas dos órganos xestores.
- En calquera outro lugar de pagamento que estableza o ministro de Economía e Facenda.

#### Subsección 1.<sup>a</sup> Ingresos na Tesouraría da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira

Artigo 13. *Ingresos na Tesouraría da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.*

1. A Tesouraría da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira recadará as cantidades que se liquiden ou reteñan no devandito órgano e aquelas respecto das cales así o estableza o ministro de Economía e Facenda.

2. As devanditas cantidades poderanse ingresar, segundo estableza o ministro de Economía e Facenda:

- Na caixa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.
- No Banco de España ou no organismo público que se determine.
- En entidades de crédito.

3. Os ingresos realizaranse de luns a venres, excepto nos días non laborables.

#### Subsección 2.<sup>a</sup> Ingresos a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa

Artigo 14. *Entidades de crédito que presten o servizo de caixa.*

1. As entidades de crédito con que así se conveña poderán prestar o servizo de caixa aos órganos de recadación competentes.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as devanditas entidades poderán actuar tamén como colaboradoras na recadación.

Artigo 15. *Ingresos a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa.*

Os ingresos realizaranse con carácter obrigatorio nas entidades de crédito que presten o servizo de caixa unicamente naqueles casos en que así o estableza o ministro de Economía e Facenda.

Artigo 16. *Procedemento de ingreso a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa.*

1. Os ingresos realizaranse en contas restrinxidas abertas nas citadas entidades, cuxa denominación e funcionamento serán establecidos mediante orde do ministro de Economía e Facenda.

2. Os ingresos nestas contas efectuaranse en diñeiro de curso legal e por calquera outro medio de pagamento que se estableza por orde do ministro de Economía e Facenda.

3. Diariamente, a entidade entregará ao órgano de recadación competente relación xustificativa das cantidades ingresadas na conta restrinxida e os documentos acreditativos das débedas ás cales corresponden.

#### Subsección 3.<sup>a</sup> Ingresos a través de entidades colaboradoras na recadación

Artigo 17. *Entidades colaboradoras na recadación.*

1. Poderán colaborar na recadación as entidades de crédito autorizadas. A prestación do servizo de colaboración non será retribuída.

2. As entidades que desexen actuar como colaboradoras na xestión recadatoria desenvolvida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria solicitarán autorización do director do Departamento de Recadación desta e deberán achegar declaración expresa de estar en disposición de prestar o servizo de colaboración nas condicións establecidas en cada caso pola normativa vixente.

Para valorar adecuadamente a conveniencia de conceder a autorización solicitada, terase en conta, entre outros factores, a solvencia da entidade e a súa posible contribución ao servizo de colaboración na recadación. Para tal fin, poderanse solicitar os informes que se consideren oportunos.

A resolución deberáselle notificar á entidade solicitante no prazo de tres meses. Así mesmo, se o acordo é de concesión, deberase publicar no «Boletín Oficial del Estado».

A autorización poderá determinar a forma e as condicións de prestación do servizo. Se se denega a autorización, o acordo será motivado. Transcorrido o devandito prazo sen que recaese resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude.

3. Antes de iniciaren o servizo de colaboración, as entidades solicitantes deberánlle comunicar ao órgano de recadación competente os seguintes extremos:

- Relación de todas as súas oficinas, o seu domicilio e a súa clave bancaria.

b) Data ou datas de comezo da prestación, que en ningún caso poderán exceder de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da autorización.

Ademais, a entidade colaboradora deberá poñer en coñecemento do órgano de recadación competente toda variación relevante referente a altas e baixas na operatividade das súas oficinas e os cambios de denominación a que aquela se vexa sometida.

4. A entidade que posúa varias oficinas dentro do ámbito territorial que determine cada Administración tributaria deberá designar unha delas para relacionarse coa devandita Administración.

5. Os órganos de recadación efectuarán o control e seguimento da actuación das entidades colaboradoras.

Para tal efecto, poderán ordenar a práctica de comprobacións nas devanditas entidades.

As comprobacións referiranse exclusivamente á súa actuación como entidades colaboradoras, podéndose efectuar nas oficinas da entidade ou nos locais do órgano actuante.

As actuacións poderanse referir ao exame da documentación relativa a operacións concretas ou estenderse á actuación de colaboración das devanditas entidades ou das súas oficinas durante un período determinado de tempo.

Para a práctica das comprobacións, as entidades deberán poñer á disposición dos funcionarios designados para o efecto toda a documentación que se lles solicite en relación coa actuación da entidade na súa condición de colaboradora e, en particular, extractos de contas correntes restrinxidas, documentos de ingreso e xustificantes de ingreso nas contas do Tesouro. Así mesmo, deberán permitir o acceso aos rexistros informáticos da entidade respecto das operacións realizadas na súa condición de colaboradora.

6. Se as devanditas entidades incumpren as obrigas establecidas neste regulamento e demais normas aplicables, as obrigas de colaboración coa Facenda pública ou as normas tributarias en xeral, poderase suspender temporalmente ou revogar definitivamente a autorización outorgada ás entidades de crédito para actuaren como colaboradoras na recadación, restrinxir temporal ou definitivamente o ámbito territorial da súa actuación ou excluír da prestación do servizo de colaboración algunha das súas oficinas, sen prexuízo da responsabilidade que en cada caso proceda.

Corresponderalle acordar a suspensión ou revogación ao órgano que acordase a autorización.

En particular, o órgano de recadación competente poderá facer uso das facultades a que se refire o parágrafo anterior cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Presentación reiterada fóra dos prazos establecidos, de forma incompleta ou con graves deficiencias, da información que como entidade colaboradora debe achegar ao órgano de recadación competente.

b) Manipulación dos datos contidos na información que debe achegar ao órgano de recadación competente, na que debe custodiar a entidade ou na que debe entregar aos obrigados ao pagamento.

c) Incumprimento das obrigas de proporcionar ou declarar calquera tipo de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria.

d) Incumprimento das ordes de embargo, así como a colaboración ou consentimento no levantamento de bens embargados ou sobre os que se constituíu unha medida cautelar ou unha garantía.

e) Obstrución á actuación da Administración tributaria.

f) Non realizar diariamente o ingreso das cantidades recadadas nas contas restrinxidas do órgano de recadación competente ou non efectuar ou efectuar con atraso o

ingreso das cantidades recadadas na conta do Tesouro, cando se ocasionou un grave prexuízo á Facenda pública ou a un particular.

g) Inutilidade da autorización, manifestada polo nulo ou escaso volume dos ingresos realizados a través da entidade.

#### Artigo 18. *Ingresos a través de entidades colaboradoras na recadación.*

1. Os obrigados ao pagamento, teñan ou non contas abertas nas entidades colaboradoras, poderán ingresar nelas as seguintes débedas:

a) As que resulten de autoliquidacións presentadas nos modelos regulamentariamente establecidos, así como daquelas cuxa presentación se realice por vía telemática.

b) As notificadas aos obrigados ao pagamento como consecuencia de liquidacións practicadas pola Administración, tanto en período voluntario como executivo.

c) Calquera outra, salvo que o ministro de Economía e Facenda establecese que o ingreso se deberá realizar con carácter obrigatorio nas entidades de crédito que presten o servizo de caixa.

2. As entidades colaboradoras non poderán admitir os ingresos que se deban realizar obrigatoriamente nas entidades de crédito que presten o servizo de caixa.

#### Artigo 19. *Procedemento de ingreso a través de entidades colaboradoras na recadación.*

1. Os ingresos realizaranse en contas restrinxidas abertas nas entidades colaboradoras, cuxa denominación e funcionamento serán establecidos mediante orde do ministro de Economía e Facenda.

2. As entidades colaboradoras admitirán, en todo caso, o diñeiro de curso legal como medio de pagamento. Así mesmo, poderán aceptar calquera outro medio de pagamento habitual no tráfico bancario, ben que a admisión destes medios queda á discreción e risco da entidade.

Calquera que fose o medio de pagamento utilizado, en ningún caso serán por conta da Administración os gastos que se puidesen xerar pola utilización de medios diferentes ao diñeiro de curso legal. Como consecuencia dos devanditos gastos non se poderán minorar en ningún caso os importes ingresados.

3. As entidades colaboradoras admitirán os anteditos ingresos todos os días que sexan laborables para estas durante as horas de caixa, aboándose seguidamente na correspondente conta restrinxida.

4. Cando se trate de autoliquidacións, o obrigado ao pagamento presentará á entidade colaboradora os impresos en que se conteñan aquelas, tendo adheridas as etiquetas de identificación ou incorporando calquera outro medio de identificación establecido polo Ministerio de Economía e Facenda.

5. Se o ingreso é consecuencia dunha liquidación practicada pola Administración e notificada ao obrigado ao pagamento, aquel realizarase na entidade colaboradora mediante a presentación do documento de ingreso segundo o modelo establecido polo Ministerio de Economía e Facenda.

6. A entidade colaboradora deberá exixir a consignación do número de identificación fiscal no documento correspondente e comprobará a exactitude do indicado número mediante o exame do documento acreditativo, que deberá ser exhibido por quen presente o documento liquidatorio. Non será necesaria a devandita exixencia en relación con aquelas autoliquidacións e documentos de ingreso respecto dos cales o Ministerio de Economía e Facenda establecese que se deben presentar nas entida-

des colaboradoras cunha etiqueta adherida ou outro medio de identificación en que consten os datos dos obrigados ao pagamento.

7. A entidade colaboradora que deba admitir un ingreso para o Tesouro comprobará previamente ao seu aboamento na conta os seguintes datos:

a) A coincidencia exacta da contía que se vaia ingresar coa cifra que figure como importe do ingreso na autoliquidación ou documento de ingreso.

b) Que os citados documentos leven adheridas as etiquetas de identificación ou outro medio de identificación ou, de ser o caso, que neles se consignen o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, domicilio do obrigado ao pagamento, número de identificación fiscal, concepto e período a que corresponde o citado pagamento.

Se resultase conforme a comprobación sinalada nas alíneas a) e b), a entidade colaboradora procederá a estender no documento destinado para tal efecto dos que compoñen a autoliquidación ou no documento de ingreso validación, ben mecánica mediante máquina contable, ben manual mediante selo, dos seguintes conceptos: data do ingreso, total ingresado, concepto, clave da entidade e da oficina receptora, certificando deste modo o concepto do ingreso, así como que este se efectuou na conta do Tesouro.

8. Nos casos para os que se estableza que o obrigado ao pagamento pode presentar en sobre cerrado o documento de ingreso ou devolución, a autoliquidación e a documentación complementaria, actuarase de acordo coas normas seguintes:

a) Presentará na entidade colaboradora o documento de ingreso ou devolución en que constarán os datos esenciais da autoliquidación e a cantidade que se vaia ingresar ou devolver que dela resulte.

b) A entidade comprobará se o documento de ingreso ou devolución está correctamente cuberto.

En caso de ingreso, certificarao coas formalidades e requisitos previstos no punto anterior.

En caso de solicitude de devolución por transferencia, validará os documentos, certificando a existencia da conta bancaria e a titularidade do obrigado ao pagamento.

En ambos os casos, a entidade colaboradora conservará no seu poder o exemplar a ela destinado e entregalle ao obrigado ao pagamento os que lle correspondan.

c) O obrigado unirá á súa autoliquidación o exemplar para a Administración do documento de ingreso ou devolución e entregarao na propia entidade colaboradora para a súa remisión ao órgano competente en sobre cerrado, en cuxo anverso constará o seu nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e o concepto.

d) Por petición do obrigado ao pagamento, a entidade colaboradora deberá estampar na primeira folla dos exemplares para a Administración e para o interesado da correspondente autoliquidación ou declaración selo en que consten os seguintes datos: data en que se produce a presentación da autoliquidación e claves da entidade e da oficina receptora.

9. Cando, presentado un documento de ingreso por un obrigado ao pagamento, o importe validado pola entidade colaboradora resulte correcto pero esta realice un ingreso superior ao procedente, tramitarase a súa devolución á entidade colaboradora nos termos legalmente establecidos sen que a tales ingresos lles resulte de aplicación o previsto no artigo 221 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### *Subsección 4.<sup>a</sup> Ingresos nas aduanas*

##### *Artigo 20. Ingresos nas aduanas.*

1. As aduanas recadarán as débedas respecto das cales así estea establecido.

2. Con carácter xeral, os ingresos realizaranse a través das entidades de crédito autorizadas para actuaren como colaboradoras na recadación.

Estas entidades actuarán segundo o procedemento descrito no artigo 19.

3. Non obstante, e sempre que o autorice o órgano competente, poderanse realizar ingresos directamente nas caixas das aduanas, en particular nos seguintes casos:

a) Cando se deban efectuar ingresos polo despacho de expedicións conducidas polos viaxeiros que se produzan fóra do horario de apertura das entidades colaboradoras ou cando estas se encontren en lugares distantes das oficinas da aduana.

b) Cando se efectúen depósitos en metálico por importacións temporais.

4. Diariamente ou no prazo que estableza o ministro de Economía e Facenda, as cantidades recadadas en cada unha das caixas das aduanas deberán ser ingresadas por estas nunha conta, autorizada para o efecto polo órgano competente, aberta nunha entidade de crédito da localidade respectiva, a nome de «Dependencia/Administración de Aduanas de ...», na cal serán custodiados os fondos ata o seu ingreso.

O ministro de Economía e Facenda ditará as normas que regulen o funcionamento, control e seguimento destas contas.

5. Nas caixas das aduanas unicamente se poderán efectuar pagamentos por devolucións de depósitos en efectivo por importacións temporais.

Para a realización destas devolucións, poderase autorizar un fondo cuxa dotación, funcionamento e control regulará o ministro de Economía e Facenda.

#### *Subsección 5.<sup>a</sup> Ingresos en contas restrinxidas abertas en entidades de crédito e en caixas de órganos xestores*

##### *Artigo 21. Ingresos en contas restrinxidas e en caixas de órganos xestores.*

1. Poderanse realizar os ingresos en contas restrinxidas de recadación abertas en entidades de crédito cando, por proposta do órgano xestor, o autorice, ben a Axencia Estatal de Administración Tributaria cando se trate de recursos do sistema tributario estatal e aduaneiro, ben a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Autorizarase o devandito procedemento cando estea suficientemente xustificada a súa necesidade por razóns de mellor prestación do servizo, de custodia de fondos ou similares. A autorización será individualizada e fixará as condicións de utilización da devandita conta.

A cancelación de tales contas acordarana os órganos competentes para a súa autorización cando, por iniciativa do órgano xestor ou propia, se comprobe que non subsisten as razóns que motivaron a súa apertura ou non se cumpren as condicións impostas para o seu uso.

2. O órgano de recadación competente, por solicitude dos órganos xestores, poderá autorizar o ingreso en caixas situadas nas dependencias do órgano xestor cando existan razóns de economía, eficacia ou mellor prestación do servizo aos usuarios.

En tal caso deberanse aplicar, como mínimo, as normas seguintes:

a) Deberase entregar xustificante de todo ingreso.

- b) Deberá quedar constancia de cada ingreso.
- c) Os fondos deberán ser ingresados no Tesouro diariamente ou no prazo que estableza o órgano de recadación, compatible con criterios de boa xestión.

*Subsección 6.<sup>a</sup> Especialidades do ingreso de débedas recadadas por organismos autónomos*

**Artigo 22. Ingresos en organismos autónomos.**

1. Os ingresos cuxa xestión lles corresponda aos organismos autónomos poderanse realizar segundo se estableza en cada caso:

- a) Nas contas legalmente autorizadas abertas a nome do organismo no Banco de España ou outra entidade de crédito.
- b) Nas caixas do organismo.
- c) En contas restrinxidas para a recadación abertas en entidades de crédito.
- d) En entidades de crédito que presten o servizo de caixa ou sexan autorizadas como colaboradoras na recadación.
- e) Excepcionalmente, cando os servizos se deban prestar en lugares afastados ou en horarios distintos dos habituais ou por outras razóns de estrita necesidade, poderanse admitir ingresos a través de persoas ou entidades solventes habilitadas para tal fin.

2. Todos os ingresos realizados directamente nas caixas ou nas contas do organismo legalmente autorizadas no Banco de España ou outra entidade de crédito serán rexistrados individual ou colectivamente e comprobados coas facturas, recibos e demais xustificantes da venda, servizo ou outra operación a que respondan.

Os fondos recadados nas caixas deberán ser trasladados diariamente ou no prazo máis breve posible ás contas do organismo, salvo nos casos en que as devanditas caixas deban realizar pagamentos habituais, sen prexuízo do rexistro dos ingresos e pagamentos polos seus valores integros.

3. Os ingresos en contas restrinxidas deberán ser rexistrados no organismo a través dos seus propios documentos de xestión e comprobados periodicamente cos extractos ou outros documentos bancarios.

Se isto non é posible por se realizaren os ingresos sen actuación previa do organismo, a entidade de crédito en que está aberta a conta deberalle enviar periodicamente os xustificantes de cada un dos ingresos realizados para rexistro e comprobación. En ningún caso se realizará o rexistro das operacións a través dos extractos bancarios.

Con cargo ás devanditas contas restrinxidas non se poderán efectuar máis pagamentos ca os que teñan por obxecto situar o seu saldo na conta do organismo aberta no Banco de España ou, de ser o caso, noutra entidade de crédito.

4. Os ingresos a través de entidades de crédito que presten o servizo de caixa ou que sexan autorizadas para actuaren como colaboradoras na recadación rexeranse polas normas establecidas nas subseccións 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> da sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II do título I, adaptadas ás peculiaridades da xestión dos ingresos de cada organismo autónomo.

5. Os ingresos a través de persoas ou entidades alleas á Administración habilitadas para recibilos deberán organizarse de forma que se garanta a integridade dos fondos recadados por conta da Facenda pública, sen prexuízo da prestación efectiva dos servizos e, en especial, de acordo coas normas seguintes:

- a) Deberase entregar xustificante de cada ingreso.
- b) Deberá quedar constancia de cada ingreso.
- c) O organismo deberá verificar os ingresos cos seus comprobantes.

- d) Os fondos deberán ser depositados en contas controladas polo organismo autónomo diariamente ou no menor prazo que sexa compatible con criterios de boa xestión.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> RECADACIÓN DE DÉBEDAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA**

**Artigo 23. Modalidades de cobramento.**

A recadación de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva poderá ser realizada, segundo se estableza en cada caso:

- a) Polos órganos de recadación que teñan ao seu cargo a xestión dos recursos.
- b) A través dunha ou varias entidades de crédito coas cales se acorde a prestación do servizo.
- c) Por calquera outra modalidade que se estableza para o ingreso dos recursos da Facenda pública.

**Artigo 24. Anuncios de cobranza.**

1. A comunicación do período de pagamento levárase a cabo de forma colectiva, e publicaranse os correspondentes edictos no boletín oficial que corresponda e nas oficinas dos concellos afectados. Os anteditos edictos poderán divulgálos os medios de comunicación que se consideren adecuados.

2. O anuncio de cobranza deberá conter, polo menos:

- a) O prazo de ingreso.
- b) A modalidade de cobramento utilizable de entre as enumeradas no artigo 23.
- c) Os lugares, días e horas de ingreso.
- d) A advertencia de que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán exixidas polo procedemento de constrinximento e se devengarán as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, se é o caso, as custas que se produzan.

3. O anuncio de cobranza poderá ser substituído por notificacións individuais.

**Artigo 25. Ingresos de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva.**

1. En caso de débedas cuxo cobramento se realice por recibo, cando o obrigado ao pagamento ou outra persoa compareza no lugar de ingreso, e por calquera circunstancia non estivese dispoñible o recibo, admitirase o pagamento e expedirase o correspondente xustificante, sempre que o obrigado ao pagamento figure inscrito nas listas cobratorias.

2. Os obrigados ao pagamento poderán domiciliar o pagamento das débedas a que se refire esta sección en contas abertas en entidades de crédito.

Para iso, conforme o disposto no artigo 38, dirixiranlle comunicación ao órgano de recadación correspondente polo menos dous meses antes do comezo do período de cobramento. Noutro caso, a comunicación producirá efecto a partir do período seguinte.

As domiciliacións terán validez por tempo indefinido mentres non as anule o interesado, non as rexeite entidade de crédito ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Neste último caso, a Administración deberalles notificar o acordo polo que se declare a invalidez ao obrigado ao pagamento e á entidade colaboradora.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> INGRESOS NO TESOURO DAS CANTIDADES OBTIDAS  
NA XESTIÓN RECADATORIA

Artigo 26. *Disposicións xerais sobre ingresos nas contas do Tesouro.*

1. As cantidades percibidas polos distintos órganos no exercicio da función recadatoria e polas persoas ou entidades a que se refire o punto 2 serán ingresadas por estes nas contas do Tesouro, con suxeición ás disposicións contidas nesta sección.

2. Cando as entidades que presten o servizo de caixa, as colaboradoras na recadación e calquera outra persoa ou entidade que recade por conta da Facenda pública non efectúen os ingresos nas contas do Tesouro nos prazos establecidos, o órgano de recadación competente exixirá o inmediato ingreso e practicará liquidación por xuros de demora que será notificada para o seu ingreso no Tesouro.

3. Os atrasos nos ingresos e as demais anomalías na prestación dos servizos seranlle comunicados ao órgano de recadación competente, para a adopción das medidas que, de ser o caso, procedan.

Artigo 27. *Ingresos da caixa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.*

A suma total recadada pola caixa da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira será ingresada na conta do Tesouro público diariamente ou no prazo que estableza o director xeral do Tesouro e Política Financeira que sexa compatible con criterios de boa xestión.

Artigo 28. *Ingresos das entidades que presten o servizo de caixa.*

1. As entidades de crédito que presten o servizo de caixa nos órganos de recadación ingresarán na conta do Tesouro o recadado durante cada quincena dentro dos sete días hábiles seguintes ao da fin de cada unha. Cada quincena comprenderá desde a fin da anterior ata o día 5 ou 20 seguinte ou ata o inmediato hábil posterior, se o 5 ou 20 son inhábiles.

Para tales efectos, serán considerados días inhábiles os sábados.

Calquera que sexa o número de días inhábiles, o ingreso na conta do Tesouro deberase producir no mesmo mes en que finaliza a quincena correspondente.

2. Nos prazos, forma e soporte que estableza o ministro de Economía e Facenda, as referidas entidades entregaranlle ao órgano de recadación competente a información necesaria para a xestión e seguimento dos ingresos.

3. As entidades de crédito que presten o servizo de caixa a outros órganos da Administración do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais rexeranse, nesta materia, polas disposicións específicas aplicables ditadas polos devanditos órganos e, en ausencia destas, polo disposto neste artigo.

Artigo 29. *Ingresos das entidades colaboradoras.*

1. As entidades colaboradoras centralizarán a operación de ingreso no Tesouro das cantidades recadadas e o envío ao órgano de recadación competente da información a que se refire o número 2.

As entidades colaboradoras ingresarán na conta do Tesouro o recadado durante cada quincena dentro dos sete días hábiles seguintes ao da fin de cada unha. Cada quincena comprenderá desde a fin da anterior ata o día 5 ou 20 seguinte ou ata o inmediato hábil posterior, se o 5 ou o 20 son inhábiles.

Para tales efectos, serán considerados días inhábiles os sábados.

Calquera que sexa o número de días inhábiles, o ingreso na conta do Tesouro deberase producir no mesmo mes en que finaliza a quincena correspondente.

2. Nos prazos, forma e soporte que estableza o ministro de Economía e Facenda, as referidas entidades entregaranlle ao órgano de recadación competente a información necesaria para a xestión e seguimento dos ingresos.

3. As entidades colaboradoras dos órganos do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais rexeranse, nesta materia, polas disposicións específicas aplicables ditadas polos devanditos órganos e, en ausencia destas, polo disposto neste artigo.

Artigo 30. *Ingresos das aduanas.*

O ministro de Economía e Facenda determinará o lugar, prazo, forma e demais condicións en que se realizará o ingreso no Tesouro dos saldos das contas a que se refire o artigo 20, correspondentes a aquelas aduanas en que o órgano competente autorizase a existencia de caixa.

Artigo 31. *Outros ingresos nas contas do Tesouro no Banco de España.*

1. As cantidades recadadas a través de contas restrinxidas para a recadación, sexan de taxas, sexan de calquera outro ingreso da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos, e calquera outra cantidade recadada por persoas ou entidades por conta da Facenda pública non comprendidas nos artigos anteriores desta sección deberanse transferir ás contas oficiais no Banco de España a nome do Tesouro público ou dos organismos autónomos correspondentes, nas datas establecidas nas súas normas reguladoras.

2. En defecto das devanditas normas, os saldos existentes os días 5 e 20 de cada mes nas contas restrinxidas de recadación ingresaranse os días 15 e último de cada mes, respectivamente.

Cando o último día do mes coincida con día inhábil ou non preste servizo o Banco de España, o ingreso trasladarase ao inmediato anterior en que este preste servizo.

3. Igualmente, en defecto de normas reguladoras especiais, as cantidades recadadas en caixas dos órganos xestores da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos deberanse ingresar nas contas oficiais no Banco de España non máis tarde da fin do mes en que fosen recadadas.

## TÍTULO II

### A débeda

#### CAPÍTULO I

##### Extinción da débeda

Artigo 32. *Formas de extinción da débeda.*

As débedas poderanse extinguir por pagamento, prescrición, compensación, dedución sobre transferencias, condonación, polos medios previstos na normativa aduaneira e polos demais medios previstos nas leis.

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> PAGAMENTOSubsección 1.<sup>a</sup> Normas xeraisArtigo 33. *Lexitimación, lugar de pagamento e forma de pagamento.*

1. Pode efectuar o pagamento, en período voluntario ou período executivo, calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e o aprobe, xa o ignore o obrigado ao pagamento.

O terceiro que pague a débeda non estará lexitimado para exercer ante a Administración os dereitos que corresponden ao obrigado ao pagamento.

2. O pagamento das débedas poderase realizar nas caixas dos órganos competentes, nas entidades que, se é o caso, presten o servizo de caixa, nas entidades colaboradoras e demais persoas ou entidades autorizadas para recibiren o pagamento, directamente ou por vía telemática, cando así estea previsto na normativa vixente.

3. Os pagamentos realizados a órganos non competentes para recibilos ou a persoas non autorizadas para iso non liberarán o debedor da súa obriga de pagamento, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde en que incorra o receptor que admita indebidamente o pagamento.

4. O pagamento das débedas poderase realizar en efectivo, mediante efectos timbrados e en especie.

Artigo 34. *Medios e momento do pagamento en efectivo.*

1. O pagamento das débedas e sancións tributarias que se deba realizar en efectivo poderase facer sempre en diñeiro de curso legal.

Así mesmo, poderase realizar por algún dos seguintes medios, cos requisitos e condicións que para cada un deles se establecen neste regulamento e seguindo os procedementos que se dispoñan en cada caso:

- a) Cheque.
- b) Tarxeta de crédito e débito.
- c) Transferencia bancaria.
- d) Domiciliación bancaria.
- e) Calquera outro que autorice o Ministerio de Economía e Facenda.

Será admisible o pagamento polos medios a que se refiren as alíneas b), c) e d) naqueles casos en que así se estableza expresamente nunha norma tributaria.

2. O pagamento en efectivo das débedas non tributarias efectuarase polos medios que autorice a súa propia normativa. Se non se dispuxese regra especial, o pagamento deberase realizar polos medios citados no número 1, excepto as alíneas b), c) e d), que requirirán regulación expresa.

3. Enténdese pagada en efectivo unha débeda cando se realizou o ingreso do seu importe nas caixas dos órganos competentes, entidades colaboradoras, entidades que presten o servizo de caixa ou demais persoas ou entidades autorizadas para recibiren o pagamento.

4. Cando o pagamento se realice a través de entidades de crédito ou outras persoas autorizadas, a entrega ao debedor do xustificante de ingreso liberarao desde a data que se consigne no xustificante e polo importe que figure nel, quedando obrigada a entidade de crédito ou persoa autorizada fronte á Facenda pública desde ese momento e polo devandito importe, salvo que se puidese probar, de maneira que faga fe, a inexactitude da data ou do importe que conste na validación do xustificante.

5. As ordes de pagamento dadas polo debedor ás entidades de crédito ou outras persoas autorizadas para recibiren o pagamento non producirán en por si efectos

fronte á Facenda pública, sen prexuízo das accións que lle correspondan ao ordenante fronte á entidade ou persoa responsable do incumprimento.

Artigo 35. *Pagamento mediante cheque.*

1. Os pagamentos que se realicen nas entidades de crédito que presten o servizo de caixa poderanse efectuar mediante cheque que deberá reunir, ademais dos requisitos exixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

- a) Ser nominativo a favor do Tesouro público e cruzado.
- b) Estar conformado ou certificado pola entidade librada, en data e forma.

A admisión de cheques que incumpran algún dos requisitos anteriores quedará a risco da entidade que os acepte, sen prexuízo das accións que lle correspondan á devandita entidade contra o obrigado ao pagamento.

Non obstante, cando un cheque validamente conformado ou certificado non poida ser feito efectivo en todo ou en parte, o pagamento seralle exixido á entidade que o conformou ou certificou.

A entrega do cheque na entidade que, de ser o caso, preste o servizo de caixa, liberará o debedor polo importe satisfeito sempre que se faga efectivo. O efecto liberatorio entenderase producido desde a data en que o cheque fose entregado na devandita entidade. Esta validará o correspondente xustificante de ingreso no cal consignará a data de entrega e o importe do pagamento, quedando desde ese momento a entidade obrigada ante a Facenda pública pola contía efectivamente ingresada.

2. Os pagamentos que se deban efectuar nas caixas da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderanse facer mediante cheque, que deberá reunir, ademais dos requisitos xerais exixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

- a) Ser nominativo a favor do Tesouro público e cruzado ao Banco de España.
- b) Incluír o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa do librador que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade.

A entrega do cheque liberará o obrigado ao pagamento polo importe satisfeito, cando sexa feito efectivo. En tal caso, producirá efectos desde a data en que entrase na caixa correspondente.

Artigo 36. *Pagamento mediante tarxeta de crédito e débito.*

1. Será admisible o pagamento mediante tarxetas de crédito e débito ante as entidades de crédito que, se é o caso, presten o servizo de caixa, sempre que a tarxeta que se utilice se encontre incluída entre as que, para tal fin, sexan admitidas en cada momento polas devanditas entidades.

2. O límite dos pagamentos que se vaian realizar virá determinado polo asignado pola entidade emisora individualmente a cada tarxeta e que, en ningún caso, poderá superar a cantidade que se estableza na orde do ministro de Economía e Facenda correspondente por cada documento de ingreso, non podendo simultanearse, para un mesmo documento de ingreso, con calquera outro dos medios de pagamento admitidos.

3. Os importes ingresados polos obrigados ao pagamento a través de tarxetas de crédito e débito non poderán ser minorados como consecuencia de descontos na utilización de tales tarxetas ou por calquera outro motivo.

4. A Administración establecerá, se é o caso, as condicións para utilizar este medio de pagamento por vía telemática.

### Artigo 37. *Pagamento mediante transferencia bancaria.*

Considerarase efectuado o pagamento na data en que entrase o importe correspondente na entidade que, de ser o caso, preste o servizo de caixa, quedando liberado desde ese momento o obrigado ao pagamento fronte á Facenda pública pola cantidade ingresada.

A Administración establecerá, de ser o caso, as condicións para utilizar este medio de pagamento por vía telemática.

### Artigo 38. *Pagamento mediante domiciliación bancaria.*

1. A domiciliación bancaria deberase axustar aos seguintes requisitos:

a) Que o obrigado ao pagamento sexa titular da conta en que domicilie o pagamento e que a devandita conta se encontre aberta nunha entidade de crédito.

Nos termos e condicións en que cada Administración o estableza, o pagamento poderase domiciliar nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.

b) Que o obrigado ao pagamento lles comunique a súa orde de domiciliación aos órganos da Administración segundo os procedementos que se establezan en cada caso.

2. Os pagamentos entenderanse realizados na data de cargo na conta das devanditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que para tal efecto expida a entidade de crédito onde se encontre domiciliado o pagamento, que incorporará como mínimo os datos que se establezan na orde ministerial correspondente.

3. Naqueles casos en que o cargo na conta non se realice ou se realice fóra de prazo por causa non imputable ao obrigado ao pagamento, non se lle exixirán a este recargas, xuros de demora nin sancións, sen prexuízo dos xuros de demora que, de ser o caso, corresponda liquidar e exixir á entidade responsable pola demora no ingreso.

4. A Administración establecerá, de ser o caso, as condicións para utilizar este medio de pagamento por vía telemática.

5. Nos termos e condicións en que cada Administración o estableza, cando o pagamento se realice a través de terceiros autorizados de acordo co que establece o artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, estes deberán estar expresamente autorizados pola Administración para efectuaren a domiciliación do pagamento en contas da súa titularidade.

### Artigo 39. *Pagamento mediante efectos timbrados.*

1. Teñen a condición de efectos timbrados:

- O papel timbrado común.
- O papel timbrado de pagamentos ao Estado.
- Os documentos timbrados especiais.
- Os timbres móbiles.
- Os aprobados por orde do ministro de Economía e Facenda.

2. O emprego, forma, estampaxe, visado, inutilización, condicións de cambio e demais características dos efectos timbrados rexeranse polas normas que regulan os tributos e demais recursos de natureza pública que admiten o antedito medio de pagamento e polas deste regulamento.

3. A creación e modificación de efectos timbrados farase por orde do ministro de Economía e Facenda, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

4. O gravado, estampaxe e elaboración, tanto dos propios efectos como de cuños, matrizes e demais elementos substanciais para o emprego daqueles realizaraos

a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, salvo que o ministro de Economía e Facenda autorice outras entidades para a súa realización.

5. Cando, por modificación das normas que regulan os tributos e demais recursos de natureza pública ou as súas tarifas, sexa precisa a utilización de novos efectos timbrados, procederase a retirar os anteriores da circulación de forma que se garanta a súa destrución.

6. Os posuidores de efectos retirados da circulación poderán obter o seu cambio por outros en vigor.

Igualmente se poderá obter o cambio do papel timbrado común, papel timbrado de pagamentos ao Estado e documentos timbrados especiais por erros na súa redacción ou por calquera outra causa que os inutilice para o seu uso, sempre que non conteñan sinaturas, rúbricas ou outros indicios de ter producido efecto.

### Artigo 40. *Pagamento en especie.*

1. O obrigado ao pagamento que pretenda utilizar o pagamento en especie como medio para satisfacer débedas á Administración deberá solicitalo ao órgano de recadación que teña atribuída a competencia na correspondente norma de organización específica. A solicitude conterá necesariamente os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado ao pagamento e, de ser o caso, da persoa que o represente.

b) Identificación da débeda indicando, polo menos, o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.

c) Lugar, data e sinatura do solicitante.

Á solicitude deberánselle xuntar a valoración dos bens e o informe sobre o interese de aceptar esta forma de pagamento, emitidos ambos polo órgano competente do Ministerio de Cultura ou polo órgano competente determinado pola normativa que autorice o pagamento en especie. En defecto dos citados informes deberase xuntar o xustificante de telos solicitado.

Se a débeda tributaria a que se refire a solicitude de pagamento en especie foi determinada mediante autoliquidación, deberá xuntar o modelo oficial desta, debidamente cuberto, salvo que o interesado non estea obrigado a presentalo por estar xa en poder da Administración; en tal caso, sinalará o día e procedemento en que o presentou.

A solicitude de pagamento en especie presentada en período voluntario xunto cos documentos a que se refiren os parágrafos anteriores impedirá o inicio do período executivo pero non o devengo do xuro de demora que corresponda.

A solicitude en período executivo poderase presentar ata o momento en que se lle notifique ao obrigado o acordo de alleamento dos bens embargados ou sobre os que se constituíse garantía de calquera natureza e non terá efectos suspensivos. Non obstante, o órgano de recadación poderá suspender motivadamente as actuacións de alleamento dos citados bens ata que o órgano competente dite o acordo que poña fin ao procedemento de pagamento en especie.

2. Cando a solicitude non reúna os requisitos ou non se xunten os documentos que se sinalan no punto anterior, o órgano competente para a tramitación requirirá o solicitante para que no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto ou achegue os documentos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por non presentada a solicitude e se arquivará sen máis trámite.

Se a solicitude de pagamento en especie se presentase en período voluntario de ingreso e o prazo para atender o requirimento de emenda finalizase con posteriori-

dade ao prazo de ingreso en período voluntario e aquel non fose atendido, iniciárase o procedemento de constrinximento mediante a notificación da oportuna providencia de constrinximento.

Cando o requirimento de emenda fose obxecto de contestación en prazo polo interesado pero non se emendasen os defectos observados, procederá a denegación da solicitude de pagamento en especie.

3. A resolución deberase notificar no prazo de seis meses. Transcorrido o prazo sen que se notificase a resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude para os efectos de interpoñer fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperaren a resolución expresa.

O órgano competente acordará de forma motivada a aceptación ou non dos bens en pagamento da débeda.

No ámbito de competencias do Estado, a resolución deberaa adoptar o director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. Do devandito acordo de aceptación ou de denegación remitirase copia ao Ministerio de Cultura, ou ao que corresponda en función do tipo do ben, e á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

5. De se ditar acordo de aceptación, a súa eficacia quedará condicionada á entrega ou posta á disposición dos bens ofrecidos. De se producir esta na forma establecida no acordo de aceptación e no prazo establecido neste regulamento, os efectos extintivos da débeda entenderanse producidos desde a data da solicitude.

En caso de aceptación do pagamento en especie, a débeda devengará xuros de demora desde a finalización do prazo de ingreso en período voluntario ata que os bens fosen entregados ou postos á disposición da Administración con coñecemento desta, podéndose afectar no acordo de aceptación o ben dado en pagamento á cancelación dos devanditos xuros de demora, de ser suficiente o valor do citado ben.

6. Se a resolución ditada fose denegatoria, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, coa notificación do acordo denegatorio iniciárase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

De non se producir o ingreso no devandito prazo, comezará o período executivo e deberase iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

De se realizar o ingreso no devandito prazo, procederá a liquidación dos xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación. De non se realizar o ingreso, os xuros liquidaranse ata a data de vencemento do devandito prazo, sen prexuízo dos que se poidan devengar con posterioridade conforme o disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberase iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de non se ter iniciado con anterioridade.

7. A entrega ou posta á disposición da Administración dos bens deberá ser efectuada no prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da notificación do acordo de aceptación de pagamento en especie, salvo que a devandita entrega ou posta á disposición se realizase nun momento anterior. Do documento xustificativo da recepción en conformidade remitirase copia ao órgano de recadación.

De non se producir a entrega ou posta á disposición dos bens nos termos do parágrafo anterior, quedará sen efecto o acordo de aceptación, coas consecuencias seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso e este xa transcorrese, iniciárase o período executivo o día seguinte a aquel en que finalizou o prazo para a entrega ou posta á disposición, debéndose iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, exixíndose o ingreso do principal da débeda e a recarga do período executivo.

Procederáse á liquidación dos xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data de fin do prazo para entregar ou poñer á disposición os bens, sen prexuízo dos que se devenguen posteriormente en virtude do disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberase continuar o procedemento de constrinximento.

8. No non previsto neste artigo, os efectos desta forma de pagamento serán os establecidos na lexislación civil para a dación en pagamento.

#### Artigo 41. *Xustificantes e certificacións do pagamento.*

1. Quen realice o pagamento dunha débeda conforme o disposto neste regulamento terá dereito a que se lle entregue un xustificante do pagamento.

2. Os xustificantes do pagamento en efectivo serán, segundo os casos:

a) Os recibos.  
b) As cartas de pagamento subscriptas ou validadas por órganos competentes ou por entidades autorizadas para recibiren o pagamento.  
c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado.

d) Calquera outro documento ao cal lle outorgue expresamente o carácter de xustificante de pagamento o Ministerio de Economía e Facenda e, en particular, os determinados pola normativa reguladora dos ingresos por vía telemática.

3. Os xustificantes de pagamento en efectivo deberán indicar, polo menos, as seguintes circunstancias:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio do debedor.  
b) Concepto, importe da débeda e período a que se refire.  
c) Data de pagamento.  
d) Órgano, persoa ou entidade que o expide.

4. Cando os xustificantes de pagamento se expidan por medios mecánicos, as circunstancias do punto anterior poderanse expresar en clave ou abreviatura suficientemente identificadoras, no seu conxunto, do debedor e da débeda satisfeita a que se refiran.

5. Cando se empreguen efectos timbrados, os xustificantes de pagamento serán os propios efectos debidamente inutilizados.

6. Cando se efectúe o pagamento en especie, considerarase xustificante de pagamento a certificación emitida polo órgano competente en que conste terse realizado a entrega ou posta á disposición dos bens.

7. O debedor poderá solicitar da Administración certificación acreditativa do pagamento efectuado, quedando esta obrigada a expedila.

**Artigo 42. Actuacións que se realizarán no suposto de tributos incompatibles.**

1. Nos supostos previstos no artigo 62.8 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, unha vez determinado polo órgano competente qué tributo é o procedente, actuarase como se indica a continuación:

a) Se o tributo procedente fose o liquidado en primeiro lugar, anularase a segunda liquidación efectuada, procedendo a devolución das cantidades que, de ser o caso, se ingresasen respecto desta última.

b) Se o tributo procedente fose o liquidado en segundo lugar, procederase segundo os casos:

1.º Cando a liquidación practicada en segundo lugar sexa firme por non ter sido impugnada en prazo, procederá a extinción da débeda na parte concorrente coa devolución de ingresos que se recoñeza en relación coa liquidación efectuada en primeiro lugar que resulta improcedente, unha vez que o devandito acordo de devolución sexa firme. Neste caso, a Administración competente en relación co tributo procedente declarará a devandita extinción nos termos do punto 2.

Non obstante, a extinción non se producirá nos seguintes casos:

Cando, no caso de que se declarase improcedente un tributo obxecto de repercusión, o obrigado ao pagamento que soportou a repercusión do tributo indebidamente repercutido teña dereito á dedución total do importe soportado indebidamente.

Cando, no caso de que se declarase improcedente un tributo obxecto de repercusión, o suxeito pasivo do tributo repercutido procedese á rectificación das cotas repercutidas correspondentes á operación, de acordo coa normativa propia dese tributo.

2.º Cando a liquidación practicada en segundo lugar fose impugnada, esperarase a que a resolución sexa firme en todas as instancias. Adquirida a devandita firmeza, procederase segundo se indica a continuación en función do caso de que se trate:

No caso de que a resolución administrativa ou xudicial declare improcedente o tributo liquidado, considerase procedente a tributación inicial, debéndose efectuar a devolución das cantidades que puidesen derivar dos ingresos efectuados en relación coa liquidación anulada pola citada resolución administrativa ou xudicial.

No caso de que a resolución administrativa ou xudicial declare a procedencia do tributo pero anule a liquidación, xirarase unha nova e, unha vez firme esta, procederase conforme o previsto no parágrafo 1.º anterior e declararase a extinción da débeda. Cando non sexa posible practicar nova liquidación por tal concepto, procederase a devolver as cantidades que puidesen derivar dos ingresos efectuados en relación coa liquidación anulada.

No caso de que a resolución administrativa ou xudicial declare procedente a tributación e a liquidación correspondente, procederá a extinción da débeda na forma e cos requisitos previstos no parágrafo 1.º anterior.

2. A Administración que liquidase o tributo improcedente deberá transferir á Administración que liquidase o tributo procedente a contía necesaria para declarar a extinción da débeda derivada da liquidación procedente. Unha vez recibida a transferencia, procederase a declarar a extinción da débeda.

3. A extinción regulada no punto anterior non impedirá a regularización da situación tributaria do obrigado que repercutiu o tributo que, de ser o caso, corresponda.

**Artigo 43. Consignación.**

1. Os obrigados ao pagamento poderán consignar en efectivo o importe da cantidade debida e das custas na Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes administracións públicas ou nalgunha das súas sucursais, nos seguintes casos:

a) Cando se interpoñan as reclamacións ou recursos procedentes.

b) Cando a caixa do órgano competente, entidades colaboradoras, entidades que presten o servizo de caixa ou demais persoas ou entidades autorizadas para recibiren o pagamento non o admitisen, debendo facelo, ou non poidan admitilo por causa de forza maior.

2. No caso do número 1.a), a consignación suspenderá a execución do acto impugnado desde a data en que fose efectuada, cando se realice de acordo coas normas que regulan os recursos e reclamacións.

No caso do número 1.b), terá os efectos liberatorios do pagamento desde a data en que fose efectuada e polo importe que fose obxecto de consignación e sempre que se lle comunique ao órgano de recadación.

*Subsección 2.ª Aprazamento e fraccionamento*

**Artigo 44. Aprazamento e fraccionamento do pagamento.**

1. A Administración poderá, por solicitude do obrigado, aprazar ou fraccionar o pagamento das débedas nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán aprazables ou fraccionables todas as débedas tributarias e demais de natureza pública cuxa titularidade corresponda á Facenda pública, salvo as excepcións previstas nas leis.

3. As débedas correspondentes a obrigas tributarias que deban cumprir o retedor ou o obrigado a realizar ingresos á conta unicamente serán aprazables ou fraccionables nos supostos previstos no artigo 82.2.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pagamento da débeda aduaneira serán tramitadas e resoltas de acordo co establecido na súa normativa específica. Para aquelas solicitudes cuxa tramitación, de conformidade coa normativa de organización específica, corresponda aos órganos de recadación, este regulamento será aplicable de forma supletoria.

**Artigo 45. Competencia en materia de aprazamentos e fraccionamentos.**

1. As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento das débedas cuxa recadación leve a cabo a Axencia Estatal de Administración Tributaria serán tramitadas e resoltas por esta.

2. As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento formuladas no período voluntario de pagamento das débedas e sancións do sistema tributario estatal ou aduaneiro cuxa xestión no devandito período estea encomendada a un órgano da Administración xeral do Estado ou organismo autónomo, serán tramitadas e resoltas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, salvo que, de forma expresa e específica, as normas reguladoras deses recursos reserven para os citados órganos a xestión do aprazamento ou fraccionamento en período voluntario.

3. As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento dos demais recursos de natureza pública serán tramitadas e resoltas pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ou polas delegacións de Economía e Facenda, salvo que a xestión dos devanditos recursos estea atri-

buída a outros órganos da Administración xeral do Estado, organismos autónomos ou outra entidade de dereito público; en tal caso, tramitaranas e resolveranas estes órganos ou entidades.

**Artigo 46. Solicitudes de aprazamento e fraccionamento.**

1. As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento dirixiranse ao órgano competente para a súa tramitación dentro dos prazos seguintes:

a) Débedas que se encontren en período voluntario de ingreso ou de presentación das correspondentes autoliquidacións: dentro do prazo fixado para o ingreso no artigo 62.1, 2 e 3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou na normativa específica. Para estes efectos, no caso de débedas resultantes de autoliquidacións presentadas fóra de prazo, só se entenderá que a solicitude se presenta en período voluntario cando a solicitude de aprazamento ou fraccionamento se presente xunto coa autoliquidación extemporánea.

b) Débedas que se encontren en período executivo: en calquera momento anterior á notificación do acordo de alleamento dos bens.

2. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento conterà necesariamente os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado ao pagamento e, de ser o caso, da persoa que o represente.

b) Identificación da débeda cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, indicando polo menos o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.

c) Causas que motivan a solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

d) Prazos e demais condicións do aprazamento ou fraccionamento que se solicita.

e) Garantía que se ofrece, conforme o disposto no artigo 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

f) Orde de domiciliación bancaria, indicando o número de código conta cliente e os datos identificativos da entidade de crédito que deba efectuar o cargo na conta, cando a Administración competente para resolver establecese esta forma de pagamento como obrigatoria nestes supostos.

g) Lugar, data e sinatura do solicitante.

3. Á solicitude de aprazamento ou fraccionamento deberáselle xuntar:

a) Compromiso de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou de certificado de seguro de caución, ou a documentación que se detalla nos puntos 4 e 5, segundo o tipo de garantía que se ofrezca.

b) De ser o caso, os documentos que acrediten a representación e o lugar sinalado para os efectos de notificación.

c) Os demais documentos ou xustificantes que considere oportunos. En particular, deberase xustificar a existencia de dificultades económico-financeiras que lle impidan de forma transitoria efectuar o pagamento no prazo establecido.

d) Se a débeda tributaria cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita foi determinada mediante autoliquidación, o modelo oficial desta, debidamente cuberto, salvo que o interesado non estea obrigado a presentalo por estar xa en poder da Administración; en tal caso, sinalará o día e procedemento en que o presentou.

e) De ser o caso, solicitude de compensación durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento cos créditos que se poidan recoñecer ao seu favor durante o mesmo período de tempo sen prexuízo do disposto no artigo 52.2, segundo parágrafo.

4. Cando se solicite a admisión de garantía que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, achegarase, xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento e cos documentos a que se refire o número 3.b), c) e d), a seguinte documentación:

a) Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter o devandito aval ou certificado de seguro de caución, en que consten as xestións efectuadas para a súa obtención.

b) Valoración dos bens ofrecidos en garantía efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a valoración deberá efectuala, preferentemente, unha empresa ou profesional inscrito no devandito rexistro.

c) Balance e conta de resultados do último exercicio cerrado e informe de auditoría, se existe, en caso de empresarios ou profesionais obrigados por lei a levar contabilidade.

5. Cando se solicite a dispensa total ou parcial de garantía, achegarase xunto coa solicitude, ademais dos documentos a que se refire o número 3.b), c) e d), a seguinte documentación:

a) Declaración responsable e xustificación documental manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.

b) Xustificación documental da imposibilidade de obter aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, en que consten as xestións efectuadas para a súa obtención.

c) Balance e conta de resultados dos tres últimos anos e informe de auditoría, se existe, en caso de empresarios ou profesionais obrigados por lei a levar contabilidade.

d) Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.

6. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na normativa ou non se xuntan os documentos citados nos puntos anteriores, o órgano competente para a tramitación do aprazamento ou fraccionamento requirirá o solicitante para que, nun prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto ou achegue os documentos con indicación de que, de non atender o requirimento no prazo sinalado, se terá por non presentada a solicitude e se arquivará sen máis trámite.

Non procederá a emenda se non se xunta á solicitude de aprazamento ou fraccionamento a autoliquidación que non estea en poder da Administración. Neste caso, procederá a inadmisión conforme o previsto no artigo 47.

Se a solicitude de aprazamento ou fraccionamento se presenta en período voluntario de ingreso e o prazo para atender o requirimento de emenda finalizase con posterioridade ao prazo de ingreso en período voluntario e aquel non fose atendido, iníciase o procedemento de constrinximento mediante a notificación da oportuna providencia de constrinximento.

Cando o requirimento de emenda fose obxecto de contestación en prazo polo interesado pero non se entenden emendados os defectos observados, procederá a denegación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

Poderase acordar a denegación cando a garantía achegada polo solicitante fose rexeitada anteriormente pola Administración tributaria por falta de suficiencia xurídica ou económica ou por falta de idoneidade.

7. Cando se considere oportuno para os efectos de ditar resolución, poderáselle requirir ao solicitante a información e documentación que considere necesaria para resolver a solicitude de aprazamento ou fraccionamento e, en particular, a referente á titularidade, descrición, estado, cargas e utilización dos bens ofrecidos en garantía.

#### Artigo 47. *Inadmisión de solicitudes de aprazamento e fraccionamento.*

1. Serán inadmitidas as solicitudes de aprazamento e fraccionamento nos seguintes casos:

a) Cando a débeda deba ser declarada mediante autoliquidación e esta última non fose obxecto de presentación con anterioridade ou conxuntamente coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

b) Cando a autoliquidación fose presentada téndose iniciado con anterioridade un procedemento de comprobación ou investigación que quedase suspendido por ter pasado o tanto de culpa á xurisdición competente ou por ter sido remitido o expediente ao Ministerio Fiscal por concorrer algún dos supostos regulados no artigo 305 do Código penal, sempre que a solicitude de aprazamento ou fraccionamento se refira a conceptos e períodos obxecto do devandito procedemento de comprobación ou investigación.

Naqueles supostos en que a concorrencia das circunstancias previstas nesta alínea b) se poña de manifesto unha vez iniciada a tramitación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento, esta última quedará sen efecto de forma automática, debéndose comunicar ao Ministerio Fiscal ou ao órgano xurisdicional a presentación da devandita solicitude.

2. A presentación de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento reiterativas doutras anteriores que fosen obxecto de denegación previa implicará a súa inadmisión cando non conteñan modificación substancial respecto da solicitude previamente denegada e, en particular, cando a devandita reiteración teña por finalidade dilatar, dificultar ou impedir o desenvolvemento da xestión recadatoria.

3. A inadmisión implicará que a solicitude de aprazamento ou fraccionamento se teña por non presentada para todos os efectos.

4. Contra o acordo de inadmisión caberá a interposición de recurso ou reclamación económico-administrativa.

#### Artigo 48. *Garantías en aprazamentos e fraccionamentos.*

1. Cando o solicitante sexa unha Administración pública non se exixirá garantía.

2. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de demora que xere o aprazamento e un 25 por cento da suma de ambas as partidas.

3. En caso de solicitude de fraccionamento, poderase constituír unha única garantía para a totalidade das fraccións que se poidan acordar ou ben garantías parciais e independentes para unha ou varias fraccións.

En todo caso, a garantía deberá cubrir o importe das fraccións a que se refira, incluíndo o importe que por principal e xuros de demora se incorpore ás fraccións máis o 25 por cento da suma de ambas as partidas.

4. A suficiencia económica e xurídica das garantías será apreciada polo órgano competente para a tramitación do aprazamento ou fraccionamento.

Cando a devandita apreciación presente especial complexidade, poderase solicitar informe doutros servi-

zos técnicos da Administración ou contratar servizos externos. Así mesmo, o órgano competente para tramitar o aprazamento ou fraccionamento poderalle solicitar informe ao órgano con funcións de asesoramento xurídico correspondente sobre a suficiencia xurídica da garantía ofrecida.

Se a valoración do ben ofrecido en garantía resultase insuficiente para garantir o aprazamento ou fraccionamento nos termos previstos neste regulamento, deducidas as cargas, de ser o caso, existentes e non se tratase dun suposto dos regulados no artigo 50, requirirase o solicitante para que no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, achegue garantías complementarias ou ben acredite a imposibilidade de achegalas, conforme o disposto no artigo 46.4 e 5.

Se o requirimento non é atendido ou, séndoo, non se entende complementada a garantía ou suficientemente xustificada a imposibilidade de complementala, procederá a denegación da solicitude.

5. A vixencia da garantía constituída mediante aval ou certificado de seguro de caución deberá exceder polo menos en seis meses o vencemento do prazo ou prazos garantidos.

6. A garantía deberase formalizar no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión cuxa eficacia quedará condicionada á devandita formalización.

7. Transcorrido o prazo de dous meses sen se formalizaren as garantías, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, iniciarase o período executivo o día seguinte a aquel en que finalizou o prazo para a formalización das garantías, debéndose iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, exixíndose o ingreso do principal da débeda e a recarga do período executivo.

Procederase á liquidación dos xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data de fin do prazo para a formalización das garantías sen prexuízo dos que se devenguen posteriormente en virtude do disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberá continuar o procedemento de constrinximento.

8. A aceptación da garantía será competencia do órgano que deba resolver o aprazamento ou fraccionamento solicitado. A devandita aceptación efectuarase mediante documento administrativo que, de ser o caso, será remitido aos rexistros públicos correspondentes para que o seu contido se faga constar nestes.

9. As garantías serán liberadas de inmediato unha vez realizado o pagamento total da débeda garantida, incluídas, de ser o caso, as recargas, os xuros de demora e as custas. Se se trata de garantías parciais e independentes, estas deberán ser liberadas de forma independente cando se satisfagan os prazos garantidos por cada unha delas.

10. O reembolso do custo das garantías achegadas para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda ou sanción tributaria, cando a devandita débeda ou sanción sexan declaradas improcedentes por sentenza ou resolución administrativa firme, regulado no artigo 33 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, tramitarase e resolverase de acordo co establecido para o reembolso dos custos das garantías achegadas para suspender a execución dun acto impugnado.

Ademais dos custos das garantías previstos no parágrafo anterior, reembolsaranse os custos orixinados pola adopción de medidas cautelares en substitución das garantías a que se refire o artigo 82.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

11. Nos supostos de estimación parcial dun recurso ou reclamación cuxa resolución non poida ser executada de conformidade coa normativa reguladora dos recursos e reclamacións, o obrigado ao pagamento terá dereito, se así o solicita, á redución proporcional da garantía achegada para aprazar ou fraccionar unha débeda.

Para estes efectos, o órgano competente practicará no prazo de 15 días desde a presentación da solicitud do interesado unha cuantificación da débeda que, de ser o caso, fose da execución da resolución do correspondente recurso ou reclamación, a cal servirá para determinar o importe da redución procedente e, en consecuencia, da garantía que debe quedar subsistente.

Non obstante, a garantía anterior seguirá afecta ao pagamento do importe da débeda subsistente, mantendo a súa vixencia ata a formalización da nova garantía que cubra o importe da débeda subsistente.

Serán órganos competentes para proceder á substitución da garantía os órganos que acordaron o aprazamento ou fraccionamento.

#### Artigo 49. *Adopción de medidas cautelares no ámbito dos aprazamentos e fraccionamentos.*

1. Cando a constitución da garantía resulte excesivamente onerosa en relación coa contía e prazo da débeda, o obrigado ao pagamento poderá solicitar que a Administración adopte medidas cautelares en substitución das garantías necesarias se ten solicitadas devolucións tributarias ou outros pagamentos ao seu favor ou cando sexa titular de bens ou dereitos que sexan susceptibles de embargo preventivo. Cando os devanditos bens ou dereitos sexan susceptibles de inscrición nun rexistro público, a concesión estará supeditada á inscrición previa no correspondente rexistro.

No propio acordo en que se resolva o aprazamento ou fraccionamento, a Administración tributaria accederá á devandita solicitud ou denegará, atendendo, entre outras circunstancias, á situación económico-financieira do debedor ou á natureza do ben ou dereito sobre o que se debese adoptar a medida cautelar. En todo caso, a decisión deberá ser motivada.

Denegarase a solicitud cando sexa posible realizar o embargo dos devanditos bens ou dereitos consonte o disposto nos artigos 75 a 93.

Os custos orixinados pola adopción de medidas cautelares en substitución das garantías necesarias serán por conta do debedor. Aos devanditos custos aplicarase o disposto nos artigos 113 a 115.

En caso de incumprimento do aprazamento ou fraccionamento resultará aplicable o disposto con carácter xeral para os supostos de falta de pagamento regulados nesta subsección. Con carácter previo á execución da garantía, a medida cautelar adoptada deberá ser convertida en definitiva no procedemento de constrinximento.

2. Cando se presente unha solicitud de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario e concorran as circunstancias previstas no artigo 81.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderanse adoptar as medidas cautelares reguladas no devandito precepto para asegurar o cobramento da débeda, sen prexuízo da resolución que poida recaer en relación coa solicitud realizada e mentres esta se tramita.

#### Artigo 50. *Dispensa de garantías en aprazamentos e fraccionamentos.*

1. Cando se solicite un aprazamento ou fraccionamento con dispensa total ou parcial de garantías de acordo co disposto no artigo 82.2.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o órgano competente investigará a existencia de bens ou dereitos susceptibles de ser achegados en garantía do aprazamento ou fraccionamento solicitado.

Comprobada a existencia dos devanditos bens e dereitos, efectuarase requirimento ao solicitante para que cubra a súa solicitud coa achega daqueles como garantía nos termos previstos no artigo 48.4 deste regulamento e coas consecuencias alí establecidas para o caso de inatención ou de atención insuficiente ao devandito requirimento.

2. Concedido o aprazamento ou fraccionamento con dispensa total ou parcial de garantías, o solicitante quedará obrigado durante o período a que aquel se estenda a comunicarlle ao órgano competente para a recadación das débedas aprazadas ou fraccionadas calquera variación económica ou patrimonial que permita garantir a débeda. En tal caso, concederáselle o prazo previsto no artigo 48.6 para constituír a garantía.

Cando a Administración coñeza de oficio a modificación das devanditas circunstancias, procederase á súa notificación ao interesado, concedéndolle un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación, para que alegue o que considere conveniente. Transcorrido o prazo de alegacións, a Administración requirirá, de ser o caso, o interesado para a formalización da garantía ou para a modificación da garantía preexistente, indicándolle os bens sobre os que se debe constituír esta e o prazo para a súa formalización, nos termos do artigo 48.

En particular, se durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento se repartisen beneficios, con anterioridade á repartición deberase constituír a correspondente garantía para o pagamento das obrigas pendentes coa Facenda pública.

O incumprimento da obriga de constituír garantía prevista neste punto terá as mesmas consecuencias ca as reguladas neste regulamento para a falta de formalización de garantías.

3. Nos supostos de fraccionamentos, en que se solicite a súa concesión con dispensa parcial de garantías, de se acceder á solicitud, a devandita garantía parcial quedará afecta á totalidade das fraccións incorporadas ao acordo, e será de aplicación, en caso de incumprimento de pagamento, o disposto no artigo 54.2.

#### Artigo 51. *Tramitación de solicitudes de aprazamentos e fraccionamentos.*

1. O órgano competente para a tramitación examinará e avaliará a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos e valorará a suficiencia e idoneidade das garantías, ou, en caso de solicitud de dispensa de garantía, verificará a concorrencia das condicións precisas para obtela.

Realizados os trámites anteriores, formularase proposta de resolución que será remitida ao órgano competente para a súa resolución.

2. Durante a tramitación da solicitud o debedor deberá efectuar o pagamento do prazo, fracción ou fraccións propostos naquela.

O órgano competente para a tramitación da solicitud, se considera que a resolución se puidese ver demorada como consecuencia da complexidade do expediente, valorará o establecemento dun calendario provisional de pagamentos ata que a resolución se produza. O devandito calendario poderá incorporar prazos distintos dos pro-

postos polo solicitante e substituíraos para todos os efectos.

En caso de incumprimento de calquera dos devanditos pagamentos, xa sexan os propostos polo interesado ou os fixados pola Administración no correspondente calendario, poderase denegar a solicitude por concorreren dificultades económico-financieiras de carácter estrutural.

Da oportunidade e conveniencia da fixación do devandito calendario deberá quedar xustificación no expediente.

3. Se en calquera momento durante a tramitación do aprazamento ou fraccionamento o interesado efectúa o ingreso da débeda, a Administración liquidará xuros de demora polo período transcorrido desde o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso.

No suposto de fixación dun calendario provisional pola Administración ou de proposta polo interesado de prazos ou fraccións, cada un dos pagamentos realizados en virtude de calquera dos dous calendarios imputarase á cancelación do principal da débeda a que se refire a solicitude de aprazamento ou fraccionamento. Se o aprazamento ou fraccionamento resulta finalmente concedido, liquidaranse os xuros devengados sobre cada un dos pagamentos efectuados en virtude do devandito calendario ou proposta desde o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do pagamento respectivo, notificándose a devandita liquidación ao interesado xunto co acordo de aprazamento ou fraccionamento, outorgándose os prazos de ingreso sinalados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

#### Artigo 52. *Resolución de solicitudes de aprazamentos e fraccionamentos.*

1. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento especificarán o número de código conta cliente, de ser o caso, e os datos identificativos da entidade de crédito que teña que efectuar o cargo na conta conforme o artigo 46.2.f), os prazos de pagamento e demais condicións do acordo. A resolución poderá sinalar prazos e condicións distintos dos solicitados.

En todo caso, o vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes. Cando o acordo inclúa varias débedas, sinalaranse de forma independente os prazos e contías que afecten cada unha.

2. Na resolución poderanse establecer as condicións que se consideren oportunas para asegurar o pagamento efectivo no prazo máis breve posible e para garantir a preferencia da débeda aprazada ou fraccionada, así como o correcto cumprimento das obrigas tributarias do solicitante.

En particular, poderanse establecer condicións polas que se afecten ao cumprimento do aprazamento ou fraccionamento os pagamentos que a Facenda pública deba realizar ao obrigado durante a vixencia do acordo, en contía que non prexudique a viabilidade económica ou continuidade da actividade. Para tal efecto, entenderase, nos supostos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con dispensa total ou parcial de garantías, que desde o momento da resolución se formula a oportuna solicitude de compensación para que produza os seus efectos en canto concorran créditos e débitos, incluso cando iso poida supoñer vencementos anticipados dos prazos e sen prexuízo dos novos cálculos de xuros de demora que resulten procedentes.

De igual forma, poderase exixir e condicionar o mantemento e a eficacia do acordo de concesión do aprazamento ou fraccionamento a que o solicitante estea ao día das súas obrigas tributarias durante a vixencia do acordo.

Cando a resolución de fraccionamento incluíse débedas que se encontrasen en período voluntario e débedas que se encontrasen en período executivo de ingreso no momento de se presentar a solicitude, o acordo de concesión non poderá acumular na mesma fracción débedas que se encontrasen en distinto período de ingreso. En todo caso, teranse que satisfacer en primeiro lugar aquelas fraccións que inclúan as débedas que se encontrasen en período executivo de ingreso no momento de se efectuar a solicitude.

3. Se a resolución concedese o aprazamento ou fraccionamento, notificaráselle ao solicitante advertíndoo dos efectos que se producirán de non se constituír a garantía no prazo legalmente establecido e en caso de falta de pagamento conforme os artigos 48 e 54. A devandita notificación incorporará o cálculo dos xuros de demora asociados a cada un dos prazos de ingreso concedidos segundo o disposto no artigo seguinte.

Se, unha vez concedido un aprazamento ou fraccionamento, o debedor solicitase unha modificación nas súas condicións, a petición non terá, en ningún caso, efectos suspensivos. A tramitación e resolución destas solicitudes rexeráse polas mesmas normas ca as establecidas para as peticións de aprazamento ou fraccionamento con carácter xeral.

4. Se a resolución ditada fose denegatoria, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, coa notificación do acordo denegatorio iníciase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

De non se producir o ingreso no devandito prazo, comezará o período executivo e deberase iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

De se realizar o ingreso no devandito prazo, procederá a liquidación dos xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación. De non se realizar o ingreso, os xuros liquidaranse ata a data de vencemento do devandito prazo, sen prexuízo dos que se poidan devengar con posterioridade conforme o disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberase iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de non se ter iniciado con anterioridade.

5. Contra a denegación das solicitudes de aprazamento ou fraccionamento só caberá a presentación do correspondente recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa nos termos e cos efectos establecidos na normativa aplicable.

6. A resolución deberase notificar no prazo de seis meses.

Transcorrido o devandito prazo sen que se notificase a resolución, poderase entender desestimada a solicitude para os efectos de interpoñer o recurso correspondente ou esperar a resolución expresa.

#### Artigo 53. *Cálculo de xuros en aprazamentos e fraccionamentos.*

1. En caso de concesión do aprazamento calcularanse xuros de demora sobre a débeda aprazada, polo tempo comprendido entre o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario e a data do vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá a recarga do período executivo. Os

xuros devengados deberanse ingresar xunto coa débeda aprazada.

2. En caso de concesión do fraccionamento, calcularanse xuros de demora por cada fracción de débeda.

Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá a recarga do período executivo.

Por cada fracción de débeda computaranse os xuros devengados desde o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido. Os xuros devengados por cada fracción deberanse pagar xunto coa devandita fracción no prazo correspondente.

3. En caso de denegación do aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de demora de conformidade co artigo 52.4.

b) Se foi solicitado en período executivo, liquidaranse xuros unha vez realizado o pagamento, de conformidade co artigo 72.

**Artigo 54. Actuacións en caso de falta de pagamento en aprazamentos e fraccionamentos.**

1. Nos aprazamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuase o pagamento, produciranse os seguintes efectos:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario, iniciarase o período executivo o día seguinte ao do vencemento do prazo incumprido, debéndose iniciar o procedemento de constrinximento. Exíxirase o ingreso do principal da débeda, os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e a recarga do período executivo sobre a suma de ambos os conceptos.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo, deberá continuar o procedemento de constrinximento.

c) Nos supostos recollidos nas alíneas a) e b), transcorridos os prazos previstos no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que o ingreso das cantidades exixidas se efectuase, procederase segundo dispón o seu artigo 168.

2. Nos fraccionamentos concedidos con dispensa total de garantías ou con garantía ou garantías constituídas sobre o conxunto das fraccións, se chegado o vencemento dunha fracción non se efectuase o pagamento, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a fracción incumprida incluíse débedas en período executivo no momento de se presentar a solicitude:

1.º Para a totalidade das débedas incluídas no acordo de fraccionamento que se encontrasen en período executivo no momento de se presentar a solicitude, deberase continuar o procedemento de constrinximento.

2.º Para a totalidade das débedas incluídas no acordo de fraccionamento que se encontrasen en período voluntario no momento de se presentar a solicitude, iniciarase o período executivo o día seguinte ao do vencemento da fracción incumprida, debéndose iniciar o procedemento de constrinximento. Exíxiranse os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento de pagamento da fracción incumprida.

b) Se a fracción incumprida incluíse débedas en período voluntario no momento de se presentar a solicitude, procederase respecto da devandita fracción incumprida a iniciar o procedemento de constrinximento. Exíxirase o importe da devandita fracción, os xuros de demora

devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e a recarga do período executivo sobre a suma de ambos os conceptos.

De non se producir o ingreso das cantidades exixidas conforme o parágrafo anterior consideraranse vencidas o resto das fraccións pendentes, debéndose iniciar o procedemento de constrinximento respecto de todas as débedas. Exíxiranse os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento de pagamento da fracción incumprida.

c) Nos fraccionamentos concedidos con garantía ou garantías constituídas sobre o conxunto das fraccións, transcorridos os prazos previstos no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que o ingreso das cantidades exixidas se efectuase, procederase segundo dispón o seu artigo 168.

3. Se nos fraccionamentos as garantías se constituísen con carácter parcial e independente para unha ou varias fraccións e chegado o vencemento dunha fracción non se efectuase o pagamento, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a fracción incumprida incluíse débedas en período executivo de ingreso no momento de se presentar a solicitude, producirase o vencemento da totalidade das fraccións a que estenda os seus efectos a garantía parcial e independente.

Se a garantía parcial estendese os seus efectos a fraccións que inclúsen débedas en período executivo de ingreso e a fraccións que inclúsen débedas en período voluntario de ingreso no momento de se solicitar o fraccionamento, deberase continuar o procedemento de constrinximento respecto das primeiras. Respecto das segundas deberase iniciar o procedemento de constrinximento e exíxiranse os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento de pagamento da fracción incumprida.

Transcorridos os prazos previstos no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que o ingreso das cantidades exixidas se efectuase, procederase a executar a garantía parcial.

O acordo de fraccionamento permanecerá vixente respecto das fraccións ás cales non alcance a garantía parcial e independente.

b) Se a fracción incumprida incluíse débedas en período voluntario de ingreso no momento de se presentar a solicitude, as consecuencias en relación coa fracción incumprida e co resto das fraccións pendentes ás cales estenda os seus efectos a garantía parcial e independente serán as establecidas no número 2.b).

Transcorridos os prazos previstos no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que o ingreso das cantidades exixidas se efectuase, procederase a executar a garantía parcial e independente.

O acordo de fraccionamento permanecerá vixente respecto das fraccións ás cales non alcance a garantía parcial e independente.

4. A execución das garantías a que se refire este artigo realizarase polo procedemento regulado no artigo 74.

O importe líquido obtido aplicarase ao pagamento da débeda pendente, incluídas custas, recargas e xuros de demora.

A parte sobrante será posta á disposición do garante ou de quen corresponda.

5. Nos supostos de aprazamento ou de fraccionamento con dispensa parcial de garantía ou de insuficiencia sobrevida das garantías no seu día formalizadas, non será necesario esperar á súa execución para proseguir as actuacións do procedemento de constrinximento. No caso de insuficiencia sobrevida deberá quedar motivada

no expediente a continuación do procedemento de constrinximento como consecuencia daquela.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> OUTRAS FORMAS DE EXTINCIÓN

### Artigo 55. *Débedas compensables.*

As débedas de natureza pública a favor da Facenda pública, tanto en período voluntario como en executivo, poderanse extinguir total ou parcialmente por compensación cos créditos recoñecidos por aquela a favor do debedor en virtude dun acto administrativo.

### Artigo 56. *Compensación por instancia do obrigado ao pagamento.*

1. O obrigado ao pagamento que inste a compensación deberá dirixir ao órgano competente para a súa tramitación a correspondente solicitude, que conterá os seguintes datos:

- Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado ao pagamento e, de ser o caso, da persoa que o represente.
- Identificación da débeda cuxa compensación se solicita, indicando, polo menos, o seu importe, concepto e data de vencemento do prazo de ingreso en período voluntario.
- Identificación do crédito recoñecido pola Facenda pública a favor do solicitante cuxa compensación se ofrece, indicando polo menos o seu importe, concepto e órgano xestor.
- Lugar, data e sinatura do solicitante.

2. Á solicitude de compensación xuntaráselle os seguintes documentos:

- Se a débeda tributaria cuxa compensación se solicita foi determinada mediante autoliquidación, o modelo oficial desta debidamente cuberto, salvo que o interesado non estea obrigado a presentalo por estar xa en poder da Administración; en tal caso, sinalará o día e procedemento en que o presentou.
- Xustificación de ter solicitado certificado da oficina de contabilidade do órgano ou organismo xestor do gasto ou do pagamento, en que se reflecta a existencia do crédito recoñecido pendente de pagamento, a data do seu recoñecemento e a suspensión, por instancia do interesado, dos trámites para o seu aboamento mentres non se comunique a resolución do procedemento de compensación.

O Ministerio de Economía e Facenda poderá ditar as disposicións oportunas para normalizar as mencionadas certificacións administrativas.

Se o crédito ofrecido en compensación deriva dunha devolución tributaria, en lugar da certificación anterior xuntarase, de ser o caso, copia do acto, resolución ou sentenza que o recoñeza.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos ou non se xuntan os documentos que se sinalan neste artigo, o órgano competente para a tramitación do procedemento requiriralle ao solicitante que no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte o da notificación do requirimento, emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por non presentada a solicitude e se arquivará sen máis trámite.

Se a solicitude de compensación se presentase en período voluntario de ingreso e o prazo para atender o requirimento de emenda finalizase con posterioridade ao prazo de ingreso en período voluntario e aquel non fose atendido, iniciarase o procedemento de constrinximento

mediante a notificación da oportuna providencia de constrinximento.

Cando o requirimento de emenda fose obxecto de contestación en prazo polo interesado pero non se entenden emendados os defectos observados, procederá a denegación da solicitude de compensación.

O devandito requirimento non será efectuado cando, examinada a solicitude e contrastados os datos indicados nesta cos que estean en poder da Administración, quede acreditada a inexistencia do crédito ofrecido ou cando, tratándose o devandito crédito dunha devolución tributaria, se comprobe a inexistencia da súa solicitude. Neste suposto terase por non presentada a solicitude de compensación e procederase ao seu arquivo sen máis trámite.

4. Cando a solicitude se presente en período executivo, poderanse suspender as actuacións de alleamento dos bens ou dereitos.

5. O órgano competente para resolver acordará a compensación cando concorran os requisitos establecidos con carácter xeral na normativa tributaria e civil ou, de ser o caso, na lexislación aplicable con carácter específico.

Se a resolución ditada fose denegatoria, os efectos serán os seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, coa notificación do acordo denegatorio iniciarase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

De non se producir o ingreso no devandito prazo, comezará o período executivo e deberase iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

De se realizar o ingreso no devandito prazo, procederá a liquidación dos xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación. De non se realizar o ingreso, os xuros liquidarase ata a data de vencemento do devandito prazo, sen prexuízo dos que se poidan devengar con posterioridade conforme o disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberase iniciar o procedemento de constrinximento nos termos previstos no artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de non se ter iniciado con anterioridade.

6. A solicitude de compensación non impedirá a solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos da débeda restante.

7. A resolución deberase notificar no prazo de seis meses.

Transcorrido o devandito prazo sen que se notificase a resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude para os efectos de interpor o recurso correspondente ou esperaren a resolución expresa.

### Artigo 57. *Compensación de oficio de débedas de entidades públicas.*

1. As débedas vencidas, líquidas e exixibles a favor da Facenda pública estatal que deba satisfacer un ente territorial, un organismo autónomo, a Seguridade Social ou unha entidade de dereito público serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario.

2. A compensación realizarase cos créditos de natureza tributaria recoñecidos a favor das entidades citadas e cos demais créditos recoñecidos no seu favor por execución do orzamento de gastos do Estado ou dos seus organismos autónomos e por devolucións de ingresos orzamentarios.

3. O inicio do procedemento de compensación notificaráselle á entidade correspondente indicando a débeda e o crédito que van ser obxecto de compensación na cantidade concorrente.

**Artigo 58. *Compensación de oficio de débedas doutros acredores á Facenda pública.***

1. Cando un debedor á Facenda pública non comprendido no artigo anterior sexa, pola súa vez, acredor daquela por un crédito recoñecido, unha vez transcorrido o período voluntario, compensaranse de oficio a débeda e as recargas do período executivo que procedan co crédito.

2. Non obstante, compensaranse de oficio durante o prazo de ingreso en período voluntario:

a) As cantidades que se vaian ingresar e devolver que resulten dun mesmo procedemento de comprobación limitada ou inspección, debéndose producir o ingreso ou a devolución da cantidade diferencial que proceda.

b) As cantidades que se vaian ingresar e devolver que resulten da práctica dunha nova liquidación por ter sido anulada outra anterior. Neste caso, na notificación da nova liquidación procederase á compensación da cantidade que proceda e notificaráselle ao obrigado ao pagamento o importe diferencial para que o ingrese nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Neste suposto, procederá a liquidación dos xuros de demora devengados segundo o disposto no artigo 26.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, xuros que serán obxecto de compensación no mesmo acordo.

**Artigo 59. *Efectos da compensación.***

1. Adoptado o acordo de compensación, decláranse extinguidas as débedas e créditos na cantidade concorrente. O devandito acordo seralle notificado ao interesado e servirá como xustificante da extinción da débeda.

2. Se o crédito é inferior á débeda, procederase como segue:

a) A parte de débeda que exceda do crédito seguirá o réxime ordinario, iniciándose o procedemento de constrinximento, se non é ingresada ao seu vencemento, ou continuando o devandito procedemento, se xa se iniciase con anterioridade, sendo posible practicar compensacións sucesivas cos créditos que posteriormente se poidan recoñecer a favor do obrigado ao pagamento.

b) A parte concorrente procederá segundo o disposto no punto 1.

3. En caso de que o crédito sexa superior á débeda, declarada a compensación, aboaráse a diferenza ao interesado.

**Artigo 60. *Extinción de débedas das entidades de dereito público mediante deducións sobre transferencias.***

1. As débedas de natureza pública vencidas, líquidas e exíxibles que os entes territoriais, organismos autónomos, Seguridade Social e demais entidades de dereito público teñan coa Facenda pública estatal poderanse extinguir mediante dedución das cantidades que a Administración xeral do Estado deba transferir ás referidas entidades.

2. As actuacións serán as seguintes:

a) Comprobada polo órgano de recadación competente a existencia dunha débeda das previstas no punto anterior e a inexistencia de créditos a favor da entidade debedora que poidan ser obxecto de compensación de oficio, comunicará-

selle a esta que, transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se efectuase o pagamento das débedas e non existindo crédito recoñecido ao seu favor, se iniciará o procedemento de dedución mediante acordo que se lle notificará á entidade debedora, acompañado da proposta de dedución, con indicación da débeda a que se refire.

Na notificación concederase un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte a aquel en que esta se produza, para efectuar as alegacións que considere convenientes, advertíndose que, de non formular alegacións nin achegar novos documentos ou elementos de proba, se poderá ditar a resolución de acordo coa devandita proposta.

En vista das alegacións formuladas pola entidade debedora, o órgano de recadación competente poderá efectuar proposta de dedución ao Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Noutro caso, acordará o arquivo das actuacións, que se lle notificará á entidade debedora, o que porá fin ao procedemento.

O inicio do procedemento de dedución determinará a suspensión do procedemento de cobramento das débedas a que se refira, con efectos desde a data de inicio ata que se produza a dedución ou ata que, de ser caso e de conformidade co previsto no parágrafo anterior, se acorde o arquivo das actuacións.

A devandita suspensión non afectará a compensación de oficio de créditos que se poidan recoñecer a favor da entidade debedora.

Efectuada a devandita compensación, o acordo de dedución reducirase, sen necesidade de acordo expreso, en igual contía á compensada.

b) O órgano competente para resolver ditará, se procede, o acordo de dedución, notificándollo ao ente acredor e, de ser o caso, ao órgano competente para que proceda á súa execución. O acordo de dedución será notificado ao debedor.

c) Se é o caso, practicarase a liquidación de xuros de demora que se devengasen e notificaráselle ao debedor.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> BAIXA PROVISIONAL POR INSOLVENCIA**

**Artigo 61. *Concepto de debedor falido e de crédito incobrable.***

1. Consideraranse falidos aqueles obrigados ao pagamento respecto dos cales se ignore a existencia de bens ou dereitos embargables ou realizables para o cobramento do débito. En particular, considerarase que non existen bens ou dereitos embargables cando os posuídos polo obrigado ao pagamento non fosen adxudicados á Facenda pública de conformidade co que se establece no artigo 109. Así mesmo, considerarase falido por insolvencia parcial o debedor cuxo patrimonio embargable ou realizable coñecido tan só alcance a cubrir unha parte da débeda.

A declaración de falido poderase referir á insolvencia total ou parcial do debedor.

Son créditos incobrables aqueles que non se puideron facer efectivos no procedemento de constrinximento por resultaren falidos os obrigados ao pagamento.

O concepto de incobrable aplicarase aos créditos e o de falido aos obrigados ao pagamento.

2. Una vez declarados falidos os debedores principais e os responsables solidarios, a acción de cobramento dirixirase fronte ao responsable subsidiario.

Se non existisen responsables subsidiarios ou se, existindo, estes resultan falidos, o crédito será declarado incobrable polo órgano de recadación.

3. Sen prexuízo do que establece a normativa orzamentaria e atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, o director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tri-

butaria determinará as actuacións concretas que se deberán realizar para os efectos de xustificar a declaración de crédito incobrable.

**Artigo 62. Efectos da baixa provisional por insolvencia.**

1. A declaración total ou parcial de crédito incobrable determinará a baixa en contas do crédito na contía a que se refira a devandita declaración.

2. A devandita declaración non impide o exercicio pola Facenda pública contra quen proceda das accións que se poidan exercitar consonte as leis, mentres non se producise a prescrición do dereito da Administración para exixir o pagamento.

3. A declaración de falido correspondente a persoas ou entidades inscritas no Rexistro Mercantil será anotada neste en virtude de mandamento expedido polo órgano de recadación competente. Con posterioridade á anotación, o rexistro comunicaralle ao devandito órgano de recadación calquera acto relativo ás persoas ou entidades que se presente para inscrición ou anotación.

4. Declarado falido un obrigado ao pagamento, as débedas de vencemento posterior á declaración consideraranse vencidas e poderán ser dadas de baixa por referencia á devandita declaración, se non existen outros obrigados ao pagamento.

**Artigo 63. Revisión de falidos e rehabilitación de créditos incobrables.**

1. O órgano de recadación vixiará a posible solvenza sobrevida dos obrigados ao pagamento declarados falidos.

2. En caso de se producir tal circunstancia e de non mediar prescrición, procederá a rehabilitación dos créditos declarados incobrables, reiniciándose o procedemento de recadación partindo da situación en que se encontraban no momento da declaración de crédito incobrable ou da baixa por referencia.

## CAPÍTULO II

### Garantías da débeda

**Artigo 64. Dereito de prelación.**

1. Conforme o disposto no artigo 77 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando existan anotacións de embargo nos rexistros da propiedade e de bens mobles, practicadas con anterioridade á do crédito da Facenda pública sobre uns mesmos bens embargados, o órgano de recadación poderá elevar ao órgano competente o expediente para os efectos de acordar, se procede, o exercicio da acción de terzaría de mellor dereito en defensa dos intereses da Facenda pública, logo do informe do órgano con funcións de asesoramento xurídico.

2. Cando nos mencionados rexistros consten dereitos inscritos ou anotados con anterioridade á anotación de embargo a favor da Facenda pública, e existisen indicios de que as devanditas inscricións ou anotacións puidesen ser consecuencia de actuacións realizadas en prexuízo dos dereitos da Facenda pública, trasladarase copia da documentación ao órgano con funcións de asesoramento xurídico correspondente, para o efecto de determinar a procedencia, de ser o caso, de exercer accións legais en defensa do crédito público.

**Artigo 65. Hipoteca legal tácita.**

1. Para os efectos do disposto no artigo 78 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, enténdese que se exige o pagamento cando se inicia o procedemento de recadación en período voluntario dos débitos correspondentes ao exercicio en que se inscribise no

rexistro o dereito ou se efectuase a transmisión dos bens ou dereitos de que se trate.

2. Tanto o acreedor hipotecario como o terceiro adquirente teñen dereito a exixir a segregación de cotas dos bens que lles interesen, cando estean englobadas nun único recibo con outras do mesmo obrigado ao pagamento.

3. Para a execución da hipoteca legal tácita aplícase o artigo 74.4.

**Artigo 66. Outras hipotecas e dereitos reais en garantía dos créditos da Facenda pública.**

1. Para ter igual preferencia ca a indicada no artigo anterior, por débitos anteriores aos expresados nel ou por maior cantidade da que deste resulta, poderá ser constituída voluntariamente polo debedor ou ser exixida pola Facenda pública a constitución de hipoteca especial. Esta hipoteca producirá efecto desde a data en que quede inscrita, de conformidade co establecido no artigo 145 da Lei hipotecaria.

2. En relación con outras débedas poderase constituír voluntariamente, como garantía en favor da Facenda pública, nos casos de aprazamento e fraccionamento ou nos demais supostos previstos na normativa que resulte de aplicación, hipoteca inmobiliaria, hipoteca mobiliaria, peñor sen desprazamento da posesión ou calquera outro dereito real de garantía.

3. Se a garantía se constituíu unilateralmente, a súa aceptación faraa o órgano competente mediante documento administrativo, cuxo contido se fará constar no rexistro correspondente.

Con carácter previo poderase solicitar informe ao órgano con funcións de asesoramento xurídico sobre a suficiencia da garantía.

A Facenda pública, de ser o caso, autorizará a cancelación da garantía na mesma forma establecida para a aceptación.

4. A execución destas garantías efectuarase conforme o establecido no artigo 74.

**Artigo 67. Afección e retención de bens.**

1. Para o exercicio do dereito de afección requírirase a declaración de responsabilidade subsidiaria nos termos establecidos nos artigos 174 e 176 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A nota marxinal de afección será solicitada expresamente e de oficio polo órgano competente, a menos que a liquidación se consigne no documento que deba acceder ao rexistro; en tal caso, a nota de afección expediraa directamente este último sen necesidade de solicitude para o efecto.

2. O dereito de retención exercerano os órganos aos cales se presentasen ou entregasen as mercadorías.

## TÍTULO III

### Recadación en período voluntario e en período executivo

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

**Artigo 68. Iniciación e terminación da recadación en período voluntario.**

1. A recadación en período voluntario iniciarase a partir de:

a) A data de notificación da liquidación ao obrigado ao pagamento.

b) A apertura do respectivo prazo recatorio cando se trate das débedas que sexan obxecto de notificación colectiva e periódica.

c) A data de comezo do prazo sinalado para a súa presentación, tratándose de autoliquidacións.

2. A recadación en período voluntario concluirá o día do vencemento dos correspondentes prazos de ingreso. No caso de débedas que se ingresen mediante autoliquidación presentada fóra de prazo sen realizar o ingreso ou sen presentar solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación, concluirá o mesmo día da presentación da autoliquidación.

3. Os obrigados ao pagamento poderán satisfacer total ou parcialmente as débedas en período voluntario. Pola cantidade non pagada iniciarase o período executivo nos termos previstos no artigo 69.

#### Artigo 69. *Recadación en período executivo.*

1. A recadación en período executivo iníciase de acordo co disposto no artigo 161.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en relación cos importes non satisfeitos en período voluntario.

2. Iniciado o período executivo, a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento, que se iniciará, pola súa vez, mediante a notificación da providencia de constrinximento a que se refire o artigo 70.

3. O obrigado ao pagamento poderá satisfacer total ou parcialmente as débedas en período executivo. Se o pagamento non comprende a totalidade da débeda, incluída a recarga que corresponda e, de ser o caso, as custas devengadas, continuará o procedemento polo resto impagado.

## CAPÍTULO II

### Procedemento de constrinximento

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> INICIO DO PROCEDIMENTO DE CONSTRINXIMENTO

#### Artigo 70. *Providencia de constrinximento.*

1. A providencia de constrinximento é o acto da Administración que ordena a execución contra o patrimonio do obrigado ao pagamento.

2. A providencia de constrinximento deberá conter:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado ao pagamento.

b) Concepto, importe da débeda e período ao cal corresponde.

c) Indicación expresa de que a débeda non foi satisfeita, de ter finalizado o correspondente prazo de ingreso en período voluntario e do comezo do devengo dos xuros de demora.

d) Liquidación da recarga do período executivo.

e) Requirimento expreso para que efectúe o pagamento da débeda, incluída a recarga de constrinximento reducida, no prazo a que se refire o artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

f) Advertencia de que, en caso de non efectuar o ingreso do importe total da débeda pendente no devandito prazo, incluída a recarga de constrinximento reducida do 10 por cento, se procederá ao embargo dos seus bens ou á execución das garantías existentes para o cobramento da débeda con inclusión da recarga de constrinximento do 20 por cento e dos xuros de demora que se devenguen ata a data de cancelación da débeda.

g) Data de emisión da providencia de constrinximento.

3. Son órganos competentes para ditar a providencia de constrinximento os que estableza a norma de organización específica.

En caso de que se asuma mediante convenio a recadación executiva de débedas doutras administracións públicas, a providencia de constrinximento será ditada polo órgano competente das devanditas administracións.

4. No caso de débedas a favor da Facenda pública estatal, que deban satisfacer as comunidades autónomas, entidades locais, organismos autónomos e outras entidades de dereito público, e sen prexuízo da posibilidade de proceder ao embargo dos seus bens, nos supostos non excluídos por disposición legal, poderase acudir, así mesmo, aos procedementos de compensación de oficio e dedución sobre transferencias.

#### Artigo 71. *Notificación da providencia de constrinximento.*

Na notificación da providencia de constrinximento faranse constar polo menos os seguintes extremos:

a) Lugar de ingreso da débeda e da recarga.  
b) Repercusión de custas do procedemento.  
c) Posibilidade de solicitar aprazamento ou fraccionamento de pagamento.

d) Indicación expresa de que a suspensión do procedemento se producirá nos casos e condicións previstos na normativa vixente.

e) Recursos que procedan contra a providencia de constrinximento, órganos ante os cales se poidan interpoñer e prazo para a súa interposición.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO DE CONSTRINXIMENTO

#### Subsección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais

#### Artigo 72. *Xuro de demora do período executivo.*

1. As cantidades debidas devengarán xuro de demora desde o inicio do período executivo ata a data do seu ingreso.

Cando sen mediar suspensión, aprazamento ou fraccionamento unha débeda se satisfaga totalmente antes de que conclúa o prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para o pagamento das débedas constrinxidas, non se exixirán os xuros de demora devengados desde o inicio do período executivo.

2. A base sobre a que se aplicará o tipo de xuro non incluírá a recarga de constrinximento.

3. O tipo de xuro aplicarase de acordo co establecido na normativa tributaria ou orzamentaria, segundo se trate de débedas e sancións tributarias ou de débedas non tributarias respectivamente.

4. O cálculo de xuros realizarase, segundo os casos, da seguinte forma:

a) Cando se produza o pagamento da débeda constrinxida unha vez finalizado o prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a liquidación dos xuros devengados practícarase posteriormente, seguindo para a súa tramitación e recadación o procedemento establecido con carácter xeral para as liquidacións practicadas pola Administración.

b) No suposto a que se refire a alínea a), o órgano de recadación competente poderá, cando as necesidades do servizo o aconsellen, liquidar e exixir os xuros no momento do pagamento da débeda constrinxida.

c) En caso de execución de bens embargados ou de garantías, practícarase a liquidación de xuros de demora

ao aplicar o líquido obtido á cancelación da débeda, se aquel fose superior.

d) Se se embarga diñeiro en efectivo ou en contas ou créditos, poderanse liquidar e reter os xuros de demora no momento do embargo se o importe dispoñible fose superior á débeda cuxo cobramento se persegue.

Nos casos das alíneas b), c) e d) non será necesaria a notificación expresa da liquidación dos xuros de demora devengados se na notificación da débeda principal ou en calquera outro momento posterior lle foi notificado ao interesado o importe da débeda, o devengo de xuros en caso de falta de pagamento, unha referencia ao tipo de xuro aplicable, segundo se trate de débedas e sancións tributarias ou de débedas non tributarias, e a forma de cómputo do tempo de devengo.

5. No ámbito de competencias do Estado non se practicará liquidación por xuros de demora cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior á cifra que por orde fixe o ministro de Economía e Facenda como mínima para cubrir o custo da súa exacción e recadación.

#### Artigo 73. *Suspensión do procedemento de constrinximento.*

1. A suspensión do procedemento de constrinximento como consecuencia da interposición dun recurso ou reclamación económico-administrativa tramitarase e resolverase de acordo coas normas de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

2. Cando o interesado demostre a existencia de erro material, aritmético ou de feito na determinación da débeda, que esta foi ingresada, condonada, compensada, aprazada ou suspendida ou que prescribiu o dereito a exixir o seu pagamento, notificaráselle a suspensión das actuacións do procedemento de constrinximento mentres se dite o acordo correspondente.

Cando a apreciación das citadas circunstancias non sexa competencia do órgano de recadación que recibise a solicitude de suspensión, este poderá suspender as actuacións e dará traslado ao órgano competente. Este último informará o órgano de recadación que estivese tramitando o procedemento de constrinximento sobre a concorrencia dalgunha das circunstancias sinaladas.

A resolución que se adopte notificaráselle ao interesado comunicándolle, de ser o caso, a continuación do procedemento de constrinximento.

#### *Subsección 2.<sup>a</sup> Execución de garantías*

#### Artigo 74. *Execución de garantías.*

1. Una vez iniciado o procedemento de constrinximento, se a débeda estivese garantida e resultase impagada no prazo a que se refire o artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, procederase a executar a garantía, salvo que sexa de aplicación o disposto no seu artigo 168, segundo parágrafo; en tal caso, con anterioridade á execución da garantía poderase optar polo embargo e alleamento doutros bens e dereitos.

2. Se a garantía consiste en aval, fianza, certificado de seguro de caución ou outra garantía persoal, requiriráselle ao garante o ingreso da débeda, incluídas as recargas e xuros que, de ser o caso, correspondan ata o límite do importe garantido, no prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. De non realizalo, procederase contra os seus bens en virtude da providencia de constrinximento ditada en relación co obrigado ao pagamento sen necesidade de nova notificación.

3. Se a garantía consiste en hipoteca, peñor ou outra de carácter real constituída por ou sobre bens ou dereitos do obrigado ao pagamento susceptibles de alleamento forzoso, procederase a allealos polo procedemento establecido neste regulamento para o alleamento de bens embargados de natureza igual ou similar.

4. Se a garantía está constituída por ou sobre bens ou dereitos de persoa ou entidade distinta do obrigado ao pagamento, comunicaráselle á devandita persoa ou entidade o non-pagamento do importe garantido, requiríndoa para que, no prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poña os devanditos bens ou dereitos á disposición do órgano de recadación competente, salvo que pague a contía debida. Transcorrido o devandito prazo sen que se producese o pagamento ou a entrega dos bens ou dereitos, procederase a allealos de acordo co disposto no punto anterior.

5. Se a garantía consiste en depósito en efectivo, requiriráselle ao depositario o ingreso da débeda, incluídas as recargas e xuros que, de ser o caso, correspondan ata o límite do depósito constituído, no prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, advertíndoo de que, en caso de incumprimento, se procederá ao embargo dos seus bens e dereitos sen máis trámite en virtude da mesma providencia de constrinximento ditada en relación co obrigado ao pagamento sen necesidade de nova notificación daquela. Se o depositario é a propia Administración, aplicarase o depósito a cancelar as devanditas cantidades.

6. A execución das hipotecas e outros dereitos reais constituídos en garantía dos créditos da Facenda pública realizarana os órganos de recadación competentes a través do procedemento de constrinximento.

Cando se inicie a execución administrativa, o órgano de recadación competente comunicarlle a orde de execución ao rexistrador da propiedade mediante mandamento por duplicado para que expida e remita a correspondente certificación de dominio e cargas, co contido e efectos establecidos no artigo 688 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

O órgano de recadación competente notificaralles o inicio do procedemento de execución á persoa a cuxo favor resulte practicada a última inscrición de dominio se non foi requirida para o pagamento e aos titulares de cargas ou dereitos reais constituídos con posterioridade á hipoteca que aparezan na certificación.

Se é o caso, o tipo para a poxa ou concurso poderase fixar de acordo coas regras do artigo 97 e con independencia do valor en que se taxase o ben ao tempo de constituír a hipoteca.

7. Poderase continuar o procedemento de constrinximento cando a garantía devíñese manifestamente insuficiente, xurídica ou economicamente, desde a data da súa constitución, sen necesidade de esperar á súa execución, mediante acordo motivado que deberá constar no expediente.

#### *Subsección 3.<sup>a</sup> Normas sobre embargos*

#### Artigo 75. *Dilixencias de embargo.*

1. Transcorrido o prazo sinalado no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen se realizar o ingreso requirido, procederase, en cumprimento do mandato contido na providencia de constrinximento, ao embargo dos bens e dereitos que proceda, sempre que non se pagase a débeda pola execución de garantías ou fose previsible de forma motivada que da devandita execución non resultará líquido suficiente para cubrir a débeda.

2. Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia de embargo.

3. As débedas dun mesmo obrigado ao pagamento poderase acumular nunha dilixencia de embargo.

Cando as necesidades do procedemento o exixan, procederase á segregación das débedas acumuladas.

#### Artigo 76. *Práctica dos embargos.*

1. Se os bens embargables se encontran en locais de persoas ou entidades distintas do obrigado, ordenaráselle, mediante comparecencia nos devanditos locais, ao depositario ou ao persoal dependente deste último a entrega dos bens, que se detallarán na correspondente dilixencia.

En caso de negativa á entrega inmediata ou cando esta non sexa posible, poderase proceder ao precintado ou á adopción de medidas necesarias para impedir a substitución ou levantamento, facéndose constar en dilixencia.

Cando sexa necesario o acceso aos bens embargados para os efectos da súa identificación ou execución, poderase requirir o auxilio da autoridade.

O disposto neste punto efectuarase tendo en conta o previsto nos artigos 142 e 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en relación coa entrada en predios e locais e as medidas de aseguramento que é posible adoptar.

2. Cando na fase de traba ou na de execución se presume que o resultado do alleamento dos bens embargados poida ser insuficiente para cubrir a débeda, procederase ao embargo doutros bens e dereitos.

Cando pola información sucesivamente obtida se embarguen bens que na orde de embargo sexan anteriores a outros xa embargados pero non realizados, realizaranse aqueles con anterioridade.

3. Unha vez realizado o embargo dos bens e dereitos, a dilixencia notificaráselles ao obrigado ao pagamento e, de ser o caso, ao terceiro titular, posuidor ou depositario dos bens se non se realizasen con eles as actuacións, así como ao cónxuxe do obrigado ao pagamento cando os bens embargados sexan gananciais ou se trate da vivenda habitual, e aos condonos ou cotitulares.

No suposto de bens e dereitos inscritos nun rexistro público, o embargo tamén se lles deberá notificar aos titulares de cargas posteriores á anotación de embargo e anteriores á nota marxinal de expedición da certificación de cargas a que se refire o artigo 74.

O embargo, en caso de cotas de participación de bens que se posúan pro indiviso, limitarase á cota de participación do obrigado ao pagamento e notificaráselles aos condóminos.

4. Se unha vez realizado o embargo se comprobase que concorren as circunstancias do artigo 169.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, procederase ao seu levantamento.

5. O embargo deberase executar nos seus estritos termos, sen prexuízo de que o obrigado ao pagamento poida interpoñer recurso ou reclamación económico-administrativa se considera que se incorre nalgunha das causas do artigo 170.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

6. A inexistencia de bens embargables coñecidos pola Administración cuxa execución permita o cobramento da débeda farase constar no expediente.

#### Artigo 77. *Concorrenza de embargos.*

1. Cando concorran con outros procesos ou procedementos singulares de execución, o procedemento de constrinximento será preferente se o embargo efectuado no curso deste último é o máis antigo. Para estes efectos, observarase a data da dilixencia de embargo do ben ou dereito.

2. Cando sobre os bens embargados pola Facenda pública ou sobre os que se constituísen garantías a favor desta existan dereitos inscritos ou anotados con anterioridade a favor doutros acredores, poderase aquela subrogar nos devanditos dereitos mediante o aboamento aos acredores do importe dos seus créditos cando estes sexan substancialmente inferiores ao produto que previsiblemente poida obter a Facenda pública do alleamento dos bens. Para exercer esta subrogación, o órgano de recadación que tramite o procedemento de constrinximento formulará a correspondente proposta, que deberá ser autorizada polo órgano competente.

As cantidades aboadas por ese concepto terán o carácter de custas do procedemento, a cuxo pagamento se aplicarán con carácter preferente as cantidades que a Facenda pública obteña do alleamento forzoso do ben embargado.

3. Cando os bens embargados sexan obxecto dun procedemento de expropiación forzosa, paralizaranse as actuacións de execución dos bens afectados e deberáselle comunicar á Administración expropiante o embargo dos pagamentos que vaia realizar ao expropiado. Para os efectos de continuar ou non o procedemento executivo respecto doutros bens do obrigado ao pagamento, considerarse realizado o embargo polo prezo firme do ben expropiado. Cando o prezo non sexa firme, considerarse realizado o embargo pola parte en que exista acordo e, de non habelo, polo prezo ofrecido pola Administración expropiante.

#### Artigo 78. *Embargo de diñeiro en efectivo.*

1. Cando se embargue diñeiro en efectivo, o órgano de recadación competente farao constar en dilixencia, da cal emitirá un duplicado. Un dos exemplares unirase ao expediente e o outro quedará en poder do obrigado ao pagamento. O diñeiro será inmediatamente ingresado no Tesouro.

2. Se se trata da recadación de caixas, despachos de billetes ou similares de empresas ou entidades en funcionamento, o órgano de recadación competente poderá acordar os pagamentos que se deban realizar con cargo á devandita recadación, na contía necesaria para evitar a paralización daquelas.

#### Artigo 79. *Embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito.*

1. Cando a Administración coñeza a existencia de, polo menos, unha conta ou depósito aberto nunha oficina dunha entidade de crédito, o embargo levarase a cabo mediante dilixencia de embargo na cal se deberá identificar a conta ou o depósito coñecido pola Administración actuante.

O embargo poderase estender, sen necesidade de identificación previa, ao resto dos bens e dereitos de que sexa titular o obrigado ao pagamento existentes na devandita oficina, sexan ou non coñecidos pola Administración, ata alcanzar o importe da débeda pendente, máis a recarga do período executivo, xuros e, de ser o caso, as custas producidas.

2. A forma, medio, lugar e demais circunstancias relativas á presentación da dilixencia de embargo na entidade depositaria, así como o prazo máximo en que se terá que efectuar a retención dos fondos, poderán ser acordados, con carácter xeral, entre a Administración actuante e a entidade de crédito afectada.

3. En defecto do acordo a que se refire o punto anterior, a dilixencia de embargo presentarase na oficina onde estea aberta a conta e os seus responsables deberán proceder de forma inmediata a reter o importe embargado se existe nese momento saldo suficiente, ou, noutro caso, o

total dos saldos existentes a nome do obrigado ao pagamento.

Así mesmo, a dilixencia de embargo poderase presentar nalgún dos seguintes lugares:

a) Na oficina designada pola entidade depositaria para relacionarse co órgano de recadación competente, conforme o previsto no artigo 17.4, cando a entidade fose autorizada a colaborar na recadación e o embargo afecte contas ou depósitos abertos nunha oficina pertencente ao ámbito territorial do órgano de recadación competente.

b) No domicilio fiscal ou social da entidade de crédito.

Nos supostos a que se refiren as alíneas a) e b), cando o embargo se deba trabar sobre fondos cuxa xestión ou depósito non se encontren localizados no lugar en que se presente a dilixencia de embargo, a retención dos fondos efectuarase de maneira inmediata ou, se iso non fose posible, no prazo máis breve que permitan as características dos sistemas de información interna ou de contabilidade da entidade. O devandito prazo non poderá ser superior a cinco días, terá carácter improrrogable e comunicaráse ao órgano de recadación que efectúase o embargo. En todo caso, o embargo producirá efectos legais desde o día de presentación da dilixencia de embargo á entidade depositaria.

4. Se o depósito está constituído en contas a prazo, o embargo efectuarase igualmente de forma inmediata, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do número 6.

5. Para os efectos previstos neste artigo a entidade depositaria deberá executar o embargo nos seus estritos termos sen prexuízo do disposto no artigo 76.5.

6. O importe das cantidades retidas será ingresado no Tesouro, unha vez transcorridos 20 días naturais desde o día seguinte ao da data da traba sen ter recibido a oficina ou entidade correspondente comunicación en contrario do órgano de recadación.

Se se trata de contas a prazo, o ingreso deberase realizar na data indicada no parágrafo anterior ou o día seguinte ao da fin do prazo, segundo que data sexa posterior. Non obstante, se o depositante ten a facultade de dispoñer anticipadamente do diñeiro depositado, ao notificar a dilixencia de embargo advertiráse ao obrigado ao pagamento a posibilidade que ten de facer uso de tal facultade fronte á entidade depositaria, segundo as condicións que se establecesen; neste caso, o ingreso no Tesouro producirase o día seguinte ao da cancelación.

#### Artigo 80. *Embargo de valores.*

1. Cando a Administración coñeza a existencia de valores de titularidade do obrigado ao pagamento, o embargo levarase a cabo mediante dilixencia de embargo que identificará os valores coñecidos pola Administración actuante e comprenderá un número de valores que, a xuízo do órgano de recadación, cubra o importe total a que se refire o artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Se o embargo se refire a valores representados mediante títulos ou mediante anotacións en conta que estean depositados, entregados ou confiados a unha oficina dunha entidade de crédito, sociedade ou axencia de valores, ou calquera outra entidade depositaria, o embargo levarase a cabo mediante a presentación da dilixencia de embargo á entidade e poderá estenderse, sen necesidade de identificación previa, aos demais bens e dereitos do obrigado ao pagamento existentes na devandita oficina, sexan ou non coñecidos pola Administración.

No acto de presentación, a receptora da dilixencia deberalle confirmar ao órgano de recadación competente a concordancia ou non dos valores coñecidos pola Administración cos realmente depositados ou anotados.

En caso de discordancia ou de insuficiencia dos valores coñecidos pola Administración e identificados na dilixencia para cubrir o importe total debido, a entidade entregará no acto, ou, de non ser posible, no prazo máximo e improrrogable de cinco días, relación dos valores cos datos que permitan a súa valoración. O órgano de recadación competente indicarlle á entidade os valores que deben quedar definitivamente embargados e aqueles que deben quedar liberados, podéndose convir para estes efectos e con carácter previo a forma de actuación da entidade. En todo caso, os valores embargados consideraranse trabados o día da presentación da dilixencia de embargo á entidade.

Non obstante, a forma, medio e lugar de presentación da dilixencia poderán ser convidos, con carácter xeral, entre a Administración actuante e a entidade de crédito, sociedade ou axencia de valores ou calquera outra depositaria.

3. Se o embargo se refire a valores representados mediante títulos que non estean depositados nas entidades citadas no número 2, a dilixencia de embargo notificaráselle ao titular, e este deberá comunicar calquera circunstancia relativa aos títulos que puidesen afectar o embargo. O órgano de recadación actuante farase cargo dos títulos xunto coa póliza de compra ou título de adquisición, se o tivese recibido.

4. O órgano de recadación competente ordenará o alleamento daqueles valores que resulten suficientes para cubrir o importe total ao cal se refire o artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que se realizará nas mellores condicións posibles segundo as prácticas usuais de boa xestión. Se os valores están admitidos a cotización nun mercado secundario oficial, a venda levarase a cabo a través deste. Noutro caso, acordarase a súa venda mediante poxa, salvo que proceda a adxudicación directa.

Se a orde de venda é tramitada pola entidade de crédito ou sociedade ou axencia de valores, esta poderá deducir do importe obtido os gastos e comisións que procedan.

O importe obtido deberase ingresar no Tesouro ata o límite do debido. O sobrante, se existe, deberase poñer á disposición do seu propietario. O órgano de recadación competente notificaralle á entidade a orde de levantamento do embargo sobre o resto dos valores trabados cuxo alleamento non fose necesario.

5. Cando resulte máis adecuado para a satisfacción da débeda, o órgano de recadación competente poderá acordar, en lugar do alleamento dos valores, o embargo dos rendementos de toda clase e, de ser o caso, reintegros derivados daqueles.

6. Tratándose de participacións no capital de sociedades de responsabilidade limitada, a dilixencia de embargo notificaráselle ao órgano de administración da sociedade para a súa inscrición no libro rexistro de socios.

O procedemento de adxudicación das participacións levarase a cabo de acordo coa súa normativa específica.

#### Artigo 81. *Embargo doutros créditos, efectos e dereitos realizables no acto ou a curto prazo.*

Cando se trate de créditos, efectos e dereitos realizables no acto ou a curto prazo non regulados no artigo anterior, procederase como segue:

a) Se se trata de créditos, efectos e dereitos sen garantía, notificaráselle a dilixencia de embargo á persoa ou entidade debedora do obrigado ao pagamento, apercibíndoo de que, a partir dese momento, non terá carácter liberatorio o pagamento efectuado ao obrigado. Cando o crédito ou dereito embargado vencese, a persoa ou entidade debedora do obrigado ao pagamento deberá ingre-

sar no Tesouro o importe ata cubrir a débeda. Noutro caso, o crédito quedará afectado á devandita débeda ata o seu vencemento, se antes non resulta satisfeita. Se o crédito ou dereito leva consigo a realización de pagamentos sucesivos, ordenaráselle ao pagador que ingrese no Tesouro os respectivos importes ata o límite da cantidade debida, salvo que reciba notificación en contrario por parte do órgano de recadación.

b) Se se trata de créditos garantidos, tamén se lle deberá notificar a dilixencia de embargo ao garante ou, de ser o caso, ao posuidor do ben ou dereito ofrecido en garantía, que se poderá depositar ata o vencemento do crédito. Vencido o crédito, se non se paga a débeda promoverase a execución da garantía, que se realizará seguindo o procedemento establecido no artigo 74.

#### Artigo 82. *Embargo de soldos, salarios e pensións.*

1. O embargo de soldos, salarios e pensións efectuarase tendo en conta o establecido na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

A dilixencia de embargo presentarase ao pagador. Este quedará obrigado a reter as cantidades procedentes en cada caso sobre as sucesivas contías satisfeitas como soldo, salario ou pensión e a ingresar no Tesouro o importe detraído ata o límite da cantidade debida.

2. Se o obrigado ao pagamento é beneficiario de máis dunha das devanditas percepcións, acumularanse para deducir sobre a suma de todas elas a parte inembargable. A cantidade embargada poderase detraer da percepción ou percepcións que fixe o órgano de recadación competente. Se o obrigado ao pagamento propón expresamente outra, seralle aceptada, se iso non supón obstáculo para o cobramento.

3. Cando o embargo comprenda percepcións futuras, aínda non devengadas, e existan outros bens embargables, unha vez cobradas as vencidas poderanse embargar os devanditos bens, sen esperar aos posibles devengos ou vencementos sucesivos.

Una vez cuberto o débito, o órgano de recadación competente notificaralle ao pagador a finalización das retencións.

#### Artigo 83. *Embargos de bens inmobles e de dereitos sobre estes.*

1. O embargo de bens inmobles e dereitos sobre estes efectuarase mediante dilixencia, que especificará as circunstancias seguintes:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa do titular e, de ser o caso, do posuidor do predio embargado, número de identificación fiscal de ambos e cantos datos poidan contribuír á súa identificación.

b) Se se trata de predios rústicos: natureza e nome do devandito predio, termo municipal onde radique e situación segundo se nomee na localidade, lindeiros, superficie e cabida, e identificación rexistral e catastral, se constan.

c) Se se trata de predios urbanos: localidade, rúa e número, locais e pisos de que se compoñen, superficie, e identificación rexistral e catastral, se constan.

d) Dereitos do obrigado ao pagamento sobre os inmobles embargados.

e) Importe total do débito, concepto ou conceptos a que corresponda e importe da responsabilidade a que se afecta o inmovible por principal, recargas, xuros e custas, coa advertencia de que se poderá estender aos xuros que se poidan devengar ata que conclúa a execución e ás custas desta.

f) Advertencia de que se tomará anotación preventiva do embargo no Rexistro da Propiedade a favor do

Estado ou, de ser o caso, da entidade ou organismo titular do crédito que motiva a execución.

g) De constar fidedignamente, estado civil e réxime económico do matrimonio.

2. No momento de se notificar a dilixencia de embargo segundo o disposto no artigo 76 requiriránelles os títulos de propiedade aos titulares dos bens ou dereitos.

3. Se se debese practicar deslindamento, o órgano de recadación competente poderá optar polo nomeamento dun funcionario técnico adscrito ao devandito órgano ou pola contratación dos servizos de empresas especializadas. En ambos os casos, o deslindamento realízase no prazo de 15 días.

#### Artigo 84. *Anotación preventiva no Rexistro da Propiedade dos embargos de bens inmobles e de dereitos sobre estes.*

1. A Administración solicitará que se practique anotación preventiva do embargo de bens inmobles e dereitos sobre estes no Rexistro da Propiedade que corresponda.

2. Para tal efecto, o órgano de recadación competente expedirá mandamento dirixido ao rexistrador con suxeición ao disposto na lexislación hipotecaria e ao que se establece nos artigos seguintes, no cal se solicitará, ademais, que se expida certificación das cargas que figuren no rexistro sobre cada predio, con expresión detallada daquelas e dos seus titulares, con inclusión na certificación do propietario do predio nese momento e do seu domicilio.

En vista de tal certificación, comprobarase que se efectuaron todas as notificacións exixidas pola normativa. No seu defecto, procederase a practicalas.

3. Se a liquidación constrinxida se refire a tributos sen cuxo pagamento previo non se puidese inscribir no rexistro o acto ou negocio xurídico que a orixinou, ao chegar o procedemento á fase de embargo procederase da forma seguinte:

a) O órgano de recadación que tramite o expediente proporalle o aprazamento do pagamento da devandita liquidación ao órgano competente para resolvelo para os únicos efectos da inscrición dos bens e da anotación preventiva do seu embargo a favor da Facenda pública. O acordo de aprazamento farase constar nos documentos que determinasen a liquidación do tributo e por virtude dos cales se deba practicar a inscrición no rexistro.

b) Os devanditos documentos e o mandamento de anotación preventiva de embargo serán presentados ao rexistrador da propiedade, o cal, unha vez practicada a inscrición do dereito do obrigado ao pagamento coa mención de que o pagamento da liquidación queda aprazado, procederá de forma inmediata a anotar o embargo.

c) Se a liquidación do tributo se practicou sobre documentos que non puidesen ser obxecto de inscrición por seren copias non auténticas dos orixinais ou matrices, solicitarase dos notarios ou funcionarios que autorizasen aqueles documentos a expedición de copia auténtica na cal se consignará o acordo de aprazamento.

d) Cando se produza o alleamento dos bens embargados, o prezo obtido aplicarase a pagar a liquidación e demais responsabilidades que procedan, incluídos os xuros de demora que se poidan devengar ata que conclúa a execución e as custas desta. O documento acreditativo da devandita aplicación será presentado no rexistro e producirá a cancelación do embargo e das notas de aprazamento. No documento público de venda faranse constar tales extremos.

Se se acorda a adxudicación de bens á Facenda pública ou ao ente público acreedor, o documento acredi-

tativo da adxudicación producirá os mesmos efectos ca os indicados no punto anterior.

**Artigo 85. *Requisitos dos mandamentos para a anotación preventiva dos embargos de bens inmobles e de dereitos sobre estes.***

Os mandamentos para a anotación preventiva de embargo conterán:

- a) Certificación da providencia de constrinximento e da dilixencia de embargo do inmoble ou inmobles de que se trate, con indicación das persoas ou entidades ás cales se lles notificou o embargo e o concepto en que se lles practicou a devandita notificación.
- b) Descrición do dereito que teña o obrigado ao pagamento sobre os bens embargados.
- c) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, de ser o caso, do posuidor dos predios a que se refira a notificación.
- d) O importe total do débito, concepto ou conceptos a que corresponda, e importe da responsabilidade a que se afecta o inmoble por principal, recargas, xuros e custas.
- e) Que a anotación se deberá facer a favor do acredor.
- f) Expresión de que a Administración non pode facilitar, no momento da expedición do mandamento, máis datos respecto dos bens embargados ca os contidos neste.

**Artigo 86. *Presentación dos mandamentos no Rexistro da Propiedade.***

1. Os mandamentos presentaranse por triplicado nos rexistros da propiedade. Os rexistradores devolverán no acto un dos exemplares con nota de referencia ao asento de presentación do mandamento e outro, no seu día, coa nota acreditativa de ter quedado estendida a anotación oportuna ou de non ter podido practicarse, expresando detalladamente, neste caso, non só os defectos advertidos, senón tamén a forma e o medio de emendalos. O terceiro exemplar do mandamento quedará arquivado no rexistro.

2. Se o predio ou predios non constasen inscritos ou non fose posible estender a anotación por defecto emendable, tomarase razón do embargo e farase constar así na contestación ao mandamento.

3. A presentación dos mandamentos ao rexistro poderase efectuar por fax ou por medios telemáticos na forma determinada pola normativa aplicable.

4. Cando o exixan as actuacións do procedemento de constrinximento, presentaranse mandamento no cal se solicite a prórroga das anotacións preventivas de embargo de acordo co disposto na lexislación hipotecaria.

**Artigo 87. *Incidencias nas anotacións preventivas de embargo no Rexistro da Propiedade.***

1. No caso de que os rexistradores da propiedade devolvan o mandamento en que manifesten ter suspenso a anotación por defecto emendable, procederase a emendalo no acto, se é posible, ou nun momento posterior, dentro do prazo establecido na lexislación rexistral.

2. Co fin de evitar a caducidade da anotación efectuada por defectos emendables establecida na lexislación hipotecaria, o órgano de recadación competente solicitará, se é necesario, a prórroga que naquela se autoriza.

3. En caso de desconformidade coa decisión do rexistrador, trasladaranse as actuacións ao órgano con funcións de asesoramento xurídico para os efectos da interposición, se procede, de recurso contra a cualificación rexistral.

**Artigo 88. *Contestacións dos rexistradores.***

1. Os rexistradores da propiedade practicarán os asentos que procedan e expedirán as certificacións que interesen ao procedemento executivo dentro dos prazos establecidos na lexislación hipotecaria.

Ao expediente de constrinximento quedarán unidas a contestación do rexistrador da propiedade ao mandamento de anotación preventiva de embargo e a certificación relativa ás cargas e gravames que afecten os inmobles.

2. A Facenda pública poderá exercitar as accións civís que a lei autoriza para obter a indemnización de danos e perdas a que puidese dar lugar a dilación inxustificada dos rexistradores na práctica dos servizos que lles encomenda este regulamento.

3. As dilacións reiteradas que entorpezan o procedemento de recadación serán comunicadas ao Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria para o seu traslado á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para os efectos que procedan.

**Artigo 89. *Embargo de xuros, rendas e froitos de toda especie.***

1. Cando se embarguen xuros, rendas e froitos do obrigado ao pagamento que se materialicen en pagamentos en diñeiro, a dilixencia de embargo notificaráselle á persoa ou entidade pagadora, que deberá retelos e ingresalos no Tesouro ata cubrir a cantidade debida.

2. Cando os froitos ou rendas que se vaian embargar sexan os correspondentes aos dereitos de explotación dunha obra protexida polo texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, aqueles consideraranse salarios segundo o que establece a devandita lei e o embargo realizarase de acordo co disposto no artigo 82 deste regulamento.

3. Se o embargado fosen froitos ou rendas obtidos por empresas ou actividades comerciais, industriais e agrícolas, poderase nomear un administrador ou interventor de acordo co disposto no artigo 170.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Se os froitos están asegurados, notificaráselle á entidade aseguradora o embargo das indemnizacións ou prestacións que correspondan en caso de sinistro, as cales se deberán ingresar no Tesouro unha vez ocorrido este.

**Artigo 90. *Embargo de establecementos mercantís e industriais.***

1. O embargo de establecementos mercantís e industriais iniciarase mediante comparecencia nos establecementos ou no domicilio da persoa ou entidade a que pertencen.

2. Do resultado da actuación de embargo, sexa positivo ou negativo, estenderase a correspondente dilixencia na cal se farán constar inventariados todos os bens e dereitos existentes en cada establecemento embargado, así como os que se embargan.

3. O embargo comprenderá, se os houber, os seguintes bens e dereitos:

- a) Dereito de cesión do contrato de arrendamento do local do negocio, se este fose arrendado, e as instalacións.
- b) Dereitos de propiedade intelectual e industrial.
- c) Ferramenta, máquinas, mobiliario, utensilios e demais instrumentos de produción e traballo.
- d) Mercadorías e materias primas.
- e) Posibles indemnizacións.

4. Se o inmovible estivese arrendado, notificaráselle a dilixencia de embargo ao arrendador.

5. Efectuarase anotación preventiva do embargo no Rexistro de Bens Mobles, para o que o órgano de recadación competente expedirá o correspondente mandamento.

6. Segundo as circunstancias do caso, poderase acordar a adopción dalgunha das medidas seguintes:

a) O precinto do local ata o alleamento do embargo.

b) Cando se aprecie que a continuidade das persoas que exercen a dirección da actividade puidese prexudicar a solvencia do obrigado ao pagamento, o órgano de recadación competente, logo da audiencia do titular do negocio ou órgano de administración da entidade, poderá acordar o nomeamento dun funcionario que exerza de administrador ou que interveña na xestión do negocio, que fiscalizará previamente á súa execución os actos que se concreten no acordo administrativo, de acordo co disposto no artigo 170.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

7. O alleamento dos establecementos mercantís e industriais levarase a cabo polo procedemento establecido na subsección 5.<sup>a</sup> desta sección.

**Artigo 91. Embargo de metais preciosos, pedras finas, xoiaría, ourivaría, antigüidades e outros obxectos de valor histórico ou artístico.**

1. O embargo de metais preciosos, pedras finas, xoiaría, ourivaría, antigüidades e outros obxectos de valor histórico ou artístico realizarao o órgano de recadación competente, mediante o seu detalle en dilixencia e coa adopción das precaucións necesarias para impedir a súa substitución ou levantamento por medio de precintos ou na forma máis conveniente.

Procederase ao seu depósito de acordo co establecido nos artigos 94 a 96.

2. Cando os devanditos bens se encontren en locais de persoas ou entidades distintas do obrigado ao pagamento, observarase o disposto no artigo 76.1.

**Artigo 92. Embargo dos restantes bens mobles e semoventes.**

1. O embargo dos restantes bens mobles e semoventes levarase a efecto mediante comparecencia no domicilio do obrigado ao pagamento ou, de ser o caso, no lugar onde se encontren os bens.

2. Do resultado da actuación estenderase a correspondente dilixencia en que se terán que identificar os bens embargados. Se non se depositan os bens de forma inmediata, procederase ao precintado ou outras medidas de aseguramento que procedan.

3. Sempre que o embargo afecte bens inscribibles no Rexistro de Bens Mobles, o órgano de recadación competente expedirá mandamento de anotación preventiva de embargo. Estes mandamentos tramitaranse de acordo co establecido na súa normativa reguladora.

4. Cando se trate de automóviles, camións, motocicletas, embarcacións, aeronaves ou outros vehículos, notificaráselle o embargo ao obrigado ao pagamento requiríndoo para que nun prazo de cinco días o poña á disposición dos órganos de recadación competentes, coa documentación e chaves. Se non o efectúa nin se localiza o ben, daráselles orde ás autoridades que teñan ao seu cargo a vixilancia da circulación e ás demais que proceda, para a captura, depósito e precinto dos bens citados, e continuaranse neste caso as actuacións de embargo en relación con outros bens ou dereitos do obrigado.

5. Cando se trate do embargo de bens adquiridos polo sistema de vendas a prazo, teranse en conta as disposicións da súa normativa reguladora.

**Artigo 93. Embargo de créditos, efectos, valores e dereitos realizables a longo prazo.**

1. Para o embargo de créditos, dereitos e valores realizables a longo prazo, seguirase o procedemento establecido nos artigos 80 e 81.

2. Nos termos do artigo 8.8 e 10 do texto refundido da Lei de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, será embargable o dereito ás prestacións do partícipe nun plan de pensións, pero o embargo non se executará ata que se cause o dereito á prestación ou se faga efectivo o dereito por concorreren os supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración previstos na devandita norma.

As entidades xestoras e depositarias correspondentes tomarán nota do embargo, do cal darán traslado ao órgano de recadación actuante no prazo de 10 días. En caso de que existise unha traba previa, porano en coñecemento do órgano de recadación na devandita comunicación na cal especificarán os extremos da devandita traba.

En caso de que se produza a mobilización dos dereitos consolidados a outro plan, a entidade xestora deberá comunicarllo á Administración tributaria, ante a que deberá acreditar, para os efectos previstos no artigo 42.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a comunicación do embargo ás entidades xestora e depositaria do plan de destino.

**Subsección 4.<sup>a</sup> Normas sobre depósito dos bens embargados**

**Artigo 94. Depósito de bens embargados.**

1. Os órganos de recadación competentes designarán, de ser o caso, o lugar en que os bens embargados deban ser depositados ata a súa realización, segundo os criterios que se fixan neste artigo sen prexuízo do establecido no artigo 92.4.

2. Os bens que, ao seren embargados, se encontren en entidades de crédito ou outras que, a xuízo dos órganos de recadación competentes, ofrezan garantías de seguridade e solvencia, seguirán depositados naquelas á disposición dos devanditos órganos.

3. Os demais bens depositaranse, segundo proceda, a xuízo do órgano de recadación competente:

a) En recintos ou locais da propia Administración cando existan e reúnan condicións adecuadas para o depósito dos devanditos bens.

b) En recintos ou locais doutros entes públicos dedicados ao depósito ou que reúnan condicións para iso, incluídos museos, bibliotecas, depósitos de vehículos ou similares.

c) En recintos ou locais de empresas dedicadas habitualmente ao depósito.

d) En defecto dos anteriores, en recintos ou locais de persoas ou entidades, distintas do obrigado ao pagamento, que ofrezan garantías de seguridade e solvencia.

e) En recintos ou locais do obrigado ao pagamento cando así se considere oportuno ou cando se trate de bens de difícil transporte ou mobilidade; neste caso, procederase ao seu precinto ou á adopción de medidas que garantan a súa seguridade e integridade, quedando o obrigado ao pagamento suxeito aos deberes e responsabilidades do depositario citados no artigo 96. Neste caso, o depósito considerarase necesario sen que se poida opoñer o obrigado ao pagamento.

4. Nos casos do número 3.c) e d), as relacións entre a Administración e o depositario rexeranse pola lexislación de contratos das administracións públicas nos aspectos non previstos nesta subsección.

#### Artigo 95. *Funcións do depositario.*

1. O depositario está obrigado a custodiar e conservar os bens embargados e a devolvelos cando sexa requirido para iso. No desempeño de tal cometido deberá actuar coa dilixencia debida.

Cando as funcións do depositario impliquen actos que excedan da simple custodia, conservación e devolución dos bens embargados, tales actuacións precisarán autorización do órgano de recadación competente.

2. Cando nos supostos de embargo de establecementos mercantís e industriais e de xuros, froitos e rendas de toda especie se nomease un depositario ou administrador, as súas funcións, ademais das sinaladas no número 1, comprenderán as habituais de xestión de bens e negocios, e deberá ingresar no Tesouro as cantidades resultantes.

O nomeamento como depositario fixará a clase e a contía das operacións que requirirán autorización do órgano de recadación.

#### Artigo 96. *Dereitos, deberes e responsabilidade do depositario de bens embargados.*

1. O depositario, salvo nos casos en que o sexa o propio obrigado ao pagamento, ten dereito á retribución convida pola prestación dos seus servizos e ao reembolso dos gastos que soportase por razón do depósito, cando non estean incluídos na devandita retribución.

2. Ademais dos deberes inherentes ás súas funcións como depositario e, de ser o caso, como administrador, ten o deber de render as contas que lle sexan ordenadas polos órganos de recadación competentes e cumprir as medidas que sexan acordadas por estes para a mellor administración e conservación dos bens.

3. O depositario que incumpra as obrigas que lle incumben como tal poderá ser declarado responsable solidario da débeda nos termos establecidos no artigo 42.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que lle corresponda.

#### *Subsección 5.<sup>a</sup> Alleamento dos bens embargados*

#### Artigo 97. *Valoración e fixación do tipo.*

1. Os órganos de recadación competentes procederán a valorar os bens embargados a prezos de mercado e de acordo cos criterios habituais de valoración.

2. Cando, a xuízo dos devanditos órganos, se requiran especiais coñecementos, a valoración poderana efectuar outros servizos técnicos da Administración ou servizos externos especializados.

Os órganos de recadación competentes poderán manter un ficheiro actualizado de expertos en valoración dos diferentes tipos de bens susceptibles de embargo.

3. A valoración seralle notificada ao obrigado ao pagamento, que, en caso de discrepancia, poderá presentar valoración contradictoria realizada por perito adecuado no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Se a diferenza entre ambas, considerando a suma dos valores asignados por cada unha á totalidade dos bens, non excede o 20 por cento da menor, considerarase como valor dos bens o da taxación máis alta.

Se, polo contrario, a diferenza entre a suma dos valores asignados aos bens por ambas as partes excede o 20 por cento, convocarase o obrigado ao pagamento para

dirimir as diferenzas de valoración e, se se logra acordo, deixarase constancia por escrito do valor acordado, que será o aplicable.

4. Cando non exista acordo entre as partes, o órgano de recadación competente solicitará nova valoración por perito adecuado en prazo non superior a 15 días. Para os efectos da súa designación, observarase o establecido nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 135.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A devandita valoración terá que estar comprendida entre os límites das efectuadas anteriormente e será a definitivamente aplicable.

5. En virtude da información contida na documentación emitida polo rexistrador como consecuencia da anotación preventiva de embargo practicada, investigarase se as cargas anteriores inscritas subsisten ou foron modificadas por pagamentos posteriores á súa inscrición ou outras causas. Para iso, o órgano de recadación poderase dirixir aos titulares dos créditos inscritos con anterioridade, para que informen sobre a subsistencia do crédito e a súa actual contía.

Os acredores aos cales se lles reclame a información anterior deberán indicar coa maior precisión se o crédito subsiste ou se extinguiu por calquera causa, e en caso de subsistir, a cantidade que queda pendente de pagamento, a data de vencemento e os prazos e condicións en que o pagamento deba efectuarse. Se o crédito estivese vencido e non pagado, informarase tamén dos xuros moratorios vencidos e da cantidade a que ascendan por cada día de atraso e a previsión para custas.

6. O tipo para a poxa será, como mínimo, o seguinte:

a) Se non existen cargas ou gravames, o importe da valoración.

b) Se sobre os bens embargados existen cargas ou gravames de carácter real anteriores:

1.º Se as cargas ou gravames non exceden da valoración do ben, a diferenza entre a devandita valoración e o valor actual das cargas ou gravames anteriores ao dereito anotado.

2.º Se as cargas ou gravames exceden da valoración do ben, o tipo será o importe dos débitos e custas mentres non supere o valor fixado ao ben, ou a valoración do ben se o supera.

As cargas e gravames anteriores quedarán subsistentes sen aplicar á súa extinción o prezo do remate.

7. Se aparecen indicios de que todas ou algunhas das cargas son simuladas e o seu importe puidese impedir ou dificultar a efectividade do débito, remitiráselle as actuacións ao órgano con funcións de asesoramento xurídico para que informe sobre as medidas que procedan, incluída a exixencia de responsabilidade civil ou penal.

Mentres se resolve, continuará o procedemento sobre os devanditos bens ou sobre os demais que poidan ser embargados.

#### Artigo 98. *Títulos de propiedade.*

1. Se, ao ser notificado o embargo, os obrigados ao pagamento non facilitasen os títulos de propiedade dos bens inmoebles, créditos hipotecarios, dereitos reais embargados ou calquera outro tipo de ben ou dereito embargado, o órgano de recadación competente, ao tempo de fixar o tipo para a poxa, requiriraos para que os acheguen no prazo de tres días contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento se residen na propia localidade, e no de 15 se residen fóra.

2. Cando non existan títulos de dominio inscritos nin os obrigados ao pagamento os presentasen, os rematantes dos bens deberán, se lles interesa, substituílos polos medios establecidos no título VI da Lei hipotecaria para

levar a cabo a concordancia entre o rexistro e a realidade xurídica, incumbíndolles instar o procedemento que corresponda, sen que o Estado contraia outra obriga a este respecto ca a de outorgar, se o obrigado ao pagamento non o fai, o documento público de venda.

#### Artigo 99. *Formación de lotes e orde para o seu alleamento.*

1. Os bens trabados poderán ser distribuídos en lotes, integrando en cada un destes os que sexan de análoga natureza, segundo as súas características e o aproveitamento ou servizo de que sexan susceptibles.

2. Igualmente, poderanse formar lotes, aínda que non se trate de bens de natureza análoga, cando se considere conveniente co fin de obter maiores facilidades para a concorrencia de licitadores.

3. Poderase formar un só lote con aqueles bens embargados que estean gravados cunha mesma hipoteca ou outra carga ou gravame de natureza real ou cando se trate de allear dereitos sobre un mesmo ben cuxa titularidade corresponda a varios debedores.

4. Una vez efectuada a valoración e a formación de lotes, procederase ao alleamento observándose a orde establecida para o embargo no artigo 169.2, segundo parágrafo, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A aparición posterior doutros bens non afectará a validez dos alleamentos xa realizados, aínda que se trate de bens anteriores na orde de embargo.

#### Artigo 100. *Formas de alleamento.*

1. As formas de alleamento dos bens ou dereitos embargados serán a poxa pública, o concurso ou a adxudicación directa, salvo os procedementos específicos de realización de determinados bens ou dereitos que se regulan neste regulamento.

2. O procedemento ordinario de adxudicación de bens embargados será a poxa pública, que procederá sempre que non sexa expresamente aplicable outra forma de alleamento.

3. Cando se trate de xéneros, artigos ou mercadorías intervidos polo Estado, estancados ou suxeitos a algún tipo de cautelas na súa transmisión, o órgano de recadación procederá segundo o que establezan as disposicións aplicables á materia.

4. Os interesados poderán participar nos procedementos de alleamento dos bens embargados a través dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos que sexan aprobados polo órgano competente.

5. A Administración tributaria, no marco da colaboración social na aplicación dos tributos, poderá instrumentar acordos con institucións ou organizacións representativas de entidades do sector da mediación no mercado inmobiliario ou coas propias entidades, que teñan por obxecto a súa participación nos procedementos de alleamento de bens que se realicen no procedemento de constrinximento.

#### Artigo 101. *Acordo de alleamento e anuncio da poxa.*

1. O órgano de recadación competente acordará o alleamento mediante poxa dos bens embargados que considere bastantes para cubrir suficientemente o débito perseguido e as custas do procedemento e evitarase, no posible, a venda dos de valor notoriamente superior ao dos débitos, sen prexuízo de que posteriormente autorice o alleamento dos que sexan precisos.

O acordo de alleamento deberá conter os datos identificativos do debedor e dos bens que se van poxar, e sinalará o día, a hora e o lugar en que terá lugar a poxa, así como o tipo para licitar. De ser o caso, conforme o

disposto no artigo anterior, indicará a posibilidade de participar na poxa por vía telemática.

Se se trata de bens inmóbles para os que o tipo de poxa exceda da cifra que determine a Administración, no acordo de alleamento constará se aqueles adxudicatarios que exerciten a opción prevista no artigo 111 poden obter autorización para efectuar o pagamento do prezo de remate o mesmo día en que se produza o outorgamento da escritura pública de venda. De ser así, farase constar que quen resulte adxudicatario terá que comunicar de forma expresa que desexa acollerse a esta forma de pagamento no mesmo momento en que solicite o outorgamento da escritura pública de venda. Así mesmo, indicárase se a autorización pode estar condicionada por decisión da mesa a que quen resulte adxudicatario deba constituír no prazo improrrogable dos 10 días seguintes ao da adxudicación un depósito adicional. As decisións que se adopten en relación con esta autorización consideraranse actos de trámite e non serán susceptibles de reclamación ou recurso ningún.

Cando existan razóns que o xustifiquen, o órgano de recadación competente poderá decidir que a poxa se realice fóra do ámbito territorial do órgano que acorde o alleamento.

2. O acordo de alleamento seralles notificado ao obrigado ao pagamento, ao seu cónxuxe, de se tratar de bens gananciais ou de se tratar da vivenda habitual, aos acredores hipotecarios, pignoraticios e en xeral aos titulares de dereitos inscritos no correspondente rexistro público con posterioridade ao dereito da Facenda pública que figuren na certificación de cargas emitida para o efecto, ao depositario, se é alleo á Administración e, en caso de existiren, aos copropietarios e terceiros posuidores dos bens que se vaian poxar.

En caso de poxas de dereitos de cesión do contrato de arrendamento de locais de negocio notificaráselle tamén ao arrendador ou administrador do predio, cos efectos e requisitos establecidos na Lei 24/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

Na notificación farase constar que, en calquera momento anterior ao da adxudicación dos bens, se poderán liberar os bens embargados mediante o pagamento das cantidades establecidas no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. A poxa anunciarase nas oficinas do órgano de recadación a que estea adscrito o obrigado ao pagamento.

Cando o obrigado ao pagamento estea adscrito a un órgano de ámbito nacional, a poxa anunciarase na sede deste último e na oficina do domicilio fiscal do obrigado.

Cando o valor dos bens supere a contía que se fixe por orde do ministro de Economía e Facenda anunciarase no boletín oficial correspondente á demarcación territorial do órgano de recadación a que estea adscrito o obrigado ao pagamento e, de ser o caso, no «Boletín Oficial del Estado». O órgano de recadación competente poderá tamén acordar a publicación nos concellos dos lugares onde estean situados os bens, en medios de comunicación de gran difusión, en publicacións especializadas e en calquera outro medio adecuado para o efecto e, se se trata de bens inmóbles, no boletín oficial correspondente ao lugar onde estean situados.

4. No anuncio de poxa farase constar:

a) A posibilidade de participar na poxa por vía telemática se así se acordou.

b) Día, hora e lugar en que se celebrará a poxa.

c) Descrición dos bens ou lotes, tipo de poxa para cada un e tramos para a licitación, locais ou recintos onde están depositados os bens e os títulos dispoñibles e días e horas en que poderán ser examinados.

Cando se trate de bens inscrites en rexistros públicos, establecerase nos devanditos anuncios que os licita-

dores non terán dereito a exixir outros títulos de propiedade que os achegados no expediente; que, de non estaren inscritos os bens no rexistro, o documento público de venda é título mediante o cal se pode efectuar a inmatriculación nos termos previstos na lexislación hipotecaria, e que, nos demais casos en que sexa preciso, terán que proceder, se lles interesa, como dispón o título VI da Lei hipotecaria para levar a cabo a concordancia entre o rexistro e a realidade xurídica.

d) Indicación expresa de que no tipo da poxa non se inclúen os impostos indirectos que graven a transmisión dos devanditos bens.

e) Obriga de constituír ante a mesa de poxa con anterioridade á súa celebración un depósito do 20 por cento do tipo de poxa. De forma motivada poderase reducir este depósito ata un mínimo do 10 por cento. Así mesmo, advertirase de que, se os adxudicatarios non satisfán o prezo do remate, o devandito depósito se aplicará á cancelación da débeda, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir polos prexuízos que orixine a falta de pagamento do prezo de remate.

O depósito deberase constituír mediante cheque que cumpra os requisitos establecidos no artigo 35.1, por vía telemática a través das entidades colaboradoras adheridas ou por calquera medio que se habilite para o efecto.

f) Advertencia de que a poxa se suspenderá en calquera momento anterior á adxudicación de bens se se efectúa o pagamento da contía establecida no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

g) Expresión das cargas, gravames e situacións xurídicas dos bens e dos seus titulares que, de ser o caso, teñan que quedar subsistentes e afecten os bens.

h) Obriga do adxudicatario de entregar, no acto da adxudicación ou dentro dos 15 días seguintes, a diferenza entre o depósito constituído e o prezo de adxudicación. De ser o caso, advertirase da posibilidade de que o pagamento da cantidade sinalada se poderá efectuar o mesmo día en que se produza o outorgamento da escritura pública de venda nos termos previstos no número 1, así como da posibilidade de que tal autorización estea condicionada a que se constituía un depósito adicional, se así o acorda a mesa.

i) Admisión de ofertas en sobre cerrado ou poxas automáticas por vía telemática, que se deberán axustar ao disposto no artigo 103.4. En tal caso, farase constar que a mesa de poxa substituirá os licitadores, poxando por eles na forma prevista para o efecto.

j) Posibilidade de realizar unha segunda licitación cando a mesa, ao finalizar a primeira, o xulgue pertinente, así como posibilidade de adxudicación directa cando os bens non fosen adxudicados na poxa.

k) Cando a poxa se realice a través de empresas ou profesionais especializados, farase constar esta circunstancia e as especialidades da poxa.

l) Calquera outra circunstancia, cláusula ou condición que se deba aplicar na poxa, así como todas aquelas condicións relevantes que se puidesen establecer para o trámite de adxudicación directa.

5. Realizada a notificación e o anuncio da poxa, para a celebración desta transcorrerán 15 días como mínimo.

#### Artigo 102. *Poxas de bens agrupados e simultáneas.*

1. Os órganos de recadación competentes poderán acordar a celebración de poxas de ámbito nacional ou rexional en que se agrupen bens correspondentes a acordos de alleamento adoptados por distintos órganos do seu ámbito territorial.

Este tipo de poxa celebrarase no lugar que se designe para o efecto e poderanse establecer outras sedes que permitan participar simultaneamente naquela a través

dos delegados da mesa de poxa designados conforme o establecido no artigo 104.2.

2. Cando as circunstancias o aconsellen e isto sexa posible, o órgano de recadación competente poderá autorizar, así mesmo, a acumulación de alleamentos de bens que deba levar a cabo a Axencia Estatal de Administración Tributaria con outras que desenvolvan outros entes ou organismos do Estado.

#### Artigo 103. *Licitadores.*

1. Con excepción do persoal adscrito ao órgano de recadación competente, dos taxadores, dos depositarios dos bens e dos funcionarios directamente implicados no procedemento de constrinximento, poderá tomar parte na poxa, concurso ou adxudicación directa, por si ou por medio de representante, calquera persoa que posúa capacidade de obrar conforme a dereito e que non teña para iso impedimento ou restrición legal, sempre que se identifique adecuadamente e con documento que xustifique, de ser o caso, a representación que teña.

Se se trata dun licitador interesado en participar por medios telemáticos, deberá cumprir de forma adicional os requisitos técnicos exixidos para efectuar as devanditas comunicacións telemáticas coa Administración.

2. Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito a favor do Tesouro público de, polo menos, a cantidade establecida para os bens respecto dos cales desexe poxar conforme o previsto no artigo 101.4.e).

Cando o licitador non resulte adxudicatario dun ben ou lote de bens, poderá aplicar o devandito depósito ao doutros bens ou lotes sucesivos polos que desexe poxar.

3. Cando a participación na poxa se leve a cabo en virtude da colaboración social a que se refire o artigo 100.5, o licitador, no momento da súa acreditación, poderá manifestar que no caso de resultar adxudicatario reserva para si o dereito a lle ceder o devandito remate a un terceiro para que o documento público de venda se poida outorgar directamente a favor do cesionario.

4. Os licitadores poderán enviar ou presentar as súas ofertas en sobre cerrado desde o anuncio da poxa ata unha hora antes do comezo desta. As devanditas ofertas, que terán o carácter de máximas, serán presentadas no rexistro xeral da oficina onde se celebre a poxa e deberán ir acompañadas do depósito.

O licitador deberá indicar nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio.

As ofertas que se presenten por medios telemáticos teranse que axustar ás disposicións que se diten para regular a devandita forma de participación.

#### Artigo 104. *Desenvolvemento da poxa.*

1. A poxa celebrarase no lugar designado no acordo de alleamento.

2. A mesa estará composta polo presidente, o secretario e un ou máis vogais, designados entre funcionarios na forma que se estableza na norma de organización específica. Tratándose das poxas a que se refire o artigo 102.1, formarase unha única mesa cuxa composición será acorde co sinalado anteriormente e que designará de entre os seus vogais aqueles que deban actuar como os seus delegados en cada unha das demais sedes onde se desenvolva a poxa.

3. Una vez constituída a mesa, dará comezo o acto coa lectura pública das relacións de bens ou lotes e das demais condicións que vaian rexer na poxa. A continuación, a presidencia convocará aqueles que queiran tomar parte como licitadores, para que se identifiquen e constituían o depósito.

Así mesmo, procederáse á apertura dos sobres que conteñen ofertas efectuadas por escrito, para os efectos de comprobar os requisitos para licitar e a verificar a existencia de poxas automáticas.

4. Realizado o trámite anterior, o presidente declarará iniciada a licitación, comunicaralles aos concorrentes, de ser o caso, a existencia de ofertas válidas presentadas, con indicación dos bens ou lotes a que afectan, e anunciará os tramos a que se axustarán as ofertas. Desde aquel momento, admitiranse ofertas para o primeiro ben ou lote e anunciaranse as sucesivas poxas que se vaian facendo con suxeición aos tramos fixados.

En caso de existencia de ofertas en sobre cerrado ou por poxa automática, procederáse respecto delas como segue:

a) A mesa substituirá os licitadores na forma prevista para o efecto e poxará por eles sen exceder o límite máximo fixado en cada oferta.

b) Se hai máis dunha oferta en sobre cerrado ou por poxa automática, poderá comezar a admisión de ofertas a partir da segunda máis alta daquelas.

c) Se unha oferta non coincide co importe dun tramo, considerarase formulada polo importe do tramo inmediato inferior.

d) Os licitadores en sobre cerrado ou por poxa automática poderán participar persoalmente na licitación con ofertas superiores ás inicialmente presentadas.

En caso de que coincidan na mellor oferta varias das licitacións presentadas en sobre cerrado e con poxa automática, daráselle preferencia na adxudicación á rexistrada en primeiro lugar. Se concorren na oferta cunha presentada presencialmente ou cunha presentada por vía telemática durante a realización da poxa, daráselle preferencia á presentada en sobre cerrado ou con poxa automática.

Sen interrupción e de forma sucesiva, iranse poxando os demais bens ou lotes, con respecto da orde xa citada, e se para algún non houberse poxas, pasarase ao que o siga. A poxa dos bens dun obrigado ao pagamento darase por terminada cando co importe dos bens adxudicados se cubra a totalidade dos débitos exixibles.

Cando na licitación non se cubrixe a débeda e quedasen bens sen adxudicar, a mesa anunciará a iniciación do trámite de adxudicación directa, que se levará a cabo dentro do prazo de seis meses, contado desde ese momento, conforme o procedemento establecido no artigo 107.

Non obstante, despois da celebración da primeira licitación, a mesa poderá acordar a celebración dunha segunda licitación, logo de deliberación sobre a súa conveniencia.

Se se acorda a procedencia de celebrar unha segunda licitación, anunciarase de forma inmediata e admitiranse poxas que cubran o novo tipo, que será o 75 por cento do tipo de poxa en primeira licitación.

Para tal fin abrirase un prazo de media hora para que os que desexen licitar constitúan os novos depósitos en relación co novo tipo de poxa dos bens que van ser alleados; para tal efecto, servirán os depósitos efectuados anteriormente. A segunda licitación desenvolverase coas mesmas formalidades ca a primeira. Os bens non adxudicados pasarán ao trámite de adxudicación directa regulado no artigo 107.

5. No caso de que se poxasen bens ou dereitos respecto dos cales, segundo a lexislación aplicable, existan interesados que teñan dereitos de adquisición preferente, acordada a adxudicación, esta comunicaráselles aos devanditos interesados. A adxudicación definitiva quedará en suspenso durante o prazo en que, segundo a lexislación aplicable, os interesados poidan exercer o seu dereito.

6. Terminada a poxa levantará acta o secretario da mesa. Posteriormente, procederáse a desenvolver as seguintes actuacións:

a) Devolver os depósitos que se constituísen salvo os pertencentes aos adxudicatarios, que se aplicarán ao pagamento do prezo de remate.

b) Instar os adxudicatarios a que efectúen o pagamento, coa advertencia de que, se non o completan nos 15 días seguintes ao da data de adxudicación, perderán o importe do depósito e quedarán obrigados a resarcir a Administración dos prexuízos que orixine a devandita falta de pagamento.

Non obstante, cando os adxudicatarios soliciten a posibilidade de pagamento prevista no artigo 101.1 por concorreren os requisitos previstos, instaranse para que efectúen o pagamento ao tempo do outorgamento da escritura pública de venda, realizándolles as mesmas advertencias sinaladas no parágrafo anterior. No caso de que a mesa acordase a constitución dun depósito adicional, instaranse para que o constituán no prazo improrrogable dos 10 días seguintes ao da adxudicación. O devandito depósito non poderá exceder da contía do depósito de garantía exixido para poder licitar na poxa. De non constituírse, o adxudicatario deberá efectuar o pagamento do prezo de remate de acordo co establecido no parágrafo anterior.

En caso de non-pagamento do prezo de remate polo adxudicatario, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poderá incorrer polos prexuízos que orixine a falta de pagamento do prezo de remate.

En caso de non-pagamento do prezo de remate polo adxudicatario, a mesa poderá optar entre acordar a adxudicación ao licitador que realizase a segunda oferta máis elevada, sempre e cando a manteña e esta non fose inferior en máis de dous tramos á que resultou non pagada, ou iniciar a adxudicación directa. Se a oferta é inferior en máis de dous tramos, iniciarase a adxudicación directa.

c) Instar os rematantes que exercitasen a opción prevista no artigo 103.3 a que, no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao de adxudicación, comuniquen a identidade do cesionario a cuxo nome se outorgará o documento público de venda, coa advertencia de que a devandita comunicación non altera o prazo de pagamento previsto na alínea b).

d) Entregarlles aos adxudicatarios, salvo nos supostos en que optasen polo outorgamento de escritura pública de venda previsto no artigo 111.1, certificación da acta de adxudicación dos bens, en que terá que constar, ademais da transcripción da propia acta no que se refire ao ben adxudicado e ao adxudicatario, a acreditación de se teren cumprido os seguintes trámites:

1.º Terse efectuado o pagamento do remate.

2.º Terse emitido en conformidade informe por parte do órgano con funcións de asesoramento xurídico sobre a observancia das formalidades legais no procedemento de constrinximento, cando fose solicitado polo órgano de recadación e, en todo caso, cando a adxudicación recaia sobre bens ou dereitos inscribibles no Rexistro da Propiedade.

A citada certificación constitúe un documento público de venda para todos os efectos e nela farase constar que queda extinguida a anotación preventiva feita no rexistro público correspondente a nome da Facenda pública. Así mesmo, tal e como se establece no artigo 111.3, expedirase mandamento de cancelación das cargas posteriores.

e) Practicar a correspondente liquidación, entregándolle o sobranse, de o haber, ao obrigado ao pagamento. Se este non o recibe, consignarase á súa disposición na

Caixa Xeral de Depósitos no prazo de 10 días desde o pagamento do prezo de remate.

Igualmente se depositará o sobranse cando existan titulares de dereitos posteriores aos da Facenda pública.

7. Cando, efectuada a poxa, non se adxudicasen bens suficientes para o pagamento da cantidade debida, sen prexuízo de formalizar a adxudicación dos rematados, quedará aberto o trámite de adxudicación directa polo prazo que se considere oportuno co límite de seis meses.

**Artigo 105. *Poxas a través de empresas ou profesionais especializados.***

1. O órgano de recadación competente poderalles encargar a execución material das poxas a empresas ou profesionais especializados.

2. Será aplicable en tales casos o disposto para as poxas nesta subsección, coas particularidades seguintes:

a) Non será necesaria a constitución de depósito previo para concorrer á licitación.

b) O desenvolvemento da licitación realizarase conforme as prácticas habituais deste tipo de actos.

c) A mesa, composta segundo establece o artigo 104.2, estará representada no acto de licitación por un dos seus compoñentes, que decidirá sobre as incidencias que puidesen xurdir no seu desenvolvemento.

d) Cando se paguen as cantidades establecidas no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no acto da poxa, o representante da mesa suspenderá a licitación dos bens correspondentes.

3. O representante da mesa estenderá dilixencia en que se fagan constar os elementos esenciais da poxa. A partir dese momento, a mesa de poxa actuará conforme o artigo 104.

**Artigo 106. *Alleamento por concurso.***

1. O alleamento de bens embargados só poderá realizarse por concurso:

a) Cando a venda do embargado, polas súas calidades ou magnitude, puidese producir perturbacións nocivas no mercado.

b) Cando existan outras razóns de interese público debidamente xustificadas.

2. O concurso deberá ser autorizado polo órgano competente e a súa convocatoria publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no boletín oficial correspondente á demarcación territorial do órgano de recadación a que estea adscrito o obrigado ao pagamento. Na devandita convocatoria sinalaranse os bens obxecto de alleamento, o prazo e as condicións para concorrer, a forma de pagamento e o depósito que haxa que realizar. Así mesmo, sinalaranse, se as houbese, as condicións especiais do concurso, referidas tanto aos requisitos dos concursantes como á retirada e utilización dos bens alleados.

No non previsto expresamente observarse o establecido para o alleamento por poxa.

3. Terminado o prazo de admisión de ofertas, o órgano competente decidirá adxudicar o concurso ou declaralo deserto nun prazo de cinco días.

A adxudicación farase á oferta máis vantaxosa, tendo en conta non só o aspecto económico, senón tamén o cumprimento de todas as condicións incluídas na convocatoria.

En caso de que o concurso se declare deserto poderase proceder posteriormente á adxudicación directa.

**Artigo 107. *Alleamento mediante adxudicación directa.***

1. Procederá a adxudicación directa dos bens ou dereitos embargados:

a) Cando, despois de realizados a poxa ou o concurso, queden bens ou dereitos sen adxudicar.

b) Cando se trate de produtos perecedoiros ou cando existan outras razóns de urxencia, xustificadas no expediente.

c) Noutros casos en que non sexa posible ou non conveña promover concorrência, por razóns xustificadas no expediente.

2. Se se trata de bens perecedoiros, no acordo de alleamento o órgano competente poderá establecer os límites e condicións da adxudicación directa e poderase, neste caso, prescindir da proposta de adxudicación a que se refire o número 5.

3. O órgano de recadación competente procederá no prazo de seis meses a realizar as xestións conducentes á adxudicación directa dos bens nas mellores condicións económicas, para o que utilizará os medios que considere máis áxiles e efectivos. Poderase acordar a participación por vía telemática. Así mesmo, o órgano de recadación competente poderalles exixir aos interesados un depósito na contía que se considere adecuada.

4. O prezo mínimo de adxudicación será:

a) Cando os bens fosen obxecto de concurso ou de poxa cunha soa licitación, o tipo do concurso ou a poxa.

b) Cando os bens fosen obxecto de poxa con dúas licitacións, non existirá prezo mínimo.

c) Cando os bens non fosen obxecto de concurso ou poxa, valoraranse con referencia a prezos de mercado e tratarase de obter, polo menos, tres ofertas. Se as ofertas non alcanzan o valor sinalado, poderanse adxudicar sen prezo mínimo.

5. En función das ofertas presentadas formulará, de ser o caso, proposta de adxudicación o órgano de recadación competente. Transcorrido o prazo a que se refire o número 3 sen se ditar acordo de adxudicación, darase por concluído o devandito trámite.

6. A adxudicación formalizarase mediante acta no caso do número 1.a) e por resolución do órgano de recadación competente nos demais casos.

7. Os bens seranlle entregados ao adxudicatario unha vez que se fixese efectivo o importe procedente.

8. No non previsto expresamente, observarase o establecido para o alleamento por poxa no que resulte aplicable. En particular, advertiráselle ao adxudicatario que, se non satisfai o prezo de remate no prazo establecido para o efecto, se aplicará o importe do depósito que, de ser o caso, constituíse no momento da cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir polos prexuízos que ocasione a falta de pagamento do prezo de remate.

9. Transcorrido o trámite de adxudicación directa, adxudicáraselle o ben ou dereito a calquera interesado que satisfaga o importe do tipo da última poxa celebrada antes de que se acorde a adxudicación dos bens ou dereitos á Facenda pública.

**Subsección 6.<sup>a</sup> *Adxudicación de bens e dereitos á Facenda pública***

**Artigo 108. *Competencia.***

Serán competentes para adxudicar bens ou dereitos á Facenda pública en pagamento de débedas non cubertas no curso do procedemento de constrinximento os órganos que estableza a norma de organización específica.

**Artigo 109. Adjudicación de bens e dereitos.**

1. Cando no procedemento de alleamento regulado na anterior subsección non se adjudicasen algún ou algúns dos bens embargados, o órgano de recadación competente poderalle propoñer de forma motivada ao órgano competente a súa adjudicación á Facenda pública en pagamento das débedas non cubertas.

Cando os bens embargados ou sobre os que se constituíse garantía fosen integrantes do patrimonio histórico español, poderase prescindir dos procedementos de alleamento previstos na subsección 5.<sup>a</sup> anterior e actuase conforme o disposto neste artigo.

2. Se se trata de bens inmobles que non teñan cargas ou gravames ou, mesmo ténndoos, o importe das devanditas cargas sexa inferior ao valor en que deban ser adjudicados segundo o artigo 172 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o órgano competente acordará a adjudicación. Non obstante, poderá non acordala cando existan circunstancias que permitan prever que os devanditos bens non terán utilidade para a Facenda pública; para tales efectos, solicitaráselle informe previo ao delegado de Economía e Facenda para a valoración das devanditas circunstancias.

Previamente ao acordo de adjudicación, poderáselle solicitar informe ao órgano con funcións de asesoramento xurídico cando a complexidade xurídica do expediente o requira.

Se as cargas ou gravames son superiores, o órgano competente consultaralle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado sobre a conveniencia da devandita adjudicación. Na consulta farase constar toda a información que permita tomar unha decisión razoada ao respecto.

O citado centro directivo contestará á consulta no prazo de tres meses. Se non contesta no devandito prazo ou a contestación é denegatoria, non se acordará a adjudicación.

En caso de contestación afirmativa, o órgano competente acordará a adjudicación.

Nas resolucións en que se acorde a adjudicación á Facenda pública farase constar, ademais, que os titulares de cargas reais verán diminuído o importe dos seus créditos cos débitos, se para a efectividade destes o Estado ten dereito de hipoteca legal tácita.

A diminución comezará polo último que figure na certificación do Rexistro da Propiedade, respectando as preferencias legalmente establecidas, e inscribírase neste, en virtude da resolución a que se refire este punto.

A adjudicación á Facenda pública con diminución dos créditos citados seralles notificada aos interesados.

3. Se se trata de bens mobles cuxa adjudicación se presuma que pode interesar á Facenda pública, o órgano competente poderá acordar a devandita adjudicación, unha vez tida en conta a previsible utilidade que puidese reportar a aquela e consultado, de ser o caso, o órgano ou entidade de dereito público que puidese utilizar os devanditos bens.

**Artigo 110. Inscripción e cancelación de cargas.**

1. Os bens inmobles adjudicados á Facenda pública serán inscritos no Rexistro da Propiedade en virtude de certificación expedida polo órgano de recadación competente, en que se farán constar as actuacións do expediente e os datos necesarios para a devandita inscrición, en cumprimento do que dispón o artigo 26 do Regulamento hipotecario, aprobado polo Decreto do 14 de febreiro de 1947.

2. Así mesmo, expedirase mandamento de cancelación das cargas posteriores con relación aos créditos executados, de acordo co disposto no artigo 175, regra 2.<sup>a</sup>, do regulamento citado.

**Subsección 7.<sup>a</sup> Actuacións posteriores ao alleamento****Artigo 111. Escritura pública de venda e cancelación de cargas.**

1. O adjudicatario poderá solicitar expresamente no acto da adjudicación o outorgamento de escritura pública de venda do inmovible.

Con carácter previo ao devandito outorgamento, remitirase o expediente ao órgano con funcións de asesoramento xurídico para que emita o preceptivo informe no prazo de cinco días desde a data de recepción do expediente de referencia. O órgano de recadación competente disporá o necesario para que se emenden os defectos que se observen.

2. Una vez devolto o expediente polo órgano con funcións de asesoramento xurídico, con informe de se teren observado as formalidades legais no procedemento de constrinximento, deberán ser outorgadas as escrituras de venda dos inmobles que fosen alleados dentro dos 15 días seguintes, logo da citación debidamente notificada aos obrigados ao pagamento ou aos seus representantes se os tivesen.

Se non comparecesen á citación, serán outorgadas de oficio tales escrituras a favor dos adjudicatarios polo órgano competente, que actuará en substitución do obrigado ao pagamento, facéndose constar nelas que queda extinguida a anotación preventiva feita no Rexistro da Propiedade a nome da Facenda pública.

3. Así mesmo, expedirase mandamento de cancelación das cargas posteriores con relación aos créditos executados, de acordo co disposto no artigo 175, regra 2.<sup>a</sup>, do Regulamento hipotecario.

**Artigo 112. Levantamento de embargo.**

1. Una vez cubertos o débito, os xuros e as custas do procedemento, o órgano de recadación levantará o embargo sobre os bens non alleados e acordará a súa entrega ao obrigado ao pagamento.

2. Se finalizados os procedementos de alleamento e, de ser o caso, adjudicación á Facenda pública, quedasen bens mobles sen adjudicar, quedarán á disposición do obrigado ao pagamento.

**Subsección 8.<sup>a</sup> Custas do procedemento de constrinximento****Artigo 113. Custas do procedemento de constrinximento.**

1. Teñen a consideración de custas do procedemento de constrinximento os gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. Estas custas seranlle exixidas ao obrigado ao pagamento.

2. Están comprendidos no concepto de custas do procedemento os seguintes gastos:

a) Os honorarios de empresas ou profesionais alleos á Administración que interveñan en valoracións, deslinde e alleamento dos bens embargados.

b) Os honorarios dos rexistradores e demais gastos que se deban aboar polas actuacións nos rexistros públicos.

c) Os que se deban aboar por depósito e administración dos bens embargados.

d) Os pagamentos realizados a acredores, segundo se dispón no artigo 77.2.

e) Os importes que o órgano de recadación competente satisfíxese como aluguer de negocio, naqueles casos en que o dereito de cesión do contrato de arrendamento do local de negocio fose embargado.

f) Os demais gastos que exixa e requira a propia execución.

3. Non se poderán incluír como custas os gastos ordinarios dos órganos da Administración.

**Artigo 114. Honorarios e gastos de depósito e administración.**

1. As empresas ou profesionais devengarán os seus honorarios conforme a tarifa que oficialmente teñan establecida ou de acordo coa contía que se estipulase no contrato celebrado coa Administración.

O pagamento destes servizos realizarase unha vez que fosen prestados e logo da conformidade do órgano de recadación competente, de acordo coas normas sobre procedemento de gastos e pagamentos públicos.

2. Os gastos que se ocasionen por actuacións dos rexistros públicos serán os establecidos na normativa vixente. As actuacións que consistan en facilitar información aos órganos de recadación terán carácter gratuito.

Os rexistradores ou encargados dos rexistros expedirán factura dos gastos que procedan e consignaranos nos mandamentos ou demais documentos que lles sexan presentados ou que expidan relacionados cos bens embargables.

O pagamento dos devanditos honorarios efectuarase unha vez realizado o alleamento dos bens ou cobrado o débito perseguido. Se o crédito resultase incobrable, o pagamento efectuarase unha vez practicada a liquidación de custas con cargo aos fondos habilitados para este fin.

3. Terán a consideración de gastos orixinados polos depósitos de bens embargados os seguintes:

- a) A retribución aos depositarios, se a houberse.
- b) Os de transporte, embalaxe ou acondicionamento, almacenaxe, mantemento, conservación, custodia e exhibición cando non estean incluídos na retribución citada na alínea a).
- c) Os orixinados polo desempeño de funcións de administración necesarios para a xestión dos bens nos casos previstos no artigo 95.

O pagamento dos servizos a que se refire este punto realizarase unha vez prestados, de acordo coas normas sobre procedemento de gastos e pagamentos públicos.

**Artigo 115. Liquidación das custas.**

1. Na liquidación definitiva de cada expediente de constrinximento incluíranse as custas correspondentes.

2. As custas que afecten varios obrigados ao pagamento e non se poidan imputar a cada un individualmente distribuiranse entre eles proporcionalmente ás súas respectivas débedas.

3. Ningunha partida de custas lle poderá ser exixida ao obrigado ao pagamento se o expediente non inclúe os recibos, facturas ou minutas de honorarios que a acrediten.

4. Ao lle entregar ao obrigado ao pagamento o correspondente xustificante de pagamento, farase constar neste, ou por separado, segundo proceda, o importe das custas ao seu cargo, detallando os conceptos a que correspondan.

5. Procederá a devolución das custas satisfeitas nos casos de anulación da liquidación ou do procedemento de constrinximento en que se causasen.

6. Cando, ultimado un procedemento administrativo de constrinximento e practicada liquidación, as cantidades obtidas non cubrisen o importe das custas devengadas, a parte restante será por conta da Administración.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> TERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO**

**Artigo 116. Terminación do procedemento de constrinximento.**

1. Cando no procedemento de constrinximento resultasen satisfeitos os débitos perseguidos e as custas, declararase o devandito extremo no expediente de constrinximento, que quedará ultimado.

2. Cando o importe obtido fose insuficiente, aplicarase en primeiro lugar ás custas e seguidamente ás débedas cuxo cobramento se persegue no procedemento segundo as regras de imputación do artigo 63 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo do previsto nas alíneas a) e b) do seguinte punto. Pola parte non satisfeita actuarase de acordo co disposto para os créditos incobrables nos artigos 61 a 63 deste regulamento.

3. Cando no caso anterior o expediente inclúa varios débitos, unha vez aplicado o importe obtido ás custas, co resto seguiranse as normas seguintes:

a) En primeiro lugar, aplicaranse as cantidades obtidas que estean afectadas singularmente ao pagamento de débedas determinadas, sexa por garantía, dereito real ou outras de igual significación.

b) Aplicadas as anteriores, teranse en conta as preferencias xenéricas establecidas a favor de determinadas clases de créditos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como noutras leis aplicables.

c) Realizadas as aplicacións anteriores, se existe sobranse, aplicarase por orde de antigüidade dos créditos, determinado pola data en que a débeda foi exixible.

**SECCIÓN 4.<sup>a</sup> TERZARÍAS**

**Artigo 117. Carácter da terzaría.**

1. A reclamación en vía administrativa será requisito previo para o exercicio da acción de terzaría ante os xulgados e tribunais civís. A devandita reclamación tramitarase e resolverase polas normas contidas nesta sección.

2. A terzaría só se poderá fundar no dominio dos bens embargados ao obrigado ao pagamento ou no dereito do terceirista a ser reintegrado do seu crédito con preferencia ao que é obxecto do expediente de constrinximento.

3. Non poderá ser cualificada como reclamación de terzaría a formulada polo obrigado ao pagamento.

**Artigo 118. Competencias en materia de terzarías.**

A competencia para a tramitación da terzaría, así como a competencia para a súa resolución, corresponde aos órganos que se determinen na norma de organización específica.

**Artigo 119. Forma, prazos e efectos da interposición da terzaría.**

1. A reclamación de terzaría formularase por escrito, xuntando os documentos orixinais en que o terceirista funde o seu dereito e copia destes, se desexa que lle sexan devoltos, logo do cotexo. O escrito dirixirase ao órgano que estea tramitando o procedemento de constrinximento, o cal o remitirá ao órgano competente para a súa tramitación.

Se o escrito de reclamación non reúne os requisitos exixibles ás solicitudes que se dirixan á Administración ou o terceirista non achega os documentos orixinais nos cales poida fundar o seu dereito ao escrito de reclamación, o órgano competente para a tramitación requirirá para que emende a súa falta, para o que disporá dun prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, coa advertencia expresa de que, de non facelo así, se procederá ao arquivo da reclamación.

Recibida a documentación ou, de ser o caso, emendados os defectos observados na presentada, ditarase, se procede, acordo de admisión a trámite que lles será notificado ao terceirista e ao obrigado ao pagamento. O devandito acordo deberá ser ditado no prazo de 15 días desde que se reciba a reclamación ou se entendan emendados os defectos.

2. Non se admitirá segunda ou ulterior terzaría fundada en títulos ou dereitos que posúe o terceirista ao tempo de formular a primeira.

A terzaría de dominio non se admitirá con posterioridade ao momento en que, de acordo co disposto na lexislación civil, se produza a transmisión dos bens ou dereitos a un terceiro que os adquira a través dos procedementos de alleamento previstos neste regulamento, ou á Facenda pública pola súa adxudicación en pagamento.

A terzaría de mellor dereito non se admitirá despois de percibirse o prezo da venda mediante a execución forzosa ou, no suposto de adxudicación dos bens ou dereitos ao executante, despois de que este adquira a súa titularidade conforme o disposto na lexislación civil.

O acordo de inadmisión deberalles ser notificado ao terceirista e ao obrigado ao pagamento. Contra o devandito acordo non procederá recurso ou reclamación en vía administrativa.

3. Recibido o escrito e os documentos que o teñen que acompañar, unirase ao expediente de constrinximento, cualificarase a terzaría como de dominio ou de mellor dereito e, de terse presentado en tempo e forma, suspenderase ou proseguirá o procedemento sobre os bens ou dereitos controvertidos, segundo o disposto no artigo 165.4 e 5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nos puntos seguintes deste artigo.

4. Se a terzaría fose de dominio, unha vez admitida a trámite, produciranse os seguintes efectos:

a) Adoptaranse as medidas de aseguramento que procedan segundo a natureza dos bens. Entre outras, poderase practicar anotación de embargo nos rexistros correspondentes ou realizarse o depósito dos bens. Unha vez adoptadas tales medidas, suspenderase o procedemento de constrinximento respecto dos bens ou dereitos obxecto da terzaría.

b) Se os bens consisten en diñeiro, en efectivo ou en contas, consignarase o seu importe na Caixa Xeral de Depósitos ou ordenarase a súa retención en contas á disposición do órgano de recadación competente, segundo decida este.

c) Se os bens ou dereitos non se poden conservar sen sufrir deterioración ou quebrantamento substancial no seu valor en caso de demora, o órgano de recadación competente poderá acordar o seu alleamento de acordo co previsto neste regulamento e consignarase neste caso o importe obtido a resultas da resolución da reclamación de terzaría.

d) O procedemento seguirá con respecto aos demais bens e dereitos do obrigado ao pagamento que non fosen obxecto da terzaría ata quedar satisfeita a débeda; neste caso, deixarase sen efecto o embargo sobre os bens e dereitos controvertidos, sen que iso supoña recoñecemento ningún da titularidade do reclamante e procederase ao arquivo da reclamación de terzaría formulada.

5. Se a terzaría fose de mellor dereito, unha vez admitida a trámite, proseguirase o procedemento de constrinximento ata a realización dos bens ou dereitos e consignarase o importe obtido a resultas da reclamación de terzaría. Non obstante, poderase suspender a súa execución se o terceirista consigna o importe da cantidade a que se refire artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou o valor do ben a que se refire a terzaría se este último fose inferior. Para estes efectos, a valoración do ben realizarase conforme o disposto no artigo 97 deste regulamento.

Igualmente, se os bens consistisen en diñeiro, en efectivo ou en contas, poderase acordar a consignación do seu importe na Caixa Xeral de Depósitos ou a súa retención en contas á disposición do órgano de recadación competente, segundo decida este.

#### Artigo 120. *Tramitación e resolución da terzaría.*

1. No prazo de 15 días desde a admisión a trámite da terzaría presentada, o órgano competente para a tramitación remitirá a reclamación, xunto coa documentación achegada e o expediente de constrinximento, ao órgano competente para a súa resolución. Tamén remitirá unha proposta de resolución debidamente motivada.

O órgano competente para resolver poderá ordenar que se complete o expediente cos antecedentes, informes, documentos e datos que resulten necesarios. Igualmente, deberá solicitar informe do correspondente órgano con funcións de asesoramento xurídico, que deberá emitilo no prazo de 15 días. A solicitude de informe irá acompañada de todos os documentos do expediente de constrinximento que poidan ter transcendencia para a resolución da terzaría.

2. A resolución deberase notificar no prazo de tres meses.

Transcorrido o devandito prazo sen que se notificase a resolución, poderase entender desestimada a reclamación para os efectos de formular a correspondente demanda xudicial.

3. Se transcorridos 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación a que se refire o punto anterior, non se xustificase documentalmente, ante o órgano competente para tramitar a reclamación de terzaría, a interposición da demanda xudicial, continuarán os trámites o procedemento de constrinximento que quedaron en suspenso.

4. O órgano con funcións de asesoramento xurídico que interveña nos procesos de terzaría ante os xulgados ou tribunais civís comunicaralles aos órganos que tramiten os procedementos de constrinximento as resolucións xudiciais firmes que recaian naqueles procesos.

#### Artigo 121. *Efectos da estimación da reclamación de terzaría.*

1. Se a terzaría fose de dominio, a estimación da reclamación determinará o levantamento do embargo acordado sobre os bens ou dereitos obxecto da reclamación, salvo no suposto de que se acordase previamente o seu alleamento por non se poder conservar sen sufrir deterioración ou quebrantamento substancial no seu valor en caso de demora; neste caso, seralle entregado ao reclamante o produto obtido naquela coa oportuna liquidación do xuro legal ao seu favor sobre a cantidade percibida calculado desde a data de consignación do depósito e ata a ordenación do pagamento.

2. Se a terzaría fose de mellor dereito, a estimación da reclamación determinará a entrega ao reclamante do produto obtido na execución, unha vez deducidos os custos necesarios para a súa realización no procedemento administrativo de constrinximento.

#### Artigo 122. *Terzarías a favor da Facenda pública.*

Cando ao se efectuar o embargo de bens se comprobe que estes xa foron embargados no seo doutro procedemento executivo, xudicial ou administrativo, informarase o órgano competente co detalle necesario para que este llo comunique ao órgano con funcións de asesoramento xurídico, co fin de que, se se considera procedente, se exerciten as accións pertinentes en defensa do mellor dereito da Facenda pública.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> ACTUACIÓNS DA FACENDA PÚBLICA EN PROCEDIMENTOS CONCURSAIS E NOUTROS PROCEDIMENTOS DE EXECUCIÓN

#### Artigo 123. *Actuacións da Facenda pública en procedementos concursais e noutros procedementos de execución.*

1. Cando os dereitos da Facenda pública se teñan que exercer ante os órganos xudiciais, esta iniciará o pro-

ceso correspondente ou constituírase como parte no proceso xa iniciado conforme a normativa legal que resulte de aplicación

2. Os órganos de recadación competentes poderán solicitar dos órganos xudiciais a información sobre os procedementos que poidan afectar os dereitos da Facenda pública cando a devandita información non estea dispoñible a través da representación procesual. Así mesmo, poderán solicitar información para tal efecto da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e dos demais órganos de recadación sobre créditos pendentes de cobramento.

3. Os órganos de recadación remitirán ao órgano con funcións de asesoramento xurídico os documentos necesarios para a defensa dos dereitos da Facenda pública. Os créditos da Facenda pública quedarán xustificadas mediante certificación expedida polo órgano competente.

4. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación, coas especialidades adecuadas a cada caso, a calquera procedemento non xudicial de execución de bens en que resulten afectados os dereitos da Facenda pública.

5. Cando se vaia solicitar a declaración de concurso ou se declarase un concurso que afecte créditos que non sexan de titularidade da Facenda pública estatal e cuxa xestión recadatoria estea realizando a Axencia Estatal de Administración Tributaria en virtude de convenio, observarse o establecido no convenio.

En defecto de convenio, a Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicarlle os créditos que fosen ou deban ser certificados no proceso ao titular dos créditos co fin de que poida asumir directamente a representación e defensa daqueles. Do mesmo modo, previamente á subscripción ou adhesión a un convenio ou acordo que poida afectar tales créditos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria dará traslado do seu contido ao titular daqueles, entendéndose que presta a súa conformidade se no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento non manifestase o contrario.

6. Cando a Administración tributaria sexa nomeada administrador concursal, corresponderalle ao órgano que se determine na norma de organización específica aceptar o nomeamento ou rexeitalo en virtude de xusta causa.

## TÍTULO IV

### Procedemento fronte a responsables e sucesores

#### CAPÍTULO I

##### Responsables

#### Artigo 124. *Declaración de responsabilidade.*

1. O procedemento de declaración de responsabilidade iniciárase mediante acordo ditado polo órgano competente que deberá ser notificado ao interesado.

O trámite de audiencia será de 15 días contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do devandito prazo.

O prazo máximo para a notificación da resolución do procedemento será de seis meses.

2. As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas ou as solicitudes de suspensión do procedemento de recadación efectuadas por un responsable non afectarán o procedemento de recadación iniciado fronte aos demais responsables das débedas a que se refiran as devanditas solicitudes.

3. Cando o procedemento para declarar a responsabilidade o inicien os órganos competentes para ditar a liquidación e a devandita declaración non se notificase con anterioridade ao vencemento do período voluntario de pagamento da débeda resultante da liquidación, o procedemento para declarar a responsabilidade darase por concluído sen máis trámite, sen prexuízo de que con posterioridade poidan iniciar un novo procedemento os órganos de recadación; para tal efecto, as actuacións realizadas no curso do procedemento inicial, así como os documentos e outros elementos de proba obtidos no devandito procedemento, conservarán a súa validez e eficacia para os efectos probatorios en relación co mesmo ou outro responsable.

4. Para os efectos do disposto no artigo 174.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a resolución dun recurso ou reclamación interpostos contra un acordo de declaración de responsabilidade, no cal a devandita resolución se refira ás liquidacións ás cales alcance o pre-suposto de feito, non afectará aqueles obrigados tributarios para os cales as liquidacións adquirisen firmeza.

5. Naqueles casos en que, como consecuencia do desenvolvemento do procedemento recadatorio seguido fronte ao debedor principal ou, de ser o caso, fronte ao responsable solidario, se determinase a súa insolvencia parcial nos termos do artigo 76.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderase proceder á declaración de falido daqueles, para os efectos previstos no seu artigo 41.

6. Se o debedor principal ou os responsables solidarios fosen declarados insolventes pola parte non derivada aos responsables subsidiarios, poderá procederse, de ser o caso e tras a correspondente declaración de falido por insolvencia total, á derivación aos devanditos responsables subsidiarios do resto de débeda pendente de cobramento.

#### Artigo 125. *Certificación por adquisición de explotacións ou actividades económicas.*

1. As certificacións a que se refire o artigo 175.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberán conter o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa do obrigado tributario titular da explotación ou actividade económica e unha relación detallada das débedas, sancións e responsabilidades tributarias derivadas do seu exercicio, con indicación da contía de cada unha delas. Nesta certificación non se poderán incluír referencias a obrigas tributarias ou sancións que non estean liquidadas no momento da expedición da certificación.

2. Non producirán efecto as certificacións, calquera que sexa o seu contido, se a data de presentación da solicitude para a súa expedición resultase posterior á de adquisición da explotación ou actividade económica de que se trate.

3. A exención ou limitación da responsabilidade derivada destas certificacións producirá efectos unicamente respecto das débedas para cuxa liquidación sexa competente a Administración da cal se solicita a certificación.

4. Cando non se solicitase a certificación, a responsabilidade alcanzará as débedas e responsabilidades liquidadas ou pendentes de liquidación e as sancións impostas ou que se poidan impoñer.

#### Artigo 126. *Certificado expedido por instancia dos contratistas ou subcontratistas de obras e servizos.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 43.1.f) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, consideraranse incluídas na actividade económica principal das persoas ou entidades que contraten ou subcontraten a

execución de obras ou a prestación de servizos todas as obras ou servizos que, pola súa natureza, de non teren sido contratados ou subcontratados, deberían ter sido realizados pola propia persoa ou entidade que contrata ou subcontrata por resultaren indispensables para a súa finalidade produtiva.

2. Para a emisión do certificado regulado neste artigo entenderase que o solicitante está ao día nas súas obrigas tributarias cando se verifique a concorrencia das seguintes circunstancias:

a) Estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas, cando se trate de suxeitos pasivos non exentos do devandito imposto, e no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores en calquera caso.

b) Ter presentado as autoliquidacións que correspondan polo imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre sociedades ou o imposto sobre a renda de non-residentes.

c) Ter presentado as autoliquidacións e a declaración resumo anual correspondentes ás obrigas tributarias de realizar pagamentos á conta.

d) Ter presentado as autoliquidacións, a declaración resumo anual e, de ser o caso, as declaracións recapitulativas de operacións intracomunitarias do imposto sobre o valor engadido.

e) Ter presentado as declaracións exixidas con carácter xeral en cumprimento da obriga de subministración de información regulada nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

f) Non manter co Estado débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que estean aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

g) Non ter pendentes de ingreso responsabilidades civís derivadas de delito contra a Facenda pública declaradas por sentenza firme.

As circunstancias indicadas nas alíneas b) a e) referiranse a autoliquidacións ou declaracións cuxo prazo de presentación vencese nos 12 meses precedentes ao mes inmediatamente anterior á data da certificación.

3. Na solicitude do certificado específico deberase facer constar a identificación completa do pagador para o que deba producir efectos. En caso de que sexan varios os pagadores, faranse constar os datos identificativos de todos eles, sen prexuízo de que se emita un certificado individual por cada un.

A Administración tributaria establecerá mecanismos mediante os cales se posibilite o acceso, coas debidas garantías de confidencialidade e seguridade, por parte do solicitante e do pagador á información sobre o estado de tramitación da solicitude, para os efectos previstos no punto seguinte.

4. O certificado ou a súa denegación deberá quedar á disposición do interesado no prazo de tres días. O devandito prazo será dun mes cando se solicite con ocasión da presentación telemática da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre sociedades. Cando as devanditas declaracións se presenten por outros medios, o prazo será de seis meses.

Os anteditos prazos contarán desde a data de recepción da solicitude por parte do órgano competente para a súa emisión, que será o que se determine na norma de organización específica.

O solicitante poderá entender emitido o certificado a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para que a devandita emisión se produza, podendo obter da Administración tributaria comunicación acreditativa de tal circunstancia, que se terá que emitir de forma inmediata.

A falta de emisión do certificado acreditada polo devandito documento terá eficacia fronte ao pagador e determinará a exoneración de responsabilidade para o

que, con tal condición, figure na solicitude de certificado presentada polo contratista ou subcontratista.

A devandita exoneración de responsabilidade estenderase aos pagamentos que se realicen durante o período de 12 meses contado desde a data en que o certificado se entenda emitido.

Terá a consideración de pagamento a aceptación de efectos cambiarios durante o período a que fai referencia o parágrafo anterior, incluso cando o vencemento daqueles se produza con posterioridade á finalización do devandito prazo.

## CAPÍTULO II

### Sucesores

#### Artigo 127. *Procedemento de recadación fronte aos sucesores.*

1. Falecido calquera obrigado ao pagamento dunha débeda, o procedemento de recadación continuará cos seus herdeiros e, de ser o caso, legatarios, sen máis requisitos ca a constancia do falecemento daquel e a notificación ao sucesor do requirimento para o pagamento da débeda e custas pendentes do causante, con subrogación para estes efectos na mesma posición en que se encontraba o causante no momento do falecemento e sen prexuízo do disposto no artigo 182.3, primeiro parágrafo, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Na notificación ao sucesor requiriráselle o pagamento da débeda nos seguintes prazos:

a) Se o falecemento do obrigado ao pagamento se produce dentro do período voluntario, requirirase o sucesor para que realice o pagamento dentro do prazo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se o falecemento do obrigado ao pagamento se produce antes da notificación da providencia de constrinximento, notificaráselle ao sucesor a devandita providencia. Se realiza o pagamento antes da notificación da providencia de constrinximento, exixiráselle a recarga executiva.

c) Se o falecemento se produce unha vez notificada a providencia de constrinximento ao obrigado ao pagamento e antes da finalización do prazo do artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, requirirase o sucesor para que realice o pagamento da débeda e a recarga de constrinximento reducida do 10 por cento no prazo do artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, coa advertencia de que, en caso de non efectuar o ingreso do importe total da débeda pendente, incluída a recarga de constrinximento reducida do 10 por cento, no devandito prazo, se procederá ao embargo dos seus bens ou á execución das garantías existentes para o cobramento da débeda con inclusión da recarga de constrinximento do 20 por cento.

d) Se o falecemento se produce despois da finalización do prazo do artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, requirirase o sucesor para que realice o pagamento da débeda e a recarga de constrinximento ordinaria nos prazos establecidos no devandito artigo.

Cando o herdeiro alegue ter feito uso do dereito a deliberar, esperarase a que transcorra o prazo concedido para iso, durante o cal poderá solicitar da Administración unha certificación das débedas do causante con efectos meramente informativos.

A Administración, unha vez acreditada de forma que faga fe a condición de herdeiro do solicitante, expedirá un certificado que deberá conter o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identifica-

ción fiscal, último domicilio do causante e do herdeiro e detalle das débedas e demais responsabilidades do causante pendentes na data de expedición do certificado.

2. Mentres estea a herdanza xacente, o procedemento de recadación das débedas pendentes poderase dirixir ou continuar contra os bens e dereitos da herdanza. As actuacións entenderanse con quen teña a administración ou representación desta, nos termos sinalados no artigo 45.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A suspensión do procedemento de recadación, nos termos sinalados no artigo 177.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando o herdeiro alegue ter feito uso do dereito a deliberar conforme a lexislación civil, non afectará as posibles actuacións recadatorias que se leven a cabo fronte á herdanza xacente.

3. Desde que conste que non existen herdeiros coñecidos ou cando os coñecidos renunciaren á herdanza ou non a aceptasen expresa ou tacitamente, poranse os feitos en coñecemento do órgano competente, o cal dará traslado ao órgano con funcións de asesoramento xurídico para os efectos de que se solicite a declaración de herdeiro que proceda, sen prexuízo da continuación do procedemento de recadación contra os bens e dereitos da herdanza.

4. Disolta unha sociedade, entidade ou fundación, o procedemento de recadación continuará cos seus socios, partícipes, cotitulares ou destinatarios, que se subrogarán para estes efectos na mesma posición en que se encontraba a sociedade, entidade ou fundación no momento da extinción da personalidade xurídica. Na notificación ao sucesor requiriráselle o pagamento da débeda nos seguintes prazos:

a) Se a extinción da personalidade xurídica se produce dentro do período voluntario, notificaráselle ao sucesor para que realice o pagamento dentro do prazo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se a extinción da personalidade xurídica se produce antes da notificación da providencia de constrinximento, notificaráselle ao sucesor a devandita providencia. Se realiza o pagamento antes da notificación da providencia de constrinximento, exixiráselle a recarga executiva.

c) Se a extinción da personalidade xurídica se produce unha vez notificada a providencia de constrinximento ao obrigado ao pagamento e antes da finalización do prazo do artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, requirirase o sucesor para que realice o pagamento da débeda e a recarga de constrinximento reducida do 10 por cento no prazo do artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, coa advertencia de que, en caso de non efectuar o ingreso do importe total da débeda pendente, incluída a recarga de constrinximento reducida do 10 por cento, no devandito prazo, se procederá ao embargo dos seus bens ou á execución das garantías existentes para o cobramento da débeda con inclusión da recarga de constrinximento do 20 por cento.

d) Se a extinción da personalidade xurídica se produce despois da finalización do prazo do artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, requirirase o sucesor para que realice o pagamento da débeda e a recarga de constrinximento ordinaria nos prazos establecidos no devandito artigo.

5. Nos supostos de entidades sen personalidade xurídica terase en conta o momento de disolución para a aplicación das regras anteriores.

6. Non se aplicará o límite contido no artigo 40.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, aos supostos de disolución sen liquidación.

## TÍTULO V

### Disposicións especiais

Artigo 128. *Exacción da responsabilidade civil por delito contra a Facenda pública.*

1. Se un debedor á Facenda pública fose responsable civil por delito contra a Facenda pública, a débeda derivada da responsabilidade civil acumularase ao procedemento administrativo de constrinximento que, de ser o caso, se siga contra o debedor, para os efectos da práctica de dilixencias de embargo, trabas e alleamento de bens. O importe derivado da responsabilidade civil non se poderá incrementar nas recargas do período executivo.

A Facenda pública exixirá, xunto coa responsabilidade civil a que se refire o número 1 da disposición adicional décima da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os xuros que se devenguen sobre o importe da devandita responsabilidade desde a data da firmeza da resolución xudicial ata a data de ingreso no Tesouro e as custas do procedemento de constrinximento, salvo que o xuíz ou tribunal acordase outra cosa.

2. Contra os actos do procedemento administrativo de constrinximento ditados polos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a exacción da responsabilidade civil por delito contra a Facenda pública poderase interpor recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa, salvo que os motivos de impugnación aducidos se refiran á adecuación ou conformidade dos actos de execución impugnados coa sentenza que fixase a responsabilidade civil por delito contra a Facenda pública obxecto de exacción polo procedemento de constrinximento; neste caso, a cuestión deberase formular ante o xuíz ou tribunal competente para a execución.

3. En caso de incumprimento do fraccionamento de pagamento da responsabilidade civil acordada polo xuíz ou tribunal conforme o artigo 125 do Código penal, exixirase a totalidade do importe pendente polo procedemento de constrinximento. Neste caso, non procederá aplicar recargas do período executivo pero exixiranse os xuros que correspondan.

4. Para dar cumprimento ao establecido no número 4 da disposición adicional décima da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os órganos competentes para a exacción da responsabilidade civil por delito contra a Facenda pública informarán o xuíz ou tribunal de calquera incidente que se poida producir na execución encomendada e, en todo caso, das seguintes actuacións e acordos:

a) Os ingresos que se efectúen no procedemento de constrinximento.

b) Que se produciu o ingreso íntegro da débeda derivada da responsabilidade civil.

c) A declaración administrativa de falido dos responsables civís e a declaración administrativa de incobrable do crédito.

Disposición adicional primeira. *Órganos equivalentes das comunidades autónomas, cidades con Estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas, das cidades con Estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla ou das entidades locais determinaranse conforme o establecido na súa normativa específica.

2. As referencias realizadas a órganos do Estado entenderanse aplicables, cando sexan competentes por razón da materia, aos órganos equivalentes das comuni-

dades autónomas, cidades con Estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.

**Disposición adicional segunda.** *Criterios de coordinación da Axencia Estatal de Administración Tributaria coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social en procesos concursais.*

1. Para os efectos do disposto no último parágrafo do artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e cos límites do artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos procesos concursais en que concorran créditos da Facenda pública estatal cuxa xestión recadatoria corresponda á Axencia Estatal de Administración Tributaria con créditos da Seguridade Social, cuxa xestión recadatoria corresponda a esta, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social intercambiarán a información, circunstancias e datos relativos aos devanditos procesos que consideren relevantes.

Sen prexuízo do que se poida establecer no oportuno convenio de colaboración, o devandito intercambio abranguerá polo menos a identificación e o domicilio do debedor, a existencia e o importe do crédito cuxa xestión corresponda a unha ou outra de ambas as entidades públicas; de ser o caso, a existencia e o grao de satisfacción dos créditos contra a masa, así como calquera outra circunstancia que se considere relevante.

2. As relacións entre os órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social implicados no proceso estarán presididas polos principios de colaboración e cooperación. Para tal efecto, promoverase a adopción de criterios comúns relativos, entre outros aspectos, á subscripción de acordos ou convenios.

3. A Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderán acordar a necesidade de lle comunicar previamente á outra parte a realización de determinadas actuacións. En particular, e entre outras, comunicaranse reciprocamente o seu propósito de promover o inicio dun proceso concursal ou de solicitar a apertura da fase de liquidación.

**Disposición adicional terceira.** *Asistencia mutua en materia de recadación.*

A asistencia mutua en materia de recadación rexeráse polo disposto na súa normativa específica.

**Disposición adicional cuarta.** *Norma de organización específica.*

A norma de organización específica a que se refire este regulamento deberá ser aprobada no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria antes da súa entrada en vigor e deberase efectuar a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

**Disposición transitoria primeira.** *Dereitos de traspaso.*

O disposto neste regulamento en relación co embargo dos dereitos de cesión do contrato de arrendamento de local de negocio será aplicable ao embargo dos dereitos de traspaso mentres estes subsistan.

**Disposición transitoria segunda.** *Obtención de información, facultades e adopción de medidas cautelares na xestión recadatoria.*

O disposto no artigo 10 deste regulamento rexeráse polo Regulamento xeral da inspección dos tributos, apro-

bado polo Real decreto 939/1986, do 25 de abril, mentres non se diten as normas regulamentarias de desenvolvemento dos artigos 93, 94, 142 e 146 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

**Disposición transitoria terceira.** *Réxime transitorio do Regulamento xeral de recadación.*

1. Este regulamento será de aplicación aos procedementos iniciados a partir do 1 de xullo de 2004 que non finalizasen no momento da súa entrada en vigor en canto ás actuacións que se realicen con posterioridade á devandita entrada en vigor, salvo o disposto no parágrafo seguinte.

As actuacións de alleamento de bens continuarán rexéndose pola normativa vixente antes da entrada en vigor deste regulamento cando o acordo de alleamento mediante poxa, a autorización para o alleamento por concurso ou o inicio do trámite de adxudicación directa se producisen antes da entrada en vigor deste regulamento.

2. As consecuencias do incumprimento dos acordos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos ditados antes da entrada en vigor deste regulamento serán as previstas no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

3. As notificacións dos acordos de denegación de aprazamentos, fraccionamentos ou compensacións ditados antes da entrada en vigor deste regulamento, relativos a aprazamentos, fraccionamentos ou compensacións solicitados en período voluntario de ingreso, incluírán os prazos de pagamento e o cálculo da liquidación dos xuros de demora de acordo co previsto nos artigos 108 e 56.3.a) do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, respectivamente.

**Disposición derradeira única.** *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste regulamento.

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**14835** *ORDE TAS/2763/2005, do 26 de agosto, pola que se distribúen territorialmente fondos complementarios para formación continua xestionados polas comunidades autónomas para o ano 2005. («BOE» 211, do 3-9-2005.)*

O Real decreto lei 7/2005, do 22 de abril, modificou a Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, en materia de financiamento da formación continua, permitindo incrementar os fondos para transferir ás comunidades autónomas para a súa xestión.

O artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, establece que a conferencia sectorial correspondente fixará os criterios obxectivos que sirvan de base para a distribución territorial dos créditos de subvencións cuxa xestión asumiron as comunidades autónomas e que os compromisos financeiros resultantes serán formalizados mediante acordo do Consello de Ministros.